

Cultura e humor

XII Curso de Primavera

Lugo 19-22 de abril de 2016

Homenaxe a Celestino

Fernández de la Vega

(1914-1986)



EDICIÓN A CARGO DE
M^a Xesús Vázquez Lobeiras
Alexandre Veiga

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

publicacións

Cultura e humor

CURSOS E CONGRESOS DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Nº 245

CULTURA E HUMOR

Homenaxe a Celestino Fernández de la Vega
(1914-1986)

XII Curso de Primavera
Lugo, 19-22 de abril de 2016

EDICIÓN A CARGO DE
M^a Xesús Vázquez Lobeiras
Alexandre Veiga



2018

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2018

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2018.1121>

ÍNDICE

Presentación.....	7-14
Carmen BLANCO: Sorriso sempre. Se eu fose autora: Castelao, Quino e Woody Allen.....	15-25
Félix CABALLERO WANGÜEMERT: A retranca como autodefensa e a súa confusión co sarcasmo e outras formas agresivas de humor.....	27-35
Eva CASTRO CARIDAD: <i>Risum et morsum</i> : humor y crítica en la poesía latina. A propósito de Celestino Fernández de la Vega y su visión de los clásicos.....	37-44
Carmen CONDE GAUTE: Dúas beiras do humor: a cultura galega e a arxentina a través do seu humorismo.....	45-61
Francisco CONDE SOTO: O sorriso do capitalista en <i>O capital</i> de Marx: chiste, humor ou comicidade?.....	63-71
Françoise DUBOSQUET: <i>Reír es llorar</i> o una mirada al filo del carboncillo.....	73-82
António JOSÉ FERREIRA AFONSO: Nos 400 anos da morte de Miguel de Cervantes. Marcas cervantinas na literatura portuguesa com particular relevância na obra de António José da Silva, «O Judeu»...	83-106
Theodora GRIGORIADOU: El humor satírico en los traductores áureos de Luciano de Samósata.....	107-114
Denís IGLESIA-VILANOVA: Desacreditando ao adversario. O <i>ridiculum</i> como arma na propaganda política romana tardo-republicana.....	115-132
Santiago LÓPEZ GÓMEZ & Rosa M.ª RIVAS TORRES: Trastornos del humor: teoría de la mente y autismo.....	133-157
Cristina PATIÑO EIRÍN: <i>Los hilos del ovillo</i> : amor y humor en el epistolario Pardo Bazán - Pérez Galdós.....	159-171
Montse PENA PRESAS & Isabel FERNÁNDEZ LÓPEZ: Humor e literatura infantil: unha achega dende a formación lectora.....	173-183
Claudio RODRÍGUEZ FER: Teoría da relatividade humorística de Woody Allen.....	185-197
María Xesús VÁZQUEZ LOBEIRAS: Humor e enxeño (<i>Witz</i>) nos escritos de Immanuel Kant.....	199-210
Max-Jean ZINS: Salman Rushdie Y <i>Charlie Hebdo</i> : humores que matan.....	211-220

Presentación

A historia do pensamento é unha realidade cuxo perfil resulta moi difícil de delimitar. Para poder facelo habería que distinguir, en primeiro lugar, entre o contido de aqueles libros que empregan esta expresión como título e que adoitan ser ben voluminosos, mais, se estudamos neles ou simplemente lles botamos unha ollada, comprobamos tamén que son repetitivos: presentan un canon, unha escolma de autores, textos, conceptos e problemas que merecen o cualificativo de filosóficos e que semellan ter merecido tamén seren transmitidos a través do sistema de ensino formalmente regulado tanto no nivel medio como no nivel universitario. Se, pola contra, esquecemos os manuais de historia do pensamento ao uso e nos atopamos na situación de ter que cualificar certos libros que chegan ás nosas mans un pouco por casualidade, case completamente espidos e sos, moi sos, é dicir, pouco acompañados de lectores e sen formar parte do canon, entón a experiencia vivida é completamente diferente. A única certeza de que iso é pensamento é o tremor nas mans e no corazón ao lermolos, o impacto doce e ao mesmo tempo doloroso sobre a intelixencia e a mala conciencia por non os termos descuberto e lido antes, posto que, malia faltaren no canon, non estaban agochados no anonimato total. Tal cousa pode ocorrer, por exemplo, cando se cruza no noso camiño *O segredo do humor* (Vigo, 1963) de Celestino Fernández de la Vega, unha obra de extraordinaria calidade filosófica. Nela o autor penetra nun ámbito filosófico que —como tal— non existe e que el mesmo quere fundar e acoutar: a filosofía do humor. No tecido textual percíbense claramente as dificultades que tivo o propio autor, a súa necesidade de buscar apoio en todo outro libro ou documento, non só filosófico, senón tamén literario —ou en ámbitos como o cinema e o teatro—, que poida ser asociado directa ou indirectamente co humor. Nótase unha certa fragmentariedade discursiva: a dun libro feito aos poucos, con moito reparo, repensando moito o que se vai poñer sobre o papel, e que dá proba dunha radical inhibición psicolóxica para facer algo así como sentar cátedra; un libro escrito case que pedindo desculpas por facelo, mais un libro marabilloso, tan intelixente como culto, tan refinado como tenro; un libro cheo de agudeza, penetrante e sobre todo frutífero. Non fai falla máis que aproximarse a el para sentir que a proposta dunha filosofía do humor paga a pena. A proposta da filosofía do humor de Cilistro é totalmente orixinal; ninguén abordou a cuestión coa característica radicalidade filosófica coa que el o fixo, quizais esa orixinalidade teña dificultado a súa recepción.

No ano 2016 a Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo, decidiu adicar a XII edición do seu Curso de Primavera a Celestino Fernández de la Vega co gallo do trixésimo aniversario do seu pasamento no ano 1986. Mais a homenaxe á persoa realizouse mediante a reactivación do seu tema. Os Cursos de Primavera da Facultade de Humanidades definíronse sempre como unha actividade interdisciplinar. A

Presentación

praxe, ao longo da súa meritoria historia de mais dunha década, consiste en convocar ao profesorado da Facultade, que compón de seu unha comunidade interdisciplinar, a participar neles mediante a proposta dun tema cun enfoque amplo dabondo como para que se poda abordar con xeito dende a óptica de cada unha das áreas de coñecemento presentes na Facultade. Normalmente cóntase tamén con profesorado convidado doutras universidades. Nesta ocasión os organizadores do evento, a profesora María Xesús Vázquez Lobeiras e o profesor Alexandre Veiga Rodríguez, cursaron a convocatoria baixo a rúbrica «Cultura e Humor». O curso celebrouse no seu momento con éxito e ten como ulterior froito este libro, no que algúns dos participantes nos brindan os seus textos e as súas reflexións sobre o humor, evocando unha e outra vez o orixinal punto de partida de Celestino Fernández de la Vega, o grande descubridor da envergadura filosófica do tema.

Existen varios criterios que nos permiten determinar cando un tema é susceptible de ser abordado filosoficamente. No caso do tema do humor pódese aplicar aquel dito kantiano segundo o cal a pregunta última que recolle o espírito de calquera outra pregunta filosófica é a que reza: «Que é o ser humano?». O humor atinxe indubidablemente ao ser humano; trátase, de feito, dun trazo antropolóxico. Somos seres dotados de razón, de paixóns, de linguaxe, de transcendencia. Somos seres políticos, produtores de ciencia e de arte, que precisamos para vivir do ecosistema autoproducido que chamamos cultura. Somos todas esas cousas e moitas mais, sendo o humor unha máis entre as nosas capacidades fundamentais. Foi un acerto de Cilistro percatarse da magnitude deste trazo antropolóxico, no que el alicerza a súa filosofía do humor. Mais para o Curso de Primavera non abonda con que se trate dun bo tema dende o punto de vista filosófico, senón que se precisa que sexa apto para a abordaxe interdisciplinar. O ser humano é unha realidade indubidablemente complexa. O pensador contemporáneo Edgar Morin fala da nosa especie como a do *homo complexus* e sinala con acerto que unha realidade destas características só pode ser abordada comprensivamente de xeito interdisciplinar. Este punto de vista xustifica tamén a existencia de centros universitarios como a Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela. Mais, se o humor é un rasgo antropolóxico fundamental, o enfoque que mellor lle compre sen dúbida é o interdisciplinar, característico do traballo que se fai en Lugo, cada ano, na época que corresponde coa denominación Curso de Primavera e que enlaza cunha tradición local que se remonta aos anos cincuenta, cando na cidade a representación da universidade se reducía á Escola de Maxisterio e unha minoría de persoas cultas, moitas delas implicadas en tarefas docentes no ámbito do ensino medio, na súa grande maioría interlocutores de Celestino Fernández de la Vega nos cafés lucenses, decidiron organizar os bautizados daquela como Cursos de Primavera: ciclos de conferencias impartidas por profesores universitarios de recoñecido prestixio e con sede ou ben nas dependencias do Círculo das Artes ou ben nas do Instituto Masculino de Ensino Medio, hoxe chamado Lucus Augusti. O obxectivo de aqueles amantes do saber era dispor da mellor universidade durante uns días de primavera en Lugo. Mais de medio século despois, o campus universitario lucense, altamente desenvolvido, internacionalizado e punteiro en moitas das áreas de coñecemento presentes nel, emula o quefacer daqueles homes e mulleres con agarimo e agradecemento, a través dos Cursos de Primavera da Facultade de Humanidades.

A fecundidade do pensamento sobre o humor de Celestino Fernández de la Vega ponse de manifesto nos capítulos deste libro. Así, Carme Blanco evoca xa no título do seu traballo *Sorriso sempre. Se eu fose autora: Castelao, Quino e Woody Allen* a obra destes autores e pon a en relación co pensamento do Cilistro. Castelao, Quino e Woody Allen aparecen como eximios representantes dun humor que en non poucas ocasións se expresa interartísticamente, que resulta tan intelixente como crítico e, sobre todo, cheo da forza emancipadora que a autora reivindica no apartado final do seu texto cando fala dos «humores libres», propios das persoas libres e que precisan, segundo a autora, da mesma dose de intelixencia que de amor e son capaces de espertar o sorriso da humanidade.

No ronsel do humor galego navega tamén Félix Caballero Wangüemert no traballo titulado *A retranca como autodefensa e a súa recorrente confusión co sarcasmo e outras formas agresivas de humor*. O autor indaga nas fonduras da retranca galega, mal definida nos dicionarios e de dificultosa comprensión fóra de Galicia. Válese das análises xa desenvolvidas por Gondar, Siro López, Rutherford, Costa Clavell, Piñeiro e outros, e esclarece o fenómeno como unha actitude psicolóxica con función defensiva que medrou historicamente no espírito dun pobo lamentablemente destinado a existir á defensiva. Tal como sinala o autor, a palabra retranca designaba inicialmente unha peza das carruaxes coa función de freo. A retranca intervéñen nas relacións sociais como un freo, facendo recuar ao interlocutor e a un mesmo, e establecendo unha distancia moitas veces necesaria para sobrevivir en entornos cheos de hostilidade. Interésalle ao autor especialmente incidir no carácter defensivo da retranca e recorre para isto á comparanza co sarcasmo ou a sorna, considerados por el como manifestacións agresivas do humor. Pon o seu ollar tamén na evolución das manifestacións da retranca ao paso dos grandes cambios sociais ocorridos en Galicia. Fala así, seguindo a Rutherford, de retranca primitiva ou reactiva e da proactiva ou moderna, afirmando que esta última, ao perder a esencia defensiva da primitiva, pode chegar a mutar en sarcasmo.

A argumentación de Celestino Fernández de la Vega sobre o humor é seguida moi de preto por Eva Castro Caridad no seu traballo *Risum et morsum: humor y crítica en la poesía latina. A propósito de Celestino Fernández de la Vega y su visión de los clásicos*. Chámalle particularmente a atención á autora a aseveración de Fernández de la Vega segundo a cal nin o mundo antigo nin o mundo medieval coñeceron o humor, sendo este un fenómeno característico da modernidade e que non debe confundirse con outros como a comicidade. A autora ofrece unha revisión de autores tan importantes para o tema como Cicerón ou Quintiliano, citados tamén por Fernández de la Vega xunto con outros como Xuvenal, Horacio ou Luciano de Samósata, considerados tamén pola autora, que coincide con Fernández de la Vega en sinalar que o termo latino *humor/umor* facía referencia na Antigüidade a certos líquidos fundamentais na fisioloxía humana e era, polo tanto, un termo técnico da medicina que só no século XVIII acabaría mutando cara ao significado que hoxe en día lle damos. Malia a diferenza de significado dese vocábulo concreto, os romanos contaban con outros moitos para designaren faces do complexo fenómeno no humor; salientables entre eles son, p. ex., o *ridiculum*, a *dicasitas* ou o *cavillatio*, tamén coñecida como *festivitas*. Con estes indicadores a autora reivindica a existencia do humor tamén no mundo antigo, personificado particularmente en Cicerón, non só por mor das súas aportacións teóricas, senón moi particularmente polo seu talento.

Presentación

Dende a praxe do humor como opción profesional achegouse ao noso curso a ex alumna da Facultade de Humanidades Carme Conde Gaute, co traballo titulado *Dúas beiras do humor. A cultura galega e a arxentina a través do seu humorismo*. A autora ofrece aquí un percorrido polas manifestacións mais salientables do humor dunha nación como a arxentina, que é ao mesmo tempo caracterizada como nación humorística por excelencia, tinguida dun humor imprescindible para a supervivencia que en numerosas ocasións se achega a escuridade do humor negro diante dunha realidade tamén escura, pero que Conde Gaute acaba caracterizando como humor predominantemente benevolente, empregando así unha das categorías forxadas por Fernández de la Vega: un tipo de humor que arrinca o sorriso mesmo diante das situacións mais tráxicas. Salienta a autora tamén o indefectible carácter político do humor arxentino, o humor de un pobo que coñece a súa historia e fai dela tema de monólogos tan ácidos como liberadores. O seu percorrido remóntase ao pai da caricatura arxentina, Manuel Cao, nado en Cervo, na Mariña Lucense, que concebía o humor como unha forma de revolución e que sufriu varias detencións e ata un intento de asasinato polas súas caricaturas de políticos e militares arxentinos e pola denuncia que mediante o debuxo era capaz de facer chegar a tódalas clases sociais, tamén aos iletrados. Segue coa obra narrativa e coa testemuña vital de Macedonio Fernández, amigo do pai de Borges e que influíu sobre o el e sobre Cortázar. A década dos anos trinta retrátase por medio da tanguista Tita Merello e do autor de contos e novelas Roberto Arlt. Nos corenta destaca a actriz Nini Marschal, capacitada por natureza para imitar tódolos acentos cos que convivira durante a súa infancia no barrio do porto de Buenos Aires; autora sempre dos guiños que interpretaba, deu en crear a entrañable personaxe de Cándida, emigrante galega, criada de señoritos e capaz de arrincar riso e sorriso á Arxentina de Perón dende as salas do cinema. A autora continúa o seu percorrido desgranando nomes de artistas cómicos da televisión, do cinema, da radio e do teatro arxentinos, sobreviventes á ditadura, á democracia e ao *corralito*, e remata nos círculos *underground* bonaerenses nos que ela mesma se integrou e onde atopou a plataforma axeitada para proxectar a súa tarefa creativa.

Francisco Conde Soto presenta en *O sorriso do capitalista en O capital de Marx: chiste, humor ou comicidade?* a análise dunha pasaxe do texto de Marx que fai referencia ao sorriso que o capitalista esboza ao facerse dono da plusvalía. Bota man das categorías elaboradas por Fernández de la Vega para distinguir a comicidade do humor e tamén do punto de vista de Sigmund Freud para explicar o chiste en clave psicanalítica, e chega á conclusión de que a posición do capitalista se aproxima a un tipo de comicidade susceptible de mutar en odio. Remata o autor coa análise de situacións que se produciron na política recente tanto española como europea que poden parecer cómicas pero que encerran en si o xermolo da traxedia condensado en fortes doses de cinismo.

Françoise Dubosquet aborda en *Reír es llorar o una mirada al filo del carboncillo* aborda a obra gráfica de Andrés Rábago, El Roto, que acompaña a historia de España dende o final do Franquismo ata a actualidade. A autora entra na personalidade do artista gráfico mediante un breve percorrido biográfico seguido da análise do significado dos heterónimos empregados por el en diversas etapas e contextos históricos e publicísticos. Mediante a metáfora dunha casa con soto, primeira planta e primeiro andar, sitúa as etapas principais da obra de Andrés Rábago. O soto correspondería ao heterónimo OPS, unha sinatura que pode ser unha sigla ou ben unha interxección; en todo caso non chega a ser unha palabra. Segundo a autora,

esta etapa, na que o debuxo aparece sen texto, corresponde aínda á ditadura e caracterízase pola introspección con tintes surrealistas. A planta primeira equivale á etapa de El Roto na que Rábago deixa de lado a introspección para dirixir o seu ollar cara ao exterior. Decide facer uso de texto en osmose coa imaxe para lanzar cada día dende a súa viñeta unha mensaxe precisa que vai directa á conciencia do lector. Válese da sátira para a denuncia das falcatuadas do poder, pero tamén do adormecemento xeneralizado das consciencias que acaban facéndose cómplices, mesmo aínda que se atopen no lado dos oprimidos. A primeira planta do edificio representa a súa obra pictórica que se sitúa nun plano de conciencia case metafísico e explora a realidade espiritual esquecida e mesmo negada da alma. A autora remata cunha análise do estilo, sintético, que vai ao esencial, e tamén dos temas da obra gráfica de Andrés Rábago.

António José Ferreira Afonso, no traballo titulado *Marcas cervantinas na literatura portuguesa com particular incidência na obra de António José da Silva, «O Judeu»*, presenta os fitos principais da intensiva recepción que no país irmán se deu de *O Quixote*. Sitúase deste xeito no ronsel de Fernández de la Vega, quen consideraba esta obra, cumio das letras castelás, como o principal expoñente literario do humor. A recepción portuguesa comeza no mesmo ano da publicación da obra cervantina, que en 1605 ve a luz nas prensas de Lisboa, sendo reeditada dúas veces. A partires dese momento a recepción é moi intensa e deixa pegada incluso na linguaxe, coa incorporación do adxectivo «quixotesco» para todo aquilo que teña que ver co ridículo. Portugal está presente tamén no texto cervantino e mesmo na vida do autor, xa que se lle atribúe unha estadía en Lisboa e unha relación amorosa que daría lugar ao nacemento dunha filliña portuguesa. Especial atención merece a recreación das personaxes cervantinas feita por António José da Silva, «O Judeu», na peza de teatro cómico baixo o título *Vida do Grande D. Quixote de la Mancha e do Gordo Sancho Pança*, que circulaba de forma anónima por causa da Inquisición, da que o autor acabaría sendo vítima xunto con outros membros da súa familia. No informe da recepción do *Quixote* en Portugal que nos brinda este traballo aparecen, entre outros, nomes tan salientables da literatura portuguesa como Almeida Garrett, Castelo Branco, Teixeira de Pascoaes, Eça de Queirós, Miguel Torga ou Saramago. Conclúe o autor cunha cita na que ata o pobo portugués é cualificado de «intimamente quixotesco».

Theodora Grigoriadou, en *El humor satírico en los traductores áureos de Luciano de Samósata*, rememora a recepción da obra do sofista do século II. d. C., logo de ter ficado no esquecemento durante os dous séculos posteriores ao seu pasamento. A autora fai fincapé na recepción en España. A recuperación da obra de Luciano de Samósata ten que agardar á cultura bizantina, que a catapulta ao Renacemento italiano para proxectarse desde este contexto en tódalas direccións. Lese a Luciano en grego e admírase como expoñente do mellor estilo ático, mais de camiño comeza a súa tradución ao latín, da man de humanistas tan salientables como Erasmo, Moro ou Melanchton; iniciase ao mesmo tempo a edición das súas *Opera Omnia*. Na Península Ibérica non hai rastro da recepción do samósata ata o século XV, mais a situación cambia durante os Séculos de Ouro. O samosatense é traducido ou ben do grego ao latín por humanistas ibéricos ou ben do grego ou do latín ao español. A autora ofrece a reseña destas traducións, na que aparecen nomes tan destacables como os de Juan de Jarava, Francisco de Enzinas, Juan de Aguilar Villaquirán o Francisco de Herrera Maldonado. A autora observa que no contexto peninsular o interese polas obras satíricas de Luciano de Samósata, en particular as de sátira menipea, é maior que polas obras que o identifican como filósofo moral. Este feito

Presentación

débese, segundo a autora, a que os tradutores elixen certos textos coa fin de enviaren indirectamente unha mensaxe crítica a unha sociedade caracterizada pola censura católica que vixía de preto as influencias do protestantismo sobre os humanistas.

Denís Iglesia Vilanova acomete en *Desacreditando ao adversario. O ridiculum como arma na retórica romana tardo-republicana* a tarefa de desvelar as claves do humor nunha sociedade tan lonxe da nosa como a da Roma tardorrepublicana, que corresponde co momento no que aparece a tematización do humor en obras como a *Rhetorica ad Herenium*, de autor descoñecido, e *De Oratore* de Cicerón. A *Rhetorica ad Herenium* reserva un lugar para o humor no *exordio* ou primeira parte do discurso do orador, que ten a función de captar a atención do público e gañar o seu favor; o humor na forma de chiste ou burla do adversario non só se admite, senón que pode incrementar o seu grao ate converterse en insulto e en discualificación sen que medie ningunha consideración de tipo moral ao respecto. Cicerón adopta neste punto unha posición moi diferente. Non lle interesa a retórica exclusivamente como técnica, senón que dende o seu punto de vista serve tamén para presentar o modelo moral do orador, que ante todo debe encarnar a un home virtuoso ao servizo do ben común. O humor é permitido como ferramenta retórica, pero dentro de certos límites. Distingue o humor enxeñoso que non ofende, propio da elite moral e social (*cavillatio* ou *festivitas*) do humor ferinte e de mal gusto (*dicacitas*) que se ceba nas debilidades e defectos dos rivais. Mais a análise dos discursos do propio Cicerón revela que este aceptou con gusto un híbrido entre estas categorías, pois recoñecía como lícito e practicaba el mesmo con frecuencia o ataque descarnado ao adversario se era considerado de inferior condición moral ou social. Admítense como obxectos de escarnio os defectos físicos e os fracasos do rival, os xogos de palabras co seu *cognomen*, as conductas sexuais non aceptadas socialmente e mesmo a calumnia. A capacidade para o humor é innata, non se pode aprender en ningún tratado. Os seus límites son de tipo ético (non é lícito rir dos grandes males, dos crimes, etc.), pragmáticos (non se pode ofender ao público) e estéticos (non se pode caer na bufonada por un mal uso do ton ou da xesticulación).

Da antigüidade romana trasladámonos á actualidade da man de Santiago López Gómez e Rosa María Rivas Torres, que no traballo titulado *Trastornos do humor: teoría da mente e autismo* explican como o trastorno autista se caracteriza, entre outras cousas, pola incapacidade para o humor. Definido este como un fenómeno tanto psicolóxico como social, acoden á Teoría da Mente (ToM) para explicaren os déficits cognitivos característicos do autismo que impiden a atribución de estados mentais —crenzas, coñecementos, emocións— tanto ao propio suxeito como ás demais persoas. O humor, que se caracteriza pola ambigüidade e o dobre senso mediante o uso de linguaxe figurada, non resulta comprensible para persoas que, do mesmo xeito, non poden entender o engano.

Cristina Patiño Eirin achega en *Los hilos del ovillo: amor y humor en el epistolario Pardo Bazán - Pérez Galdós* as súas reflexións sobre a presenza o humor no epistolario da parella de amantes formada por Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós, que viviron a súa relación entre o verán e o outono do 1888. Amor e humor están presentes neste epistolario do que se conserva un cento de cartas da condesa e novelista coruñesa e só unha do novelista canario. Mais, tal como sinala a autora, todo isto aparece supeditado á literatura, por seren estas cartas literarias na súa forma e porque o seu contido indica que a literatura foi a preocupación

primordial dos dous interlocutores epistolares mesmo nos estratos máis fondos da súa intimidade, preocupación que os mantén unidos mesmo cando a relación de amantes se esvae, aló polo ano 1890. O humor aparece tamén noutros epistolarios de Pardo Bazán, así, por exemplo, no que mantén con Giner de los Ríos. Pero fronte ao recurso ao humor como expresión de rebeldía neste caso, nas cartas a Galdós o humor reflíctese no xogo entre o que se di e o que se garda, o que se evoca e o que se insinúa. Cualificada a correspondencia de asombrosamente sincera, interesante e divertida, a autora ofrece moito máis que unha reflexión sobre o humor nas expresións amorosas cara Galdós, xa que o seu estudo constitúe unha introdución á análise do rico epistolario de Emilia Pardo Bazán en tódalas súas dimensións.

Montse Pena Presas e Isabel Fernández López, en *Unha achega ao humor na literatura infantil e xuvenil*, analizan a presenza do humor na literatura infantil e xuvenil tomando como referencia algunhas das teses formuladas por Celestino Fernández de la Vega. A literatura infantil de tipo humorístico ten un primeiro fito na obra *As aventuras de Max e Moritz* (1865), do alemán Wilhem Busch, e o que nela atopamos aproxímase ao que Fernández de la Vega entende por comicidade. O riso aparece vencellado á posibilidade de rachar coas normas e coas convencións sociais. O emprego do humor tal como o entende Fernández de la Vega, como algo intermedio entre a comedia e a traxedia que afecta sobre todo ao suxeito que trata de comprender a realidade, non aparece no contexto da literatura infantil e xuvenil ata a década de 1970. Temas como a morte, a dor ou as guerras forman parte agora desta literatura. Serven como exemplo autores como Roald Dahl e Anthony Browne ou os galegos Paco Martín e Leticia Costas.

Claudio Rodríguez de Fer, en *Teoría da relatividade humorística de Woody Allen*, fai un percorrido pola filmografía de Allen, sazonado con extractos de diálogos que evidencian a continua presenza do humorismo na obra deste cineasta que como actor encarna a figura dun anítheroe capaz de relativizar, dende a autorrisión, as múltiples faces da realidade; unha relativización raiana no absurdo que convirte o existencialismo do seu mestre Bergman en risientialismo. Nada escapa a este filtro: dende Deus ata as mulleres pasando polo sexo, o amor, a familia, o exército, o deporte, o nazismo e o fascismo, o racismo, as leis, os medios de comunicación, a fama, o mundo cultural, o cinema ou psicoloxía hipocondríaca.

A continuación, no traballo titulado *Humor e inxenio (Witz) nos escritos de Immanuel Kant* logo de valorar brevemente o acerto de Celestino Fernández de la Vega ao tratar o humor dende un punto de vista filosófico e de repasar o amplo elenco de autores aos que recorre, María Xesús Vázquez Lobeiras fixa a súa atención en Kant, que non aparece na escolla de Cilistro, entre outras razóns porque os textos nos que o prusiano fala do humor con mais acerto foron publicados aínda moi recentemente. Trátase dos exemplares de apuntamentos de leccións de antropoloxía conservados. O humor é para Kant obra do enxeño (*Witz*), unha capacidade da mente humana que se caracteriza, entre outras cousas, por facer espontaneamente asociacións de ideas sobre a base de semellanzas insospeitadas. Estas ocorrencias vivifican a mente e producen pracer tanto a quen as fai como a quen as escoita. Para Kant as ocorrencias inxeniosas constitúen un elemento fundamental da sociabilidade, é dicir, do trato con outras persoas que se alicerza na amenidade e no gozo, compartidos e no que se deben evitar tanto a polémica acendida como a pesadez dos temas excesivamente profundos. Malia a diferenza entre as concepcións do humor de Kant e de Fernández de la Vega, ámbolos dous fixeron da amenidade

Presentación

compartida un eixo esencial da súa vida; Kant, nos salóns ilustrados de Königsberg, e Cilistro, nos cafés lucenses.

Remata o libro coa contribución de Max-Jean Zins *Charlie Hebdo y Salman Rusdhie: humores que matan*, que nos achega a un dos grandes paradoxos do tempo presente: o humor, considerado por moitos como expresión de liberdade mesmo cando as circunstancias son adversas e só se pode acudir á ironía para expresar o descontento, sofre a censura e a condena máis atroz por parte de movementos de tipo fundamentalista, que converten os humoristas en vítimas do seu terror. Serven como exemplo os casos do escritor indio Salman Rusdhie e da revista francesa *Charlie Hebdo*. O autor afonda nas circunstancias sociohistóricas e culturais que rodean a condena a morte mediante a *fatwa* proclamada por Khomeini contra Rusdhie e as que dan lugar, en Francia, ao tipo de humor radical característico do semanario *Charlie Hebdo*. Considera a Rusdhie como o derradeiro expoñente da subversión que levou a India á independencia. Culturalmente esta subversión comezou pola desacralización da lingua inglesa e a súa apropiación para facer dela un instrumento da expresión literaria da identidade propia sen autocensura de ningún tipo. A lingua inglesa deixa de identificarse coa metrópole británica para facerse plenamente india. Unha vez dessacralizada a lingua, os intelectuais e creadores arremeten tamén contra outros elementos da propia identidade, como pode ser a relixión. A censura a Rusdhie agocha en realidade a censura de todo o proceso revolucionario democrático e pacífico da India. *Charlie Hebdo* representa pola súa banda a herdanza da Francia revolucionaria, a creadora do Estado laico e da Declaración dos dereitos humanos que recolle a liberdade de conciencia como un dereito fundamental. Ao mesmo tempo a tradición da caricatura ten as súas raíces na Europa premoderna e esténdese paulatinamente dende o ámbito relixioso ao político e social. Tanto no caso de Rusdhie como no de *Charlie Hebdo*, o obxectivo do inimigo é provocar mediante o terror a paralización e o retroceso destas dinámicas socio-históricas.

Os quince traballos que compoñen este volume constitúen a mellor proba de que Celestino Fernández de la Vega tiña razón: a investigación sobre o humor revela facetas esenciais do ser humano. Os editores agradecen aos autores e autoras as súas valiosas achegas.

En Lugo, a 4 de decembro de 2017.

OS RESPONSABLES DA EDICIÓN

Sorriso sempre. Se eu fose autora: Castelao, Quino e Woody Allen

Carmen BLANCO
Universidade de Santiago de Compostela

*A Carlos Rodríguez Brown.
Polo bo humor que libera.*

SORRISO SEMPRE

Agradezo sempre o sorriso amable que facilita a convivencia. Por tal motivo lin varias veces *O segredo do humor* de Celestino F. de la Vega (1914-1986) onde está moi presente o humor galego e o «intenso, fondo e típico» (F. de la Vega 1983²: 165) humor de Castelao (1886-1950). E de todo o seu *segredo do humor* gardo moi especialmente o seu *segredo de vivir e de convivir*:

fai falla ser compresivo para o esforzo do humorismo por crear un mundo habitable, por atopar senso ós conflitos que aparentan non telo, por desenmascarar traxedias falsas [...]. Neste senso o humorismo aseméllase a unha especie de positivismo e pragmatismo humorístico. Por eso, sen dúbida, é tan axeitado á mentalidade inglesa, tan preocupada polo segredo de vivir e de convivir (F. de la Vega 1983²: 172).

Amei sempre os humores libres, tanto como os amores libres, e procurei, con amor e con humor, *amnistiar a estupidez*, esa enfermidade do sentir e do sentido humanos.

E amei sempre sobre todo a profunda seriedade do sorriso comprensivo propio do humorismo civilizado, que fai o esforzo de impedir o riso estúpido, que nos ensina a rir libremente e a redimir con liberdade a ridiculez. Ese sorriso amoroso co que sinto o personaxe da muller que protagoniza a *cousa* de Castelao na que se repite o refrán «Non vos riades, porque o conto é triste» (Castelao 1999: 201-3), *cousa* emblemática coa que F. de la Vega exemplifica o humorismo galego que conecta coa formulación nietzscheana de que «o mundo non ten corazón» (F. de la Vega 1983²: 161-5). O sorriso comprometido da *revolución profunda* do ser humano á que apunta quizá Isaac Díaz Pardo no 1.º Seminario Galego do Humor (celebrado en xuño de 1982 no Laboratorio do Castro, Sada, A Coruña) ao indicar que o humor ten que cumprir unha «función ética, desmitificadora, desdramatizadora» e tal vez «piadosa» para non se converter nunha «arma alleante ou en pura pornografía típica» (Díaz Pardo 1984: 79). O sorriso comprometido que non aproba esa pornografía típica cargada de ideoloxía reaccionaria que apontoa todos os poderes e que denunciaba Angela Carter en *The*

Carmen Blanco

Sadeian Woman (1979), tan diferente daquela outra bañada cunha ideoloxía «non inimiga da muller» (Carter 1981: 47):

La pornografía, como la sátira, contiene un mecanismo estructural reaccionario. Su efecto depende de la idea de que la naturaleza del hombre es invariable y no puede ser modificada por cambios en las instituciones sociales (Carter 1981: 25)

SE EU FOSE AUTORA

Por isto, se eu fose autora nunca escribiría a *cousa* «Si eu fose autor» como Castelao o fixo e tal como apareceu primeiro de maneira independente en 1927 en *El Pueblo Gallego* de Vigo e logo recollida nos seus libros *Cousas. Segundo libro* (1929) e *Cousas. Libros I e II* (1934), publicados na editorial Nós na Coruña e en Santiago de Compostela, respectivamente, en vida do autor e postumamente na obra que coñecemos como *Cousas*, numerosas veces reeditada desde que se publicou con tal título na editorial Galaxia en Vigo: *Cousas* (1962).

Esta *cousa*, magnificamente escrita e debuxada por Castelao, componse da imaxe, que copiamos máis abaixo da edición da Editorial Galaxia de 1971 (Castelao 1971: 50-1), por razóns persoais e estéticas, e do texto, que pode consultarse nas edicións da *Obra completa 1. Narrativa e teatro* (Castelao 1975: 93-4) de Akal Editor e das posteriores *Obras completas 1* (Castelao 1999: 121-3) de Galaxia onde aparecen en nota ao pé interesantes referencias á súa xénese e por onde o citamos. É aquí a creación interartística da *cousa* que coñecemos polo seu comezo literario, «Si eu fose autor», e que era a primeira das *Cousas. Segundo libro*:



Sorriso sempre. Se eu fosse autora: Castelao, Quino e Woody Allen

Si eu fosse autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío i enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angrentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do «patio de butacas».

E cando se fartan de ri-los señoritos, baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada ha unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto i enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño (Castelao 1999: 121-3).

Eu crearía esa *cousa* con liberdade e amor máis profundos, se me fosse posible, tal como a vou tratar de ler agora por un coñecemento non opresivo.

CASTELAO, QUINO E WOODY ALLEN

Na miña lectura parto da síntese analítica comparativa que integra o pensamento e as artes literarias, plásticas e cinematográficas no escrito de Claudio Rodríguez Fer «Castelao como artista e político que fixo literatura» de *Acometida atlántica (Por un comparatismo integral)* (Rodríguez Fer 1996: 159-70).

O relativismo humanista da verdade e do humor: Castelao, Machado, Quino, Chaplin e Pimentel

Rodríguez Fer recolle a interpretación básica e central do creador da *cousa*, posta de relevo por Xesús Alonso Montero con anterioridade no seu comentario do texto coa frase «a verdade é unha verdade de clase» (Alonso Montero 1975: 49), e conecta moi certamente esta interpretación, baseada na ideoloxía xerada polo poder económico que contrapón a visión da vida da xente pobre coa visión da vida da xente rica e que Castelao recrea, con outras diversas creacións intelectuais e artísticas que están en sintonía con «Si eu fosse autor».

Estas creacións comparadas son máis ou menos anteriores, coetáneas e posteriores á *cousa* «Si eu fosse autor» e pertencen ao universo multiartístico da literatura, do cómic e do cine. A literatura está representada por Antonio Machado (1875-1939), a través do humor da

prosa poético-filosófica do seu heterónimo *Juan de Mairena*, e o mundo do humor gráfico e cinematográfico, está presente a través dun cadriño de Joaquín Salvador Lavado, Quino (1932), que á súa vez fai referencia a un fotograma do cineasta Charles Chaplin (1889-1977), tomado dun dos seus filmes da serie e do personaxe Charlot, o vagabundo, *The Gold Rush* (*A quimera do ouro*, 1925, 1942). Di Rodríguez Fer:

[...] penso que a «cousa» que comeza «Se eu fose autor» é idéntica en intención e procedemento a un debuxo do humorista Quino. En efecto, Castelao presenta na súa «cousa» unha peza en dous lances. No primeiro, xente pobre chora a morte dunha vaca, indispensábel para a súa economía, co conseguente riso do público do patio de butacas. No segundo, xente rica chora a morte dunha cadeliña, mero obxecto de luxo e compañía, co correlativo riso do público humilde do «galiñeiro». Como conclúe Alonso Montero, aquí «a verdade é unha verdade de clase», tal como tamén demostrou Antonio Machado no seu *Juan de Mairena* coa parábola de Agamenón e o seu porqueiro. Pois ben, no debuxo de Quino, tres públicos contemplan a célebre secuencia cinematográfica na que o pobre e famento Charlot come a súa bota en *The Gold Rush*: o público pobre angústiase compunxido, o público intermedio ri, o público rico desterníllase a gargalladas (Rodríguez Fer 1995: 164).

Esta análise pon de relevo as interrelacións existentes entre pensamento, sentimento e poder, ao tempo que nos conduce cara a un coñecemento máis profundo e aberto dos conceptos de verdade e de humor.

Con respecto á verdade, dita apertura nega a suposta obxectividade absoluta da «verdade» imposta polo poder, coa que está conforme o rei Agamenón como representante simbólico máximo dese poder, mais que non convence ao porqueiro do rei, encarnación simbólica máxima do non poder. E así, ante a afirmación «A verdade é a verdade, díga Agamenón ou o seu porqueiro», maniféstase Agamenón «Conforme» mentres o porqueiro di «Non me convence» (Machado 1989: 1909).

E con respecto ao humor, esa apertura sinala o seu marcado carácter estamental e de clase, derivado do poder económico e social, tal como se manifesta no teatro.

A *cousa* de Castelao proxecta unha peza de teatro, integrando o xénero dramático dentro do debuxo e da prosa, para confrontar dous sectores sociais, o dos pobres e o dos ricos, con distinto status de poder, como na parábola de Machado, mais contraponendo explicitamente as súas carencias e opulencias e as súas diversas sensibilidades ante a dor, ao contrastalos, á par e sucesivamente, como «actores» e como «público» na peza. Estes dous sectores concrétanse, respectivamente, nas «xentes labregas» e a fidalguía («fidalgona» e «fidalguiñas»), que representan cada lance no escenario, caracterizando a realidade social, por unha banda, e nos «señoritos» do «patio de butacas» e «a xente do galiñeiro», que asisten á representación, caracterizando a diversidade da recepción artística e a dimensión xerárquica da arquitectura dos teatros da época, pola outra banda.

Estes dous status de poder económico e social están representados polos aludidos personaxes humanos, que encarnan como actores o que podería ser unha prototípica familia labrega extensa e numerosa, na que conviven tres xeracións e está ausente o home maduro —implicitamente na emigración temporal ou permanente característica do momento—, fronte a unha tamén posible «familia» fidalga nuclear e menos numerosa, con presenza só

feminina e só tamén quizá de dúas xeracións, na que implicitamente o home estaría ausente dunha afectividade relacionada cunhas ocupacións especificamente femininas e dedicado ás súas propias ocupacións masculinas. E así mesmo, os dous grupos humanos contrapostos están asociados aos dous animais mortos que choran e que os representan, a vaca e a cadela. Estes animais opóñense na peza polas funcións que exercen nos seus respectivos medios sociais e polos sentimentos que suscitan nas persoas pertencentes a eses dous diversos ámbitos: segundo os prototipos e os estereotipos socio-antropolóxicos da época, un animal necesario para a subsistencia da economía labrega, no caso da vaca, fronte a un animal de raza, luxo e compañía para o adorno, o ocio e a afectividade da vida fidalga, no caso da cadela.

As dúas agrupacións animais e humanas, a labrega coa vaca e a fidalga coa cadela, evidencian a forte dialéctica histórica e ideolóxica existente entre «xente labrega» e fidalguía, que aparece situada en dous espazos de características extremadamente diferenciadas dentro do teatro, tanto en calidade de actores, nos diversos escenarios da «corte aldeá» e do «estrado elegante» do primeiro e do segundo lance, respectivamente, como en calidade de público, nas diversas localidades xa citadas, propias das persoas ricas e pobres, do «patio de butacas» e do «galiñeiro», do primeiro e do segundo lance, tamén respectivamente.

Este estilo baseado na retórica do paralelismo e do contraste opón así mesmo na *cousa* a traxedia e a comedia de maneira explícita, xa desde o debuxo que a encabeza e sintetiza, pois no deseño estes dous subxéneros dramáticos están simbolizados polas dúas máscaras teatrais que os caracterizan: a máscara da traxedia e a máscara da comedia. Ditos dous contidos opostos, o trágico e o cómico, aparecen representados por esa orde: diante e nun primeiro plano, a máscara da traxedia, e, nun segundo plano e detrás, a máscara da comedia. A máscara que aparece en primeiro lugar e que se deixa ver ao completo é a que chora e representa a dor, a tristeza, o pranto, o aprecio e o respecto, mentres que a máscara que aparece en segundo lugar e non se deixa ver ao completo é a que ri e representa o pracer, a alegría, a risa, o menosprezo e a burla. Son as caretas representativas do heroico sentido trágico da vida, fronte ao festivo da mesma, segundo a concepción clásica grecolatina que opón as dúas musas da traxedia e da comedia, Melpómene e Talía, e prima á heroica.

Da mesma maneira, e segundo anuncia a ilustración gráfica, os dous lances representan, nun primeiro momento e lugar, sobre o escenario, a traxedia da morte do animal, coa respectiva manifestación de dor expresada polo pranto, mais esta traxedia humana e animal convértese, nun segundo momento e lugar, en comedia para o público que asiste á representación como espectador desde outro lugar no mundo e no teatro.

E, ademais, a *cousa* presenta no «LANCE PRIMEIRO» a traxedia que supón a morte da vaca para a xente labrega e provoca a risa dos «señoritos», incapaces de comprender, na didáctica simplificación da caricatura expresionista do texto, o sentir e o pensar destas xentes populares «que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia». Así, Castelao coloca en primeiro lugar, de novo, o considerado moi importante, a dor profunda e esencial, de acordo coa mensaxe de compromiso social, ideolóxico e ético que lle interesa transmitir a favor das clases populares do campo, nun discurso profundamente cognitivo do ser labrego e aparentemente obxectivo mais que transluce unha subxectividade solidaria con dita clase. E, en consecuencia e como contraste, presenta no «LANCE SEGUNDO» a traxedia que supón a

morte dunha cadela para a fidalguía e provoca a risa da xente popular, incapaz tamén de comprender, na pedagóxica esaxeración expresionista do texto, o sentir e o pensar das fidalgas, algo considerado non importante, a dor frívola, superficial e superflua, pois o discurso aparentemente obxectivo, e tamén cognitivo das relacións humanas e animais na historia, mostra ás clases populares cuns sentimentos e uns pensamentos que, como ao «eu» «autor» da narración, lles farían dicir que «a morte dunha cadela non é para tanto».

Esta prelación constrúe o discurso colocando en primeiro lugar en importancia a dor pola morte da vaca e nun segundo lugar a dor pola morte da cadela, segundo a mensaxe básica que o texto transmite, de acordo coa coñecida ideoloxía pro-labrega, anti-señoril e anti-burguesa do autor.

No conxunto da obra de Castelao atopamos en moi diversas ocasións a oposición simbólica entre estes dous animais, a vaca e o can, como símbolo do amparo dos pobres e da defensa da propiedade dos ricos, ao igual que a oposición entre «señoritas» e «familia labrega», unhas construcións creativas cunha forte carga ideolóxica persoal, que está en sintonía con vellos e profundos valores moi arraigados na cultura popular galega e que o seu autor contribuíu a apontoar no imaxinario colectivo. Pode servir como mostra disto a excelente loa da vaca que incluíu no ensaio *Sempre en Galiza* (1944), do que extraemos os seguintes fragmentos, sinalando aqueles aspectos fundamentais para a mellor comprensión do sentido de «Si eu fose autor»:

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que siñifica unha vaca que o que simboliza un león rampante [...]

A vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non-os pode dar máis.

O can será o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van pol-os camiños. En troques a vaca é o amparo dos probes libres.

Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os «concursos de *Belleza*».

A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid.

E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As «señoritas» que choran pol-a morte d-un can ridículo non comprenden a door d-unha familia labrega cando se lle morre unha vaca

(Castelao 1992: 135-6. Os resaltes son meus).

O último parágrafo citado do texto do *Sempre en Galiza* explica á perfección o sentido primordial que Castelao lle quixo dar a «Si eu fose autor»: o grave da incompreensión da traxedia labrega da morte da vaca e o ridículo da comedia da morte da cadela das señoritas, que os trazos das dúas máscaras de *Cousas* simbolizan.

A confrontación e estratificación dual da sociedade que a *cousa* de Castelao recrea, en sintonía coa dialéctica poder - non poder que acabamos de ver, na que as mulleres aparecen incluídas de maneira especial co poder, amplíase ás tres clases sociais prototípicas da sociedade burguesa do máis avanzado século XX no cadro de humor gráfico de Quino que, co seu crítico pesimismo humanista, mostra tres niveis nos palcos dun teatro-cine, marcados por billetes que sinalan o primeiro nivel económico, situado no primeiro andar, cun billete de 10 000; o segundo nivel, situado no andar intermedio, cun billete de 1000, e o terceiro nivel, situado no último andar, cun billete de 100.

O público sentado nos distintos niveis no cadro de Quino vai aumentando en número segundo diminúe o nivel económico, para representar, quizá, a real división social entre unha minoría rica, de clase alta, e unhas maiorías, menos e máis pobres, de clase media e baixa. Dentro deste público destaca, tal vez, a evidente presenza feminina situada entre as clases máis altas, fronte á desaparición desa diferenza sexual tan explícita na clase baixa, para retratar os costumes xenéricos dos distintos grupos sociais, en sintonía tamén nisto coa *cousa* de Castelao e co bo coñecemento do mundo dos homes e das mulleres que ten o autor de *Mafalda* e creador do personaxe Manolito, de orixe galega.

Da mesma maneira, dito público ten unha visión menos privilexiada segundo as tres alturas dos andares nos que está o van distanciando por niveis do escenario, desde a posición preferente fronte a ese escenario ata a máis alongada e desfavorecida. E á inversa, como na *cousa* de Castelao e tal como apuntou Rodríguez Fer, o público se distancia psicoloxicamente máis da traxedia da pobreza que se representa no escenario canto maior é o seu nivel económico, de maneira que, segundo diminúe en poder adquisitivo e se eleva en altura o lugar dese público no teatro, vaise pasando do pracer á dor, transitando polos niveis da risa estentórea, do riso ou do sorriso e da tristeza ou a angustia compunxidas. Así asistimos aos pasos que van da recepción cinematográfica propia da diversión da comedia aos da vivencia dos padecementos da traxedia do carecer absolutamente de comida, que a escena do filme de Chaplin recrea con humor na acción de Charlot, sentado á mesa moi formalmente, coméndose con coitelo e garfo a súa dura bota de vagabundo cociñada.

Como estamos vendo, en efecto, o tema central da *cousa* de Castelao non só é o das dimensións íntimas e sociais da dialéctica existente entre a pobreza e a riqueza, senón tamén o tema artístico dos xéneros, teatrais ou cinematográficos, e da propia creación interartística.

A *cousa* de Castelao proxecta no deseño e no relato unha peza de teatro, integrando o xénero dramático dentro do debuxo e da prosa, ao xeito da *comedia da arte*, e centra a representación no subxénero lírico-dramático do *pranto*, de alongada tradición na cultura galega desde a Idade Media e dentro das manifestacións para-teatrais dos rituais funerarios vivos ata ben avanzado o século XX, nos que os *prantos* eran executados nos enterros por persoas especializadas e de maneira preferente por mulleres, as *pranteiras*, *pranxideiras*, *carpi-deiras* ou *choronas*.

Igualmente, o cadro de Quino proxecta no debuxo unha obra cinematográfica, que integra o cine dentro do humor gráfico, ao deseñar na pantalla do escenario o fotograma máis emblemático do filme de Chaplin que recrea, como buscador de ouro en Alaska, ao Charlot vagabundo, pobre, «descalzo», famélico e ascético de sempre. Precisamente así foi como viu a Charlot o poeta Luís Pimentel no seu libriño *Triscos* (1950), coas súas «Probes botas de náufrago!» de «Homildes solas rotas», e para el reclamou a humanidade profunda e civilizada dunha ollada solidaria e fraterna e do respecto do silencio e da seriedade, que paralice o desprezo e a burla da risa: «Silenzo... / ¡Non vos riades, rapaces!» (Pimentel 1950: 16). Esta visión de Pimentel está, sen dúbida, en sintonía co humor humanista e solidario dun dos sentidos básicos da *cousa* de Castelao e do cadro de Quino.

Os xéneros dramáticos da arte e da vida: Castelao e Woody Allen

Ao ronsel xa trazado por Rodríguez Fer queremos engadir a intelixencia da mente xudía de Allan Stewart Königsberg (1935), coñecido como Woody Allen, o humorista e creador que cultiva distintas artes, ao igual que Castelao. Este cineasta teoriza con humor sobre o tema dos xéneros dramáticos da traxedia e da comedia en numerosas ocasións dentro da súa obra e en concreto na súa película *Melinda & Melinda* (*Melinda e Melinda*, 2005), onde destaca especialmente o motivo da diversidade de perspectivas que diferencia ambos xéneros, remarcando o tema da oposición de distintos puntos de vista que nos ocupa.

Esta comedia dramática, escrita e dirixida por Allen e ambientada na sociedade burguesa de Manhattan, presenta unha persoal concepción da vida que combina o pesimismo teórico co optimismo práctico, ao concibir a existencia como esencialmente trágica e darlle á risa unha función ocultadora do horror ante a morte, cando fai dicir a un personaxe que «A esencia da vida non é cómica, é trágica» e que «Rimos para ocultar o noso horror ante a morte» (Allen 2005. A tradución é miña).

O filme mostra como un mesmo feito vital pode presentarse de maneira trágica ou cómica e desta maneira dual recrea en dúas visións, á vez, iguais e distintas, paralelas e contrapostas. A creación fílmica defende uns fins prácticos para a comedia, á que atribúe unha praxe existencial positiva que nos permitiría vivir mellor ao soste que «a traxedia enfronta» e «a comedia diverte» (Allen 2005), incidindo así doutra maneira no tema do citado *segredo do humor, o segredo de vivir e convivir*, que é tamén o *segredo da felicidade*.

Á procura dese *segredo da felicidade* combino o real pesimismo da verdade amarga da intelixencia co tamén real optimismo do desexo de cambiar a vida, para poder rachar a espiral da crueldade humana da escravitude, o abuso, a violencia ou o maltrato, que se adoita ocultar no sarcasmo da sátira, un sarcasmo que tende a xerar e reproducir, por reacción do obxecto e suxeito atacado pola crítica, máis crueldade e que, sen dúbida, un bo humor liberador podería remediar.

Desde unha perspectiva epistemolóxica non opresiva (Blanco 2015: 109-21) e avogando por este sentido do humor máis simpático e aberto, que estenda a parábola de Machado tamén ás diversas perspectivas das «porqueiras» e as «porcas» e os «porcos», leo a *cousa* de Castelao sumando á oposición económica, que xa vimos, outras oposicións de poder que o texto contén, asociadas ás súas correspondentes problemáticas sociais, filosóficas e ideolóxicas. Todas elas podemos atopalas incluídas dentro da oposición do «Todos», do «LANCE PRIMEIRO», co «Todas», do «LANCE SEGUNDO», que contrapón o xenérico masculino e o específico feminino e que integra en si outras oposicións implícitas cargadas de significado, que enfrontan o non nomeado «todos eles», do primeiro lance, co si dito «Todas elas», do segundo, nas dicotomías labregos-mulleres, familia-individualidades, lingua galega - lingua castelá ou cultura-civilización (Blanco 2015: 121), ademais da xa sinalada vaca-cadela.

Co silencio e a palabra, o autor constrúe un texto no que deixa a pegada das súas posicións, respectivamente, tenras e afectivas, para coas xentes labregas, as familias, a lingua galega, a cultura tradicional e as vacas, e crueis e desafectas, para coas mulleres, o individuo, a lingua castelá, a cultura moderna e as cadelas, nuns casos de maneira máis clara e noutros

dun modo máis ambiguo e agachado. A riqueza expresiva da ambigüidade, a ironía, o sarcasmo e a retransa permíttelle dicir moitas cousas á vez nun texto que contén diversas segundas intencións, como que deixe ver ao pobo rindo por detrás das mulleres ou que as xentes populares rían as últimas, e encerra as máis fortes contradicións da vida nesas «cousas» e «ditos» «tristes que fan rir» e que temos que imaxinar nos dous lances, sabendo que a dor, ás veces, fai dicir barbaridades.

Como vimos en Allen, Castelao acude á praxe catártica orixinaria dos ritos e dos mitos, enlazando así co carácter sacro primordial do teatro, propio da creación integral e integrada na vida, que se conservou na cultura popular e que recreou en ocasións a alta cultura e especialmente a vangarda da que Castelao participa en diversos sentidos. E, como Allen tamén, integra as contradicións vitais dos «ditos tristes que fan rir» no xénero mestizo da traxicomedia e nos xéneros menores do teatro de máscaras, da farsa e do pranto xa citado, que prefire á pureza dos xéneros dramáticos maiores da traxedia e da comedia ou do drama mesmo (Castelao 1999: 455-9). Nesas xéneros puros e impuros integra tamén teoricamente a complexidade e a dureza da historia e da vida reais, tal como indica no seu escrito «Ao marxe da farsa», feito no exilio en Nova York en 1939 para explicar a xénese da escritura da súa peza teatral maior, *Os vellos non deben de namorarse* (1941 —estrea—, 1953), e que contén moi sentidas alusións á aurora da II República e aos horrores da guerra:

Esta farsa foi maxinada para regalía do pobo galego, cando en Galiza abrollaban os máis ardidos anceios de rexurdimento. Comeceina en Pontevedra, no ano de 1931, e dinlle cima en Nova York no ano de 1939. Moito tempo decorreu para unha obra tan pequena e tan doada de facer; pero faltoume sosego para rematala. Os trafegos que me impuxo a causa política non me deron lecer para outras angueiras, e as conseguíntes loitas que axiña sobreviñeron nin tan siquera me permitían tecer ilusións. De por parte xurdeu a guerra civil, cuíos **dramas e traxedias auténticas** non consintían asistir a **dramas e traxedias imaxinadas**, e menos a pasatempos que soio se conciben en época de paz. Tivo que ser agora na triste folga que me impón o desterro cando dispuxera de tempo para compri-lo meu vello e íntimo compromiso (Castelao 1999: 455. Os resaltes son meus).

Na «obriña» de Castelao o chorar catártico da traxedia concéntrase no pranto que provoca o rir catártico da comedia, grazas á perspectiva humorística do tratamento do tema grave da morte encarnada nun animal, un ser considerado sen dereito de entidade nese contexto e que non obstante se chora nun pranto como se fose un ser humano. Non estamos aquí ante a arte do pracer do canto contra a dor do pranto, en busca de benestar, do cantar por non chorar nin do cantar chorando. Estamos ante os desafogos das artes para-teatrais do entroido coas súas transgresións da risa e da comedia, que no contexto restrinxido da festa cambian de lugar as cousas por un tempo para o mellor mantemento do sistema. Castelao recrea estas artes co xeito «enxebre» (Castelao 1999: 456) da cultura popular galega, como en *Os vellos non deben de namorarse*:

unha *farsa* en tres lances [...] tres faces diferentes dun mesmo **drama, contado á maneira galega e para regalía dos que poidan comprender o noso linguaxe** (Castelao 1999: 456-7. A cursiva é miña).

As dúas obras, «Si eu fosse autor» e *Os vellos non deben de namorarse*, teñen en común o tratamento humorístico do tema da morte encarnado nun tabú ou nunha norma social

que non se respecta: a distinta consideración dos seres humanos e os animais, na primeira, e a igualdade de idade nas relacións sexuais, na segunda. En ambas obras tamén a moral dominante dos diversos poderes amoesta coa burla a transgresión, nunha manifestación máis do humorismo crítico e moralizante do autor (Castelao 1999: 457-9, Blanco 2006: 25-41, 213-4).

En «Se eu fose autor» a crítica ética do texto censura a miseria labrega e o luxo fidalgo, así como a falta de coñecemento da realidade humana e a animal, e agasalla cun desafío final maior á xente popular, agarimándoa coa tenrura do fonosimbolismo do baixar «o pano moi amodiño», despois da terapia do «rir a cachón», ao tempo que denuncia o atraso do mundo labrego no seu conxunto e a desorientación vital da fidalguía e, en especial, de certas mulleres «modernas» alongadas dos instintos e dos amores canónicos básicos do sexo e da maternidade.

Esta última posición ideolóxica contén algúns elementos misóxinos e sexistas, ademais de certos prexuízos sobre os animais, recorrentes ambos como unha teima no conxunto da obra de Castelao, particularmente na serie *Cousas da vida* (1961-1971) e nas anotacións dos seus diarios, onde atopamos loas á maternidade —incluída a das mulleres solteiras— e críticas a unha sociedade que conduce ás mulleres a ser seres sen coidados cara ás criaturas, sen descendencia, sen relacións amorosas cos homes e cun apego excesivo aos cans (Castelao 1968: 29, 31, 32, 45).

OS HUMORES LIBRES

Fronte á dialéctica superficial da prohibición-transgresión, que repite e perpetúa o poder tanto no pensamento como na práctica, cos desafíos transgresores dos «pecados» e dos «delitos» tipificados por dito poder e que participan dos prexuízos do propio poder, está a dialéctica profunda da opresión-liberación, que recoñece a verdade aberta e non participa do prexuízo.

Esta é a praxe da liberación propia dos seres humanos libres e sen ataduras mentais no seu interior da que parte a creación máis profundamente libre, a da xente libertaria, en loita permanente, pacífica e xusta, contra o liberticidio. Dita creación leva en si a *revolución profunda* da que falabamos ao comezo, é dicir, o cambio radical, interior e exterior, do ser humano no universo, feito coa sabedoría, co humor e co amor derivados da *filantropía filóxina*, que propicia a empatía, simpatía e com-paixón entre seres humanos e entre os sexos, dirixida tamén a todos os seres e a todo o que nos rodea baixo o lema «en min e en todo».

Esta creación é a dos seres sublimes e a que permite á persoa elevarse pola graza da intelixencia profunda e do amor profundo, saír dela e cambiar de lugar para poder ben dicir, con coñecemento e sentido e sen prexuízos de poder opresor, e non dicir mal nin maldicir. É esta a creación que vén do ver ben, do bo ollar do amar, fronte ao mirar mal do envexar e do odiar; a creación que xera o sorriso intelixente dos bos humores e os bos amores que liberan, fronte aos malos humores e os malos amores que escravizan. Estes últimos son os humores

opresivos que propagan o odio do que van cargados: xenofobia, sexismo, misoxinia, homofobia, sexofobia, androfobia e todas as demais fobias derivadas dos prexuízos de clase, sexo, raza, idade, cultura, relixión, normalidade...

Eu quero colocar primeiro e no presente os bos humores, humores brancos, de mentes brancas sen prexuízos, que poidan encherse de todas as cores, do rosa ao verde ou marrón, e que nos acompañen mesmo no humor negro ante a morte, e ata a morte e máis alá da morte. Os humores libres, sen odio, sen violencia, sen crueldade e con respecto humano profundo. Os humores libres sen atraso e cos mellores avances da civilización dos que nace o sorriso da humanidade.

Se eu fosse autora escribiría así.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALLEN, W. (2005): *Melinda y Melinda (Melinda & Melinda)*. Madrid: Twentieth Century Fox Film Corporation / Twentieth Century Fox Home Entertainment España.
- ALONSO MONTERO, X. (1975): "Comentario semiolóxico e sociolóxico dun texto de Castelao". *Boletín de la Real Academia Gallega* 357, 7-10.
- BLANCO, C. (2006): *Sexo e lugar*. Vigo: Xerais, 213-214.
- BLANCO, C. (2015): "Rosas de mil follas: Guía persoal do tratamento non opresivo da cultura". *Evohé. Revista Cultural do Campus de Lugo* 26, 109-21.
- CARTER, A. (1981): *La mujer sadiana*. Barcelona: Edhasa.
- CASTELAO (1968): *Cousas da vida. I*. Vigo: Galaxia.
- CASTELAO (1971): *Cousas*. Vigo: Galaxia.
- CASTELAO (1975): *Obra completa I. Narrativa e teatro*. . Ed. de Xesús Alonso Montero. Madrid: Akal.
- CASTELAO (1992): *Sempre en Galiza*. Ed. crítica coordinada por Ramón Máiz. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela.
- CASTELAO (1999): *Obras I. Obra literaria*. Ed. de Manuel Rosales. Vigo: Galaxia..
- DÍAZ PARDO, I. (1984): "Resume dos coloquios". *1º Seminario Galego do Humor. Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia* 6, 75-81.
- F. DE LA VEGA, C. (1963): *O segredo do humor*. Vigo: Galaxia, 1983².
- MACHADO, A. (1989): *II. Prosas completas*. Ed. crítica de Oreste Macrí. Madrid: Espasa.
- PIMENTEL, L. (1950): *Triscos*. Prólogo de Anxel Fole. Pontevedra: Benito Soto.
- RODRÍGUEZ FER, C. (1996): *Acometida atlántica (Por un comparatismo integral)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 159-70.

A retranca como autodefensa e a súa confusión co sarcasmo e outras formas agresivas de humor

Félix CABALLERO WANGÜEMERT
Universidade de Vigo

A retranca pasa por ser a nota distintiva do humor popular galego, asociándose habitualmente humor galego con retranca. Mais non sempre se sabe definila nin se salienta suficientemente o seu carácter defensivo. De feito, ás veces é confundida con outras formas agresivas —ou alomenos expansivas— de humor, coma a sátira ou o sarcasmo. Este traballo tenta achegar algo de luz neste sentido, marcándose para iso tres obxectivos: (1) explicar que é a retranca, (2) subliñar o seu carácter defensivo e (3) explicar por que, paradoxalmente, se confunde ás veces co sarcasmo, coa sátira ou con outras formas agresivas de humor.

1. A RETRANCA, UNHA TRÉCOLA PARA SAÍRMOS DUN CONFLITO SEN NOS COMPROMETER

Os dicionarios máis académicos —o da Real Academia Galega (*DRAG*, para os efectos deste traballo) e mais o da Real Academia Española (*DRAE*)— asóciana co agochamento e o disimulo; máis concretamente, cunha intención disimulada ou segunda. O *DRAG* di: «Habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se procura unha graza intencionada no que se di». Se o das segundas intencións haberíao que matizar, o da graza intencionada aínda resulta moito máis cuestionábel. Dubido moito que o retranqueiro tentione facer graza. É máis, dubido mesmo que a retranca se poida considerar realmente unha forma de humor. Pola súa banda, o *DRAE* refire: «Intención disimulada, oculta».

Estas definicións parécenme francamente insatisfactorias. Medias verdades que, como se sabe, poden ser a peor das mentiras. Habería que as matizar moito, explicar o contexto —o por que e o para que— deste agochamento ou disimulo.

Xaora que na retranca hai disimulo ou segunda intención, mais isto debe ser matizado, porque non é un disimulo por raposaría, malicia o astucia, malia que moitas veces se teña interpretado así desde fóra de Galicia para explicar a súa falta de transparencia. O retranqueiro non é un raposeiro, un pillabán. O disimulo da retranca é por desconfianza, suspicacia, cautela, prudencia, cálculo, tanteo psicolóxico; quer dicir, en última instancia, por pudor, timidez, introversión ou necesidade de autoafirmación, como teñen dito autores como Pascual Carballo (2009) ou Chao Rego (1987).

Neste sentido, a definición de retranca que dá Gondar Portasany (1995: 46) paréceme moi clara e didáctica: «Forma de falar ou comportarse caracterizada pola cautela, pola habilidade para constestar evasivamente, por saber non dicir ou facer o que os outros pretenden, en última instancia, pola segunda intención». Quer dicir, Gondar fala tamén da segunda intención, mais só ao final, despois de explicar ese contexto, eses por que e para que eu boto en falta nas definicións dos dicionarios académicos. Unha definición que ven completar o caricaturista Siro López (2005: 8) cando di que a retranca é «unha trécola intelectual que nos permite saír dunha situación conflitiva sen comprometermos».

A retranca caracterízase, así, pola inconcreción do dicir e actuar, pola evasión na resposta. É unha resposta evasiva, unha contestación que non é contestación ningunha, pero o parece, como di Rutherford (2007: 23).

Xa que logo, ten que ver co «depende» ou «asegún» que para Gondar Portasany (1995) caracteriza a forma de discorrer dos galegos. «Depende» é, en efecto, a resposta máis axeitada en moitas ocasións; dende logo, a máis prudente. «En Galicia aprendín que “depende” é ás veces a resposta correcta», dicía un inmigrante polaco nunha campaña a prol da inmigración desenvolvida pola Xunta de Galicia en 2011. E María Teresa Miras, catedrática de Bioloxía Molecular e presidenta da Real Academia de Farmacia, apuntaba nunha entrevista en *El País* o 13 de abril de 2012: «Cando medras en Galicia, daste de conta de que unha pregunta ten moitas posibilidades, e as repostas, tamén».

Simplificando, poderíamos elevar este «depende» ou «asegún» a símbolo da retranca. Cando Pinto e Chinto (David Pintor e Carlos López), esa fenomenal parella de humoristas gráficos de *La Voz de Galicia*, deseñaron, para unha promoción do xornal, unha colección de seis cuncas sobre as principais características da forma de ser dos galegos —afondando, con sentido do humor, nos tópicos que se lles atribúen aos galegos—, dedicaron unha á retranca e debuxaron nela unha moza facendo *autostop* cun carteliño na man no que no lugar onde debía aparecer escrito o destino ao que quería ir puña «depende».

Di Gondar Portasany (1995: 46) que a retranca consiste en «saber non dicir ou facer o que os outros pretenden». De feito, outros dicionarios si recollen esta interpretación, aínda que cunha pequena diferenza: para o de Xerais, a retranca é a «habilidade para dicir o que un quere e non o que outros pretenden que diga»; e para o Gran Dicionario da Lingua Galega Século XXI de Galaxia e Edicións do Cumio, unha «maneira de dicir o que un quere sen que pareza mal». Eu coido máis atinado o que di Gondar: a retranca non é tanto a habelencia de dicir o que un quere como de non dicir o que un non quere. Un matiz que non é baladí e que nos vai axudar a comprender mellor a diferenza entre a retranca e a sorna, que veremos de contado.

O relevante é o que non se di, ou dito cunha reviravolta tan propia da retranca, o que se di para non dicir o que se diría se se podería dicir abertamente o que un pensa. Trátase dun movemento psicolóxico de retención (introspectivo), non de impulsión (extrovertido) (Costa Clavell 1983: 274). Xa que logo, a retranca é, como sostén Piñeiro (1974: 247), unha forma de «reserva mental», pola que o suxeito —e isto xa o di Cores (1957: 20)— «esquiva a curiosidade allea; reserva a súa forma de pensar, de actuar e ata de ser». A retranca é, no fondo,

unha forma de «salvagardar a intimidade», como sinala Cores (1957: 20); de «gardar a propia alma», como di Pascual Carballo (2009: 218).

Pero o mellor para comprendermos ben a retranca é vermos algúns exemplos.

O arquetipo de frase retranqueira é, segundo Siro, a que di: «por un lado ti xa ves e polo outro que queres que che diga?» (López 1999: 40). O propio humorista cita tamén como exemplo aquel peón de albaneis tan preguiceiro que sempre estaba encostado nun tabique, e cando era requerido para traballar, se aínda non comera, retrucaba: «Saco baleiro non se ten de pé». E se era despois do xantar: «Saco cheo non se pode dobrar» (López, 1999: 40-1).

Outro exemplo paradigmático é o repetidísimo «mexan por nós e temos que dicir que chove». Carlos Baliñas (1984: 19) analízao así:

Non se pense que non hai, tamén aquí, algo de comicidade por fondo. Ben se ve que está latente a comicidade do contraste. Máximo desprezo —mexar por un— e fenómeno minimamente responsable —que chova—. Danos a risa —ou, neste caso, mellor o sorriso— porque esperabamos unha actitude de xenreira e protesta e resulta que as vítimas, en lugar diso, limítanse a unha consideración inxeniosa e, despois, xa non pasa nada. Por que? Porque, de algún xeito, o vencido da vida venceu intelectualmente a quen o ten domeñado. Con topar esa saída inxeniosa, xa a vítima se sente en posto airoso.

Por certo que para Piñeiro (1974: 248), esta emblemática frase é un bo exemplo da «resignación» e a «sumisión» do galego.

En Castelao, que escribía case que ao ditado do pobo, atopamos moitos exemplos de retranca xenuína. Vexamos algún tirados das súas viñetas:

O taberneiro pregúntalle a un cliente:

—Que che parece o meu viño?

—Por onde vai molla, e como refrescar, refresca.

Un paisano fala con outro perante un can esfameado:

—Dálle de comer o can, ho.

—Boh, para o que fai...!

—Pois logo mátao.

—Boh, para o que come...!

Un esmoleiro pide limosna a un paisano:

—Déame algo, señor!

—Outros viñeron e non levaron nada e ben sabe Dios que non se pode dar a todos.

Unha parella de noivos:

—Se fose rica queresme máis?

—Non tiña por que querte menos.

Outro bo exemplo atopámolo nunha reportaxe sobre a vaca cachena emitido hai uns anos pola TVG. O xornalista pregúntalle a un paisano nunha aldea da montaña luguesa: «Cómese moita carne aquí?»; e o paisano resposta: «Máis se comería se a desen gratis».

En todos os casos achamos o mesmo: respostas evasivas ante situacións conflitivas coas que o emisor consegue saír airoso sen se comprometer e, xa que logo, sen que pareza mal o que di ou —mellor— que non diga o que o seu interlocutor quere que diga.

2. UN RECURSO DEFENSIVO DE TIPO PSICOLÓXICO

A retranca é, xa que logo, un recurso defensivo de tipo psicolóxico, «sempre unha actitude defensiva, nunca agresiva» (López 2005: 8). Mais, como sinalaron moitos autores, non semella un mecanismo innato, senón histórico, producido pola experiencia histórica. De que se defende o retranqueiro? De que se defende o galego coa retranca? Xaora, da curiosidade do seu interlocutor, mais, en última instancia, dun sistema cultural alleo secularmente hexemónico: o castelán. Como di Paz Andrade (1985: 49), o galego é un pobo á defensiva por séculos de asoballamento.

De feito, a palabra *retranca* procede do nome dun aparello que servía de freo a unha carruaxe, do cal pasou a nomear metaforicamente unha actitude persoal que tamén serve de freo nas relacións sociais, porque iso é xustamente o que pretende quen se vale da retranca: frear, facer recuar o inoportuno. O *DRAE* aínda trae este significado primitivo: «Correa ancha, a maneira de ataharre, que forma parte del atalaje y coopera a frenar el vehículo, y aun a hacerlo retroceder». Ademais, *retranca* evoca *tranca*, «pau grosso ou barra de ferro que —segundo o *DRAG*— se emprega para asegurar por dentro unha porta, ventá, etc. e impedir que se abran», é dicir, outra maneira de frear, de pechar. Xa que logo, retranca sería un dobre pecho.

E é que na retranca hai, certamente, un freo duplo. O retranqueiro frea o seu interlocutor, a provocación do seu interlocutor, as preguntas perigosas do seu interlocutor, mais tamén se frea a si mesmo, a súa propia indiscreción, as súas propias posíbeis respostas desaxeitadas, preservando a fidelidade ás ideas propias, salvagardando —como dicíamos— a súa intimidade, a súa alma.

Por esa mesma salvagarda da intimidade, paréceme que ao humor galego lle acae mellor o concepto de autoprotección có de autodefensa. Aínda que, en principio, sinónimos, *defender* e *protexer* non son exactamente o mesmo. *Protexer* ten un matiz do que carece *defender* e que coído que acae mellor aquí. O *DRAE* é o dicionario que mellor o recolle: «Resguardar a una persona, animal o cosa de un perjuicio o peligro, poniéndole algo encima, rodeándole, etc.». Resgardar, pór algo enriba e arrodear evócanos un vencillo coa intimidade máis forte có que ten *defender*. E se o galego defende ou protexe algo co humor, coa retranca, é a súa intimidade. A retranca frea, pecha, cobre (como iso que se pon un enriba, como iso co que se arrodea un cando se protexe).

A modo de recapitulación, na retranca podemos salientar cinco características principais:

- A) Forma exterior: a inconcreción, a sutilidade ou fineza evasiva.
- B) Mecanismo interno: o disimulo ou a segunda intención.
- C) Causa: a desconfianza perante o interlocutor.
- D) Finalidade: a defensa fronte a un sistema cultural hexemónico alleo.
- E) Mérito ou virtude: saírmos airosos dunha situación conflitiva sen comprometermos (non dicirmos ou facermos o que os outros pretenden sen que pareza mal).

3. CONFUSIÓN CO SARCASMO E OUTRAS FORMAS AGRESIVAS DE HUMOR

É un feito que a retranca non é sempre ben entendida, sobre todo fóra de Galicia, mais tamén dentro, máxime cando, como a sociedade rural na que naceu, estase a perder na Galicia urbana de hoxe en día. Malia ser unha actitude sempre defensiva, algúns confúndena coa sátira, co sarcasmo ou con outras formas agresivas —ou alomenos expansivas— de humor. Por exemplo, o actor Luís Iglesia identificábaa co riso no diario *El Progreso* do 26 de abril de 2016 cando dicía sobre *Sede de mal*, o seu último espectáculo: «Aproveitamos esa arma mortífera, a retranca, para rirnos de todo». Outros asóciana coa *mala leche*. Así, a web *comedycentral.es* destaca do monologuista vigués Miguel Lago a súa «arma infalible: la retranca gallega, con su mezcla de ironía y mala leche», e o actor Javier Veiga afirmaba en *Faro de Vigo* do 7 de febreiro de 2016 que «llevada a lo profesional es un tipo de humor muy cabrón [*sic*], con mucha mala leche». O de «llevado a lo profesional» non é baladí, porque, na miña opinión, a reinterpretación da retranca polo mundo do espectáculo, do humor profesional, explica en parte esta confusión da retranca coa sátira, como veremos axiña.

Ocórrenseme tres fenómenos que seica poden axudar a explicar o fenómeno: a confusión da retranca coa sorna; a aparición, canda a retranca orixinaria, dunha retranca moderna e proactiva, e, como acabo de dicir, a reinterpretación da retranca polo mundo do espectáculo, quer dicir, polos humoristas profesionais.

3.1. Retranca e sorna

A deturpación do concepto de retranca comeza xa coa súa confusión coa sorna. Para Paz Andrade (1985: 47-8) é a sorna e non a retranca a nota distintiva do humor galego e mesmo da alma galega. Amais, cre que é máis nobre, espontánea e precisa cá retranca.

Se o Dicionario da Real Academia Galega e máis o da Real Academia Española vencellan a retranca ao agochamento e mais ao disimulo, a sorna asóciana coa burla e mais coa ironía. O *DRAG* defínea como «ton de burla e ironía con que se di ou fai algo»; e o *DRAE*, como «tono burlón con que se expresa ironía», aínda que tamén como «disimulo y bellaquería con que se hace o se dice algo con alguna tardanza voluntaria».

Para Paz Andrade (1985: 50), a diferenza fundamental entre a sorna e a retranca é que no que esta son «respostas inxeniosas ou cachazadas», naquela son «retorsivas» (de retorsión, «acción de dirixir contra alguén argumentos iguais ou semellantes aos utilizados por el», segundo o *DRAG*).

A fronteira entre a retranca e a sorna é moi lene e ás veces difícil de establecer. Na sorna hai un chisco de burla que non existe na retranca. A retranca empeza a ter burla na sorna, que é tamén defensa, mais nela o suxeito á defensiva pasa ao ataque, devolvendo, coma un búmerang, a arma coa que foi atacado.

Entre a retranca e a sorna podemos establecer unha gradación canto ao disimulo e a burla. Na retranca hai moito disimulo e ningunha burla. Na sorna hai menos disimulo e certa burla. A retranca é meramente defensiva; a sorna, defensiva-ofensiva.

Disto tírase que o humor galego non é só defensivo, senón «ofensivo-defensivo» ou unha «defensa-ataque», como din Chao Rego (1987) e Xaquín Marín (2000), respectivamente. Quer dicir, os galegos deféndense atacando —a mellor defensa é un ataque (a sorna)— e atacan defendéndose —unha retirada a tempo é unha vitoria (a retranca)—.

Dicía antes que a retranca é unha habelencia de dicir o que un quere ou de non dicir o que outros queren que diga sen que pareza mal. Penso agora que isto hai que o matizar. Mentres que a retranca se usa para non dicir o que non se quere, a sorna utilízase para dicir o que se quere, mais dun xeito indirecto. Se se dixese directamente, non se estaría a utilizar a sorna, senón a rexouba, que é burla non disimulada. Paz Andrade (1985) pon como exemplo de sorna a historia dun emigrante galego que embarcou en Vilagarcía de Arousa para Bos Aires. No paquebote coincide cun fato de gardamariñas rexoubeiros que lle chegan a preguntar que facía se ao voltar, despois duns anos na Arxentina, atopábase con que a muller tiña un fillo doutro veciño. E o labrego contesta: «Pois como era fillo de puta [*sic*], facíao gardamariña». O paisano está a insultar os mozos, xaora, mais non directamente. É, certamente, un humor «retorsivo», que devolve a arma intencional coa que se produciu o ataque. Os rexoubeiros descubrirán que a puntada que lle lanzaron ao aldeán se volveu contra eles coma un búmerang.

3.2. Retranca reactiva e retranca proactiva

O profesor inglés John Rutherford (2007: 19) diferencia entre unha retranca primitiva e orixinaria, «reactiva», e outra moderna, «proactiva e irónica». Da primeira di —como xa se viu— que é a reacción evasiva ante preguntas perigosas, e que non é ironía, porque quen fala non deixa pegadas. Da segunda afirma que se practica non tanto por autodefensa —porque Galicia non está tan oprimida hoxe en día— como polo pracer intelectual e estético que contribúe á conversa cotiá e como unha delicada afirmación e reforzo da conciencia colectiva e da identidade nacional.

A retranca proactiva revístese, así, dunha ironía que non ten a reactiva e achégase á sorna, incorporando un chisco de burla. Convértese deste xeito nun mecanismo expansivo e ás veces ata agresivo.

3.3. A reinterpretación artística da retranca

Dicía ao principio que coido que a retranca non é propiamente humor, que o retranqueiro non ten intención de facer rir, nin sequera sorrir. Mais é evidente que se ten utilizado con fins humorísticos, fundamentalmente no teatro e na televisión; é dicir, no mundo do espectáculo, do humor profesionalizado. Esta reinterpretación artística ou humorística da retranca foi explicada certeramente por Pérez Pereiro (2007: 262):

O uso da retranca coma recurso humorístico ten que ver coa existencia dun terceiro (presente ou imaxinario-ausente) que funcione como espectador e receptor do efecto humorístico. Deste xeito, a presenza ou presuposición deste espectador concédelle á retranca esa posibilidade de se transformar, desde a posición de autodefensa, nun divertimento. Esta condición comunicativa é evidente para o caso da creación artística e mais o espectáculo, no que a presenza dese terceiro é inevitábel. Isto explica, en certo sentido, os usos da retranca feitos desde o canon humorístico galego e en produtos posteriores.

Esta retranca convertida en espectáculo humorístico vémolala, por exemplo, na televisión, en dúos cómicos como Os Tonechos e Mucha e Nucha —coñecidas tamén como as Cantareiras de Ardebullo—, e no teatro, en espectáculos como «Noites de Retranca», chamado así non por casualidade. É un espectáculo de monólogos. O monólogo humorístico, cuxo *boom* en España comezou a finais dos anos noventa e aínda non rematou, é a adaptación ao noso medio da *stand up comedy* anglosaxona. En «Noites de Retranca» ten participado a práctica totalidade dos grandes humoristas e actores cómicos de Galicia: Quico Cadaval, Cándido Pazó, Carlos Blanco, Manuel Manquiña, Rober Bodegas, Luís Zahera, Avelino González, Xosé Antonio Touriñán, Pepe Suevos, Javier Veiga, Celso Fernández, mesmo Moncho Borrajo, pertencente a outra xeración e medrado noutro contexto artístico. O espectáculo leva cinco anos en cartel, renovando de cando en vez os monologuistas, con grande éxito de público mesmo fóra de Galicia, como en Madrid, onde se ten presentado co nome en galego, sen traducir, pois o público reconece xa a retranca como un sinal de identidade do humor da nosa terra.

Pero é verdadeira retranca o que atopamos aí? Dende logo, xenuína retranca —iso que Rutherford chama retranca «orixinaria ou reactiva»— non. É máis ben retranca «moderna ou proactiva», por seguir usando a terminoloxía do profesor inglés. Ou sorna, por dicilo máis claramente. É dicir, un humor que gaña en agresividade, aínda que sexa apenas un chisco. Temos así unha retranca nova, deturpada, orientada máis ao divertimento cá autodefensa, convertida nun mecanismo de humor directo no canto de indirecto.

Porén, cómpre facer unha aclaración. Nun mundo «o dos monólogos» que en España está marcado fundamentalmente pola sátira e polo sarcasmo, a sutileza da sorna dos monologuistas galegos non deixa de chamar a atención e de lles outorgar unha personalidade propia e diferenciada. Como pasa na historia da literatura, onde se se quere atopar verdadeiro humorismo e non simple sátira ou comicidade cómpre acudir aos autores galegos (Ramón María del Valle Inclán, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro, Wenceslao Fernández Flórez, Julio Camba), no monólogo, para facer outro tanto hai que escoitar a Quico Cadaval, Carlos Blanco ou Luís Piedrahita, o único dos grandes monologuistas galegos que,

que eu saiba, non participou nunca en «Noites de Retranca», seguramente porque vive en Madrid e actúa en castelán.

4. CONCLUSIÓN

Como conclusión, a retranca primitiva, reactiva —na terminoloxía de Rutherford— esmorece, está a desaparecer, coma tantas outras notas características da sociedade rural na que naceu. No seu lugar atopamos unha retranca moderna, proactiva, que xa non xorde pola necesidade de autodefensa, senón como xogo, por pracer intelectual e reforzo da conciencia colectiva. Unha nova retranca que está a ser reforzada pola súa utilización no mundo do teatro, do espectáculo, do humor profesionalizado, mais pagando o prezo da súa deturpación: a perda da faciana defensiva orixinal en beneficio de mecanismos máis expansivos como a sorna ou mesmo sarcasmo.

O curioso é que esta retranca proactiva se achegaría á retranca expansiva —se é que se lle pode seguir chamando retranca— que suporían as cantigas de escarnio e maldicir da Idade Media, porque, como di Costa Clavell (1983: 274), na Galicia medieval non existiría a retranca xenuína, porque daquela os homes e mulleres galegos non tiñan razóns para viviren á defensiva, xa que o país se desenvolvía aínda libremente, e as cantigas de escarnio e maldicir, coa súa sorna, ironía ou sarcasmo, serían, como moito, exemplos dunha retranca extrovertida.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BALIÑAS, C. (1984): “Eso da risa, a broma e mais o humor”. En *1º Seminario Galego do Humor*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 13-21.
- CHAO REGO, X. (1987): *Para comprendermos Galicia*. Vigo: Galaxia.
- CORES, B. (1957): “Sociología del humorismo y de la retranca”. *LAR-Revista del Hospital Gallego*, enero-febrero, 18-22. Buenos Aires: Asociación Gallega de Beneficencia y Mutualidad.
- COSTA CLAVELL, X. (1983): *Los gallegos*. Vigo: Xerais.
- GONDAR PORTASANY, M. (1995): *Crítica da razón galega. Entre o nós mesmos e o nosoutros*. Vigo: A Nosa Terra.
- LÓPEZ, S. (1999): “Humor e identidade en Galicia”. En M. Gondar-Portasany (coord.): *Galicia fai 2000 anos. O feito diferencial galego III. Antropoloxía*, vol. 2. Santiago: Museo do Pobo Galego, 37-49.
- LÓPEZ (2005): “A retranca. O humor como mecanismo de defensa”. *La Voz de Galicia*, 25-7-2005. Suplemento “O ADN dos galegos”, 8-9.
- MARÍN, X. (2000): *O humor líquido. O caso galego*. Fene: Museo do Humor.
- PASCUAL CARBALLO, A. (2009): *Humor gráfico galego. Da transición aoséculo XXI*. Vigo: Ir Indo.
- PAZ-ANDRADE, V. (1985). “A fonte popular do humorismo”. En V. Paz Andrade: *Galiza lavra a sua imagen*. Sada: Edicións do Castro, 45-68.

*A retranca como autodefensa e a súa confusión co sarcasmo
e outras formas agresivas de humor*

- PÉREZ PEREIRO, M. (2007). *Modalidades humorísticas na comedia televisiva galega. Humor e ideoloxía na fórmula televisiva da comedia de situación*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.
- PIÑEIRO, R. (1974). “Algunhas notas sobre a realidade humana de Galicia”. En R. Piñeiro: *Olladas no futuro*. Vigo: Galaxia, 245-56.
- RUTHERFORD, J. (2007). “O humorismo da periferia e a comicidade do centro: a retranca e a guasa”. En M. Liñeira & D. Vilavedra (eds.). *John Rutherford, Mar por medio*. Trasalba (Amoeiro): Fundación Otero Pedrayo, 19-27.

Risum et morsum: humor y crítica en la poesía latina.
A propósito de Celestino Fernández de la Vega y su visión de los clásicos

Eva CASTRO CARIDAD
Universidade de Santiago de Compostela

Cuando, hace unos meses, el profesor Alexandre Veiga tuvo la amabilidad de invitarme a participar en el «Curso de Primavera 2016», me indicó que el motivo central iba a ser el humor y me dio unos días para que propusiera el tema de mi conferencia. Pues bien, el rasgo más característico del humor romano es la mezcla de la risa o la sonrisa (*risus*) con la chanza mordaz, ácida y picante (*morsus*). En el género literario donde se entrecruzan ambos rasgos es en la sátira, de la que en Roma se decía *tota nostra est*.

Hoy en día hay buenas monografías sobre la sátira y los satirógrafos romanos, aunque no tantas sobre el género en la Edad Media latina. Pero, como no iba a hablar del Medioevo, decidí orientar esta exposición hacia el humor de la sátira, si bien desde el punto de vista retórico, es decir, como elemento constitutivo del discurso literario, tal y como había sido analizado primero por Cicerón (106 a.C - 43 a.C) y más tarde, siguiendo sus enseñanzas, por el maestro de retórica Quintiliano (35 d.C.- 95 d.C.).

Ahora bien, este curso primaveral rinde homenaje a Celestino Fernández de la Vega (Friol, Lugo, 1914 - Lugo, 1986), y a él le debemos un estimulante ensayo, titulado *O segredo do humor*. Fue publicado por la editorial Galaxia en el año 1963, con prólogo de Ramón Piñeiro, y poco después, en 1967, fue traducido al español. La obra tuvo una nueva edición, corregida y ampliada, editada asimismo por la editorial Galaxia, en 1983, antes del fallecimiento del autor, que es la que he utilizado para este trabajo. Además ha sido reeditada en varias ocasiones por la misma editorial Galaxia, en 1995, 2009 y 2012 (esta vez en formato electrónico) y por *La Voz de Galicia* en 2002¹. Por último, el ensayo de Fernández de la Vega es uno de los textos seleccionados por Jonathan Dunne para su antología sobre la literatura gallega, que abarca desde sus inicios, a finales del siglo XII, hasta 1981, fecha de aprobación del Estatuto de Autonomía de Galicia. En concreto, el autor británico (Dunne 2010: 266-72), que contó con la colaboración de Andrés Torres Queiruga, se sirvió de la primera edición del ensayo de 1963 y editó el capítulo titulado *O senso do humor*.

En la «Confidencia final» con la que cierra su obra, Fernández de la Vega (1963/2009³: 200-1) afirma, siempre con gracia, que no sabe si su teoría sobre el humorismo

¹ Para este trabajo nos serviremos de la 3.ª edición, publicada por la editorial Galaxia en 2009.

es verdadera, pero que para refutarla habría que presentar otra mejor. Para él sería una alegría que hubiera una refutación a su hipótesis, pero, con socarronería, añade que sería una felicidad mayor, si su propuesta fuera correcta y solo necesitara complementos o desarrollos de aspectos ya señalados por él.

Pues bien, intentaré darle esa alegría, allá donde esté, porque desarrollaré aspectos referidos al humor en época antigua, ya que Fernández de la Vega habla ocasionalmente de ello, por ejemplo, en el cap. IV («Epiderme do humor», pp. 53-59), donde menciona a Cicerón y Quintiliano como autores que teorizaron sobre el uso del humorismo en los discursos; o en el cap. V («Estructura e senso do humor», pp. 61-94), donde menciona a Aristóteles a propósito de la teoría de la tragedia, o a Sócrates al hablar de la ironía. Pero es en el cap. VIII, «Os límites temporais do humor» (pp. 157-54), donde se centra en el género de la sátira y cita a Luciano de Samosata (121-81 d.C., autor griego que se formó durante años en Roma, aunque se asentó en Atenas definitivamente), a Juvenal (60-128 d.C.) y a Marcial (40-104 d.C.).

En respuesta a Pirandello, que consideraba que el humorismo existió en todos los tiempos y todas las partes, incluida la época antigua, a la que se refiere mediante la mención a Sócrates y Luciano, Fernández de la Vega afirma, y, con ello estoy de acuerdo, que existía un prejuicio que llevaba a interpretar con criterios modernos los hechos antiguos:

A interpretación psicolóxica das derradeiras verbas de Sócrates e da súa ironía como manifestacións humorísticas débese a un prexuízo teimoso e moi xeneralizador e, ata certo punto natural: a tendencia a interpretar e entender con criterios modernos os feitos e ditos antigos (Fernández de la Vega 1963/2009³: 139).

Hoy, la teoría literaria del horizonte de expectativas, propuesta en 1977 por Hans Robert Jauss², surgida después de que nuestro autor elaborase su ensayo, solucionó ese problema interpretativo, señalando que para analizar y comprender un texto es necesario tener presente los parámetros en los que ese texto fue creado y recibido por el público al que iba destinado. Ahora bien, a pesar del loable posicionamiento teórico de Fernández de la Vega, tan próximo a la teoría de la recepción, conviene detenernos en el apartado titulado «Riso antigo e humor moderno» (1963/2009³: 142-52) que forma parte del cap. VIII, «Os límites temporais do humor», antes mencionado, porque aquí está la clave de la visión de nuestro ensayista sobre los clásicos.

Sin embargo, conviene antes recordar que en el cap. IV, «Epiderme do humor» (1963/2009³: 53-60), había afirmado que el humorismo no es la risa, sino la sonrisa, la cual a su vez es tan distinta de la risa, como el humor de la comicidad. Así, la relación establecida por Fernández de la Vega se plasmó en las parejas «humor-sonrisa», «comicidad-risa», y argumentó que comicidad y humor, no ya como creaciones literarias o artísticas, sino como actitudes humanas, eran, en su opinión, completamente distintas. En definitiva, el humor de ningún modo puede ser entendido como una especie de comicidad. Fernández de la Vega afirma que tal vez se pueda hablar de sátira humorística moderna, pero la sátira clásica no es

² En realidad el filólogo alemán ya había ido elaborando su propuesta en trabajos anteriores, publicados entre 1955 y 1967 (Rush 1997).

más que una forma especial de comicidad, es decir, una sátira cómica que consiste en la ridiculización o risa a cuenta del satirizado.

En el apartado antes mencionado, «Riso antigo e humor moderno», Fernández de la Vega sostiene que el humorismo es incompatible con el dogmatismo, por eso, se pregunta «¿Pódese falar de humorismo a propósito de Luciano de Samosata, de Xuvenal ou de Marcial?» (1963/2009³: 142). Considera que la sátira clásica es una forma especial de comicidad, es decir, una «sátira cómica, ridiculización, riso a conta do satirizado». Esta sátira antigua tiene cierto aire dogmático y pedante, que se acentúa cuando su propósito es moralizante o pedagógico. A su juicio, pues, el satírico antiguo tiene una suficiencia antipática, porque se siente superior, y está alejado de la simpatía que inspira la compasión y las circunstancias atenuantes del humorista. Si el satírico antiguo, dice Fernández de la Vega, fuera capaz de reírse de sí mismo y de adoptar el punto de vista ajeno, dejaría de ser satírico y se haría humorista.

La opinión de nuestro ensayista con respecto al humor en los escritores clásicos es muy negativa (1963/2009³: 143), ya que recuerda que de Menipo (ss. IV-III a.C., filósofo griego de la escuela cínica) se decía que era un perro que trababa la traición riendo; de Luciano, que su sátira era demasiado pesimista y mostraba desprecio hacia la humanidad; de Juvenal, que no perdonaba nada y estaba lleno de énfasis moralizante, y de Marcial, que era un «bocachán», un malhablado. Es interesante preguntarse por qué motivo Fernández de la Vega tenía tal posicionamiento ante el género literario de la sátira. Para ello conviene tener en cuenta el momento en el que escribe nuestro autor y las referencias que tuvo a mano. En lo que se refiere al capítulo dedicado a los clásicos, el referente empleado fue la obra de Ernst Robert Curtius *Literatura europea y edad media latina* (1.^a ed. alemana en 1948, 1.^a ed. castellana en 1955), que cita nada menos que en cinco ocasiones³, en especial el breve excursus titulado «Bromas y veras en la literatura medieval» (Curtius 1955: 594 y ss.). En esta digresión el filólogo alemán parte, como siempre hace, de la Antigüedad antes de llegar al Medioevo.

Para Curtius el humor en la Antigüedad es una constante mezcla entre lo trágico y lo cómico, incluso en la épica homérica. Como ejemplo, recoge el episodio de la *Odisea* (8, 302 y ss.), en que el dios Hefesto encuentra en situación comprometida a su esposa Afrodita y al dios Ares; se produce, entonces, un episodio bufonesco, cuando los amantes quedan atrapados por una red que había dispuesto el esposo despechado, quien convoca a los demás dioses olímpicos para burlarse de ellos. Curtius, siguiendo el pensamiento cristiano occidental, se debate entre dos polos; es decir, entre la crítica más severa, recogida en adagios del tipo *Risu inepto res ineptior nulla est* (Catulo 39,16: ‘No hay nada más necio que una risa necia’) de carácter profano, o *Risus abundat in ore stultorum* (‘La risa abunda en la boca de

³ Fernández de la Vega (1963/2009³, nn. 9, 30, 35, 40 y 41). No fue esta la única obra de Curtius citada, sino que también manejó *Ensayos críticos acerca de Literatura Europea*, Barcelona, 1959 (*op. cit.*: 21, n. 2). Otros estudiosos del mundo clásico citados fueron Jacob Burckhardt, *Historia de la cultura griega*, Madrid, 1944 (*op. cit.*: 69, n. 11), Romano Guardini, *Der Tod des Sokrates*, Hamburgo 1958, y Antonio Tovar, *Vida de Sócrates*, Madrid 1947 (*op. cit.*: 139, n. 34), así como Francisco Rodríguez Adrados *et alii*, *Introducción a Homero*, Madrid 1963 (*op. cit.*: 141, n. 36).

los necios’) de inspiración bíblica⁴, y la idea horaciana de *ridendo dicere uerum* (Horacio, *Sat.* 1,1,24: ‘Decir la verdad sonriendo’). Concluye Curtius que de todos modos la Antigüedad romana estableció como convención aceptable *ioca seriis miscere* (‘mezclar los chistes con las cosas serias’), chistes basados en juegos verbales que en ocasiones podían rebasar los límites de la decencia.

En realidad, Curtius es representante del pensamiento occidental sobre el mundo antiguo, especialmente romano. Según la idea dominante de la época, no podía existir otra imagen de Roma más que la de su *grauitas, dignitas y maiestas* (aspectos idealizados, hay que reconocerlo, por los propios escritores romanos, como hizo Cicerón en *Tusc.* I,1,2. No era admisible para un erudito europeo del momento un romano gracioso, que supiera reírse de sí mismo y cuyo humor no fuera dogmático. Teniendo, pues, Fernández de la Vega como único referente a Curtius, es lógico que nuestro ensayista propugnase la hipótesis de que el «humorismo», era un fenómeno enteramente moderno, desconocido en el mundo clásico y medieval (Fernández de la Vega 1963/2009³: 137), además de ser una manifestación típica de la cultura occidental (*op. cit.*: 168). En puridad, no se puede hablar de «humorismo», con su estructura plenamente constituida, antes de Cervantes, Quevedo o Shakespeare (*op. cit.*: 173)

A buen seguro, la opinión de Fernández de la Vega hubiera sido distinta, si hubiera tenido la oportunidad de leer la monografía de E. Saint-Denis *Essais sur la rière et la sourire des latins*, de 1965. El autor francés explica en su prefacio que este trabajo estaba finalizado ya en el curso 1937-1938, pero que no pudo ser publicado hasta casi 30 años más tarde. A pesar de que hoy en día es el estudio básico para abordar el humor en la literatura romana, sin embargo, Saint-Denis tuvo que aceptar durante años que los editores de la época no quisieran publicar el trabajo, porque los romanos no podían reír ni tener sentido del humor.

Se ha convertido ya en un lugar común, que remonta a los ensayos sobre el humor de comienzos del siglo XX, como los de Henri Bergson (*Le rière*, 1900) o James Sully (*An essay on laughther*, 1902), destacar las paradojas que se presentan al hablar del humor, ya que no hay nada más serio que el humor en literatura, como señalaron Ernst Stein (1959: el humor hay que tomarlo en serio) o el propio Fernández de la Vega (1963/2009³: 201), que cita la referencia de Rudolf Leonhard (Lissa, 1889 – Berlín, 1953) «Nada es serio de un modo tan triste como el intento de explicar el humor». Así pues, un escrito académico que intenta explicar el humor no es una colección de gracias al modo del «Club de la Comedia», sino que pretende definir y analizar la esencia de un fenómeno complejo y, aparentemente, indefinible en el que se han centrado tanto teóricos del humor, como los propios humoristas.

Esta paradoja fue ya señalada por Cicerón, *De oratore*, lib. II, 54, 216-218, quien afirmó que:

Quae [iocus et facetia], etiam si alia omnia tradi arte possunt, naturae sunt propria certe neque ullam artem desiderant... sed qui eius rei rationem quandam conati sunt artemque tradere, sic insulsi exstiterunt, ut nihil aliud eorum nisi ipsa insulstas rideatur; qua re mihi

⁴ Sobre el origen de este refrán es ilustrativo el trabajo de Renzo Tosi (2013).

quidem nullo modo videtur doctrina ista res posse tradi [‘Aunque todo lo demás puede transmitirse con reglas, esto (el humor: *iocus et facetia*) nace con cada uno y no necesita de aprendizaje alguno... y si algunos autores han intentado elaborar método o técnica alguna respecto a este tema, han resultado tan sosos que nada provoca la risa sino su propia insulsez. En consecuencia, me parece que este asunto en modo alguno puede enseñarse teóricamente’].

Con todo, a pesar de reconocer esta peculiaridad, Cicerón pasó a continuación a analizar de manera precisa y descriptiva el humor como elemento retórico. Al revisar con atención el tratado ciceroniano, se observa un hecho curioso, y es que no existe ninguna palabra en latín que recoja el concepto que actualmente se engloba bajo el vocablo vernáculo *humor*. Sobre el origen y valor polisémico de la palabra *humor* en las diversas lenguas modernas, Fernández de la Vega hizo una excelente exposición en *O segredo do humor*, en concreto en los caps. II («Ida e volta ó diccionario») y III («Choiva de definición»). Me limitaré aquí a hacer un breve resumen de la evolución del término. El vocablo latino *umor/humor*, *-oris* significa ‘líquido’ y se empleó en el lenguaje médico para designar los cuatro líquidos básicos del cuerpo humano. Si había equilibrio entre ellos el individuo «estaba de buen humor», es decir, gozaba de buena salud; pero, si se producía alguna alteración, entonces «estaba de mal humor». Fue Teofrasto, filósofo griego del s. III a.C. quien puso en relación los humores con el carácter de las personas. La personalidad basada en esos humores fue la base de la caracterización de los personajes de la comedia, primero de Menandro y, más tarde, de Plauto. Esto fue lo que permitió al dramaturgo, poeta y actor inglés Ben Jonson (c. 1572-1637), contemporáneo de Shakespeare y de Cervantes, explicar su idea de comedia a través del teatro de «humores» o caracteres, y desde entonces *humor* quedó asociado al concepto de lo cómico. El «brinco semántico», como dice Fernández de la Vega (1963/2009³: 33), de un término tan latino como *humor* fue dado por los ingleses en el siglo XVIII.

Y ¿en latín? Cicerón emplea en la sección del libro II del *De oratore* (54, 216-71, 289) hasta once formas diferentes: *Bona dicta*, que se puede traducir por ‘chistes’; *Cauillatio*, *-onis* (derivado de *cauillor*, ‘decir bromas’) se traduce por ‘broma, alegría’; *Dicacitas*, *-atis* (derivado de *dicax*, ‘mordaz’, y este a su vez del verbo *dicere*) se traduce por ‘mordacidad, causticidad’; *Facetia*, *-ae* (derivado de *facetus*, ‘elegante, de buen gusto’, y este de *facies*, que a su vez deriva de *facio*) equivale a ‘gracia, sutileza, donaire, chiste’; *Festivitas*, *-atis* (derivado de *festivus*, y este de *festus*, ‘fiesta, alegría’), se traduce por ‘jovialidad, ingenio, agudeza, donaire’; *Hilaritas*, *-atis* (gr. ἰλαρός) equivale a ‘alegría, gozo, buen humor’; *Iocus*, *-i* (or. obsc.) designa ‘juego de palabras, dicho o hecho gracioso’; *Lepos*, *-oris* (or. obsc.) se traduce por ‘ingenio, encanto, gracia’; *Ridiculum*, *-i* (derivado de *ridere*, ‘reír’) se traduce por ‘lo que hace reír, chiste, gracia, bufonada’; *Sal*, *salis* (gr. ἅλις) equivale a ‘sal, salero, gracia’; *Urbanus*, *-a*, *-um* (derivado de *urbs*) equivale a ‘ameno, gracioso, festivo, agudo, ingenioso’.

Cicerón no se dio cuenta de este hecho, pero sí Quintiliano, que en el libro VI de su *Institutio oratoria*, cap. III, *De risu*, 17-22, recogió varios nombres (*urbanitas*, *uenustum*, *salsum*, *facetum*, *iocum* y *ridiculum*) y explicó de dónde procedían. ¿Al no tener vocablo que lo designase, los romanos no tenían sentido del humor? Sí, pero disponían de palabras que reflejan aspectos concretos de ese estado de ánimo o condición. Hay que tener presente que el concepto actual de ‘humor’ es un concepto abstracto y es bien sabido desde los estudios

de Jules Marouzeau (1949: 107-24), que el latín fue ganando poco a poco la conquista de lo abstracto. Las quejas de Lucrecio y de Cicerón sobre la pobreza de la lengua latina para expresar ciertas realidades o nociones abstractas son bien conocidas. Para suplir esa carencia, los latinos enriquecieron semánticamente palabras ya existentes, cuyo significado primario era concreto; así un órgano o parte del cuerpo sirvió para designar una cualidad física o moral (poner a uno de mal humor: *stomachum alicui mouere*; chistes inofensivos: *genus boni stomachi*), o se sugiere una noción al enunciar la realidad de la que parte (gracia, salero, pero también causticidad: *sal*), o se añade al sustantivo un adjetivo que expresa la caracterización buscada (humor, chiste, gracia: *bona dicta*).

Cicerón, en su tratado *De oratore* (lib. II, 54, 216-71, 289), al finalizar el capítulo dedicado a la *inuentio*, es decir, a la parte de la retórica que busca argumentos, señaló que el humor o *ridiculum* era un buen medio de persuasión sobre el auditorio. Este asunto es un rasgo particular del arpinate y extraño por completo a la tradición retórica anterior (Aristóteles en su *Retórica* remite a la *Poética* acerca de las formas de lo risible o cómico, pero esa sección no se nos ha conservado). Cicerón, en primer lugar, señala que el humor (*ridiculum*) se podía conseguir por medio de dos formas:

A) *Dicacitas*, ‘dicho agudo, puntual y mordaz’, que suele constituir un desaire para el que es objeto de esa gracia. Es un humor punzante que apunta al *páthos*, es decir, a la posibilidad de actuar mediante la risa, el ridículo, lo deforme contra el adversario, ya sea mediante juego de palabras (así, se podría jugar con formas como *Mobilior* ‘demasiado móvil’, en lugar de *Nobilior*, ‘excelente’), o descripción de situaciones comprometidas, como por ejemplo la anécdota que contaba Catón, el Censor, sobre Publio Cornelio Escipión, más tarde llamado el Africano, que tuvo que ser rescatado por su padre de los brazos de su amante.

B) *Cauillatio* o *festiuitas*: tener gracia, y se refiere a un humor difuso, nada hiriente, que testimonia más bien el ingenio de quien lo dice en lugar de constituir un ataque. Apunta al *éthos*, es decir, a presentar al orador desde la mejor situación posible, en este caso como persona inteligente al mismo tiempo que divertida sin necesidad de herir a nadie.

Esta distinción entre la *dicacitas* y la *cauillatio* tiene un marcado carácter itálico, porque no se encuentra en la literatura helénica. Tras esta exposición, Cicerón (*de orat.* II, 58, 235 y ss) analiza la risa (naturaleza, de dónde surge, si es propio del orador provocar la risa, hasta qué punto ha de hacerlo y los tipos de lo risible). Lo mismo hará Quintiliano, *Institutio oratoria* VI, cap. III, *De risu* (Virtud oratoria; Fuentes: naturaleza de las cosas y oportunidad; Denominaciones; Modos de expresar lo que causa risa; Límites en su utilización).

Ambos autores hacen recomendaciones desde el punto de vista retórico: (1) con chanzas y risas (*ioco et risu*) se disuelve una situación desagradable (236), (2) la necesidad de lo adecuado del momento, la moderación y templanza en la mordacidad misma y lo espaciado de sus gracias distinguirán al orador del bufón (*scurra*) (247), (3) se utilizará una exposición elegante y graciosa (*elegans et uenusta expositio*), (4) el chiste mordaz consiste en dispararlo con acierto (Cic., *De orat.* 26, 28, Quint. VI, III, 42), (5) el chiste amable es el que echa en cara lo menos que puede (*est gratus iocus, qui minus exprobat quam potest*), el que sirve para reírse de uno mismo (*de se dicere ridiculum est*) y el que se dice de alguien a la

cara, no cuando está ausente (Quint. VI, III, 94). Ambos autores insisten en que se ha de evitar tanto la búsqueda de la carcajada (*risus*), porque a juicio de Cicerón es la recompensa más desvaída del talento (*tenuissimus ingeni fructus* (247), como la mordacidad chocarrera y cómica (*didacitas scurrilias et scaenica*) y la obscenidad (Quint. VI, III, 29).

Ambos se preocuparon de establecer una clara distinción entre la mordacidad chabacana del bufón y la exposición elegante y graciosa; es decir, entre la risa y la sonrisa, entre el reír a carcajadas y el sonreír. Al constatar la precisión de las recomendaciones y limitaciones hechas por ambos autores sobre el uso del humor, es necesario concluir que en latín existió una dificultad léxica por la *egestas* (pobreza) del lenguaje, pero no una falta de sensibilidad y análisis del fenómeno. Quintiliano, Plutarco y Macrobio, entre otros, recuerdan que el propio Cicerón tuvo un sentido del humor innato, reflejado en numerosas ocasiones en sus obras, lo que en ocasiones sirvió a sus enemigos para desacreditarlo al llamarle *scurra consularis* ('bufón que llegó a cónsul'); incluso Catón llegó a exclamar *Quam ridiculum habemus consulem!* ('qué cónsul tan chistoso tenemos'). Las gracias de Cicerón fueron recogidas por su secretario Tirón, que elaboró una colección de *facetiae* (humor verbal en forma de breve relato o de frase chistosa) como recurso retórico del perfecto orador. Las colecciones de *facetiae* o colecciones de chistes, anécdotas, dichos y apotegmas se hicieron muy populares durante el siglo I a.C. y llegan hasta nuestros días, a través del Medievo, el Renacimiento, por toda Europa, en latín y en las diversas lenguas vernáculas.

Si hay un género donde hallemos el *risus*, entendido como sonrisa, y el *morsus*, el chiste mordaz disparado con acierto, es la sátira. Sin embargo, la sátira romana no es solo la de Juvenal, el poeta de la *indignación*. Pero ¿qué romano de bien no hubiera estado indignado al vivir en una sociedad moralmente corrompida? ¿Acaso no es también lícita nuestra indignación ante la corrupción que nos asfixia día tras día, o la cobardía europea ante el drama de los refugiados? Pero la sátira romana es también la crítica bromista que se hace del amigo cuando está presente; es la sátira de Horacio. El romano tenía su propio sentido del humor; en ocasiones subido de tono como las chanzas fesceninas; en ocasiones simplemente por mera diversión como las competiciones de insultos de los cantos amebéos. Ahora bien, ese humor tenía un límite: la deshonra, la afrenta, la infamia, el *opprobrium*, que desde la ley de las XII tablas estaba castigado con la pena capital:

*LEX VIII, 1: XII tabulae cum perpauca res capite sanxissent, in his hanc quoque sancientiam putaverunt: si quis occentavisset sive carmen condidisset, quod infamiam faceret flagitiumve alteri. [‘Aunque la ley de las XII tablas era muy remisa a castigar con la pena capital, sí eran favorables a ella: si alguien hubiera cantado o compuesto un poema atentando contra el honor o la reputación de alguien’]. (Cic., *de rep.* 4, 10, 11; Agust., *Ciu. Dei* II, 9).*

Haciendo un juego de ucronía, a buen seguro que Fernández de la Vega, si hubiera accedido a la lectura de los pasajes de Cicerón y Quintiliano sobre el humor, estaría de acuerdo con ellos y hubiera tenido una opinión diferente sobre el humor en los autores clásicos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CURTIUS, E. R. (1955): *Literatura europea y edad media latina* [1ª ed. alemana, 1948]. México D.F.: Fondo de Cultura Económica.
- DUNNE, J. (2010): *Anthology of Galician Literature. Antoloxía da literature galega [1196-1981]*. Vigo: Xunta de Galicia / Edicións Xerais de Galicia / Galaxia.
- JAUSS, H.-R. (1977a): *Alterität und Modernität der mittelalterlichen Literatur, Ges. Aufsätze 1956-1976*. München: Fink.
- JAUSS, H.-R. (1977b): *Ästhetische Erfahrung und literarische Hermeneutik*. München: Fink.
- FERNÁNDEZ DE LA VEGA, C. (1963): *O segredo do humor*. Vigo: Galaxia [1995², 2009³, 2012⁴; A Coruña: La Voz de Galicia, 2002].
- FERNÁNDEZ DE LA VEGA, C. (1967): *El secreto del humor*. Buenos Aires: Nova.
- MAROUZEAU, J. (1949): *Quelques aspects de la formation du latin littéraire*. Paris: Klincksieck.
- RUSH, O. (1997): *The Reception of Doctrine: an Appropriation of Hans Robert Jauss' Reception Aesthetics and Literary Hermeneutics*. Roma: Editrice Pontificia Università Gregoriana.
- OSI, R. (2013): "Sulla genesi di alcuni proverbi". En L. M. Pino Campos & G. Santana Enríquez (eds.): *Kalos kai agazos aner didaskalou paradeigma. Homenaje al profesor Juan Antonio López Férez*, Madrid: Ediciones Clásicas, 813-9.
- SAINT-DENIS, E. (1965): *Essais sur la rire et la sourire des latins*. Paris: Les Belles Lettres.

Dúas beiras do humor: a cultura galega e a arxentina a través do seu humorismo

Carmen CONDE GAUTE
Filóloga, humorista, escritora e guionista

Estás nunha barca no medio dunha lagoa. A partires deste intre, has estar subido a esa barca todo o que dura a lectura deste artigo. Non sei como son as lagoas no teu imaxinario, mais estou convencida de que teñen beiras. De acordo, ata o de agora, imos ben. O que non che contei é que se miras á túa dereita has ver un bosque escuro, invadido pola bruma e polas bestas. Se miras á túa esquerda, has ver un páramo con carpa de circo, a xulgar polas gargalladas, en plena función. Pero non te movas, segues na barca. Podes ver, dende a túa nada fácil posición, que de cada lado a auga de dúas fervenzas cae con furia na túa lagoa. Con todo, non é algo que te abafe, só te mantén en tensión. E explícome: ata a túa barca chegan apenas unhas ondínas que se misturan. E si, unha é auga do bosque escuro. A outra auga que chega do páramo. Tés remos na túa barca, pero hai algo que debes saber: non podes topar ningunhas das dúas beiras. Poderás achegarte a unha ou a outra, máis nunca topalas.

Falemos máis claro agora. O que non che dixen é que estás navegando en augas do humor. Que ese bosque escuro é a traxedia, que ese páramo circense é a comedia. E que o esforzo que estás a facer ti ao manterte en pé entre dúas augas, é un verdadeiro afán por non perder a cabeza, por non darte por vencido, como nos explicaría o intelectual galego Celestino F. de La Vega.

Imaxino que ese é o motivo polo que en realidade hai tan poucos humoristas verdadeiros. A tarefa non é sinxela.

Eu cheguei a Arxentina o 15 de marzo de 2015, ano electoral. Exactamente igual que acó, que en España, tamén aló tódolos políticos estaban en campaña. Houbo dúas cousas que vin nada máis empezar a pisar as rúas de Buenos Aires. A primeira de todas, que o arxentino —e máis aínda o humorista arxentino— é un animal político. A segunda é que a política, aínda co dramático dos resultados, era en si mesma moi humorística. Estiven dous días preguntándome se os cartaces xigantes que anunciaban candidatos por toda a cidade eran de campaña política ou obras de teatro que se podían ver na avenida Corrientes.

Creo que foi o acto máis honesto de campaña que vin na miña vida. Era algo así como dicir: «Mirá, da igual a quién elijás, todo esto es ficción». E o sentimento arxentino era

talmente ese: calquera candidato ía enganalo. Parecíame moi coherente o aire teatral dos cartaces. Nada do que prometían era real, era acto de campaña. Era unha obra que estaba de xira por todo o país e a tempada de representación era longa de abondo.

Pero claro, xa o dicía Orwell no seu libro *1984* cando introducía o termo «dobrepensar», que non é nin máis nin menos que soste dúas opinións opostas sobre algún asunto ao mesmo tempo e crer en ámbalas dúas. Neste caso, saber de antemán que te van enganar, pero á súa vez sentir que algún deses políticos pode salvarte. Non é inxenuidade, é esperanza. Bah, «esperanza», así con desgana. Porque o pobo arxentino foi politicamente machacado dende tempos remotos, é importante que nos fagamos cargo do arranque como mínimo.

Os primeiros días preguntábanme «Che, ¿decís que España está en crisis? Me estás jodiendo, boluda, en crisis estuvo este país desde que nació, no conocemos otra cosa». E combatíronas, ata onde eu sei, a crisis e a tiranía dos gobernantes que se sucederon na República Arxentina coa arma máis poderosa que ten o ser humano: o humor. A ver, están o humor e as bombas de hidróxeno, pero esas tenas Corea do Norte. É outro tema. Así que se de verdade quero contar como é a cultura arxentina a través do seu humor, teño que falar pola súa forza da súa política.

Remonteime o suficientemente atrás no tempo como para poder contarvos que o pai do caricaturismo arxentino é de Cervo (si, correcto, na Mariña Lucense). Falo de Xosé Manuel Cao. Cao é o claro exemplo de que ser humorista implica ser revolucionario. Cando os seus debuxos chegaron á revista *Don Quijote*, gobernaba o presidente Roca, que deixou un legado tan estupendo coma o fraude electoral, a rebaixa dos dereitos á clase obreira, o alonxamento da maior parte da cidadanía da política e o incremento da débeda externa. A crítica de Cao a través do debuxo foi tan fera, que foi vítima dun dos feitos máis violentos ocorridos en democracia cara un humorista: tentaron asinalo no seu propio lugar de traballo por unha das súas caricaturas ao xeneral Alberto Capdevila. Antes diso, por suposto, xa tiña acumuladas varias detencións. Esa tentativa de asasinato xerou semellante trasfega que arrestaron a Cao e tivo que intervir o mesmísimo presidente contra quen tantos ríos de tinta tiveran corrido. A revolución xa estaba nas rúas. Iso si, cando Cao quedou en liberdade, o goberno pechou a revista. Había un lema con respecto a esta publicación: «Este periódico se compra, pero no se vende». Moito ollo con Cao, porque chegado un punto, o propio Leandro N. Alem, que formaba parte da Unión Cívica, que iniciou un levantamento contra o goberno, afirmou que a revolución fixérona as armas e as caricaturas. Aí queda iso.

O pobo, consumidor febril daqueles diarios que animalizaban a clase política, que foron un exemplo para a sátira gráfica actual, era máis consciente que nunca do que estaba a suceder. O humor debuxado chegaba a tódalas clases sociais, tamén aos iletrados. Foi a era de revistas como *El Mosquito* ou coma *Caras y caretas*. De todas elas e de moitas outras, como *Fray Mocho*, formou parte Cao. Home renacentista a cabalo entre dous séculos e dous continentes, loitador dende o debuxo, nacionalista galego dende a distancia, amante da música e máis da poesía. Tantas veces detido, tentaron matalo e só a el se lle ocorre finar de morte natural aos 55 anos.

Ben, temos entón presente con Cao o carácter revolucionario e loitador do humorista. Lembramos que hai tan só un anaco, cando tratábamos de definir o humor, contabamos

que é precisamente un esforzo por non darse por vencido. Así que o humorista non só expresa o seu arte con humor, ademais é que vive dese xeito. E así é como descubro a figura de Macedonio Fernández.

Este tipo, que chegou a min en pleno proceso de pesquisa, foi o autor dunha novela en constante proceso de creación: *Museo de la Novela de la Eterna*. Aínda que antes de concluíla escribiu noveliñas breves como *Papeles de Recienvenido*. Macedonio era humorista e ás veces dubido de se el mesmo era consciente. Na súa lagoa, esa na que un fai o posible por manterse a flote, resulta que facía reflexións metafísicas e análises profundas do ser humano. Análises que só alguén que ten a panorámica do bosque e máis do páramo pode facer. Macedonio tivo a capacidade de falar do cidadán medio con agudeza visual e espiritual inabarcabeis. Nesta noveliña curta que acabo de mencionar aparece, en alusión a unha caída que sofre o protagonista na cidade de Buenos Aires, o seguinte diálogo:

Me di contra la vereda.

—¿En defensa propia? —indagó el agente.

—No, en ofensa propia: yo mismo me he descargado la vereda en la frente.

—La comisa de la vereda —apuntó un reportero— le cayó sobre el rostro a nivel de la tercera circunvolución izquierda, asiento de la palabra...

—Y del periodismo —insinuó el accidentado.

—Que ha recobrado en este momento.

Y sigue redactando el periodista: —El artesonado de la acera...

—No se culpe a nadie, propongo...

—No, eso es para suicidarse.

—De mi pronta mejoría, quería decir. Ruego al señor reportero que figure algo en la noticia de «decúbito dorsal».

—No hay necesidad: los operarios tipógrafos lo ponen siempre. O si no, ponen: «base del cráneo».

—¿Se me dirá si me puedo levantar sin deslucir la noticia de un suicidio?

—¿Iban mal sus negocios?

—Nada de eso: la única dificultad ha sido el cordón de la vereda.

—¿Puedo anotar oposición de familia a su noviazgo?

Otro insiste en que había mediado agresión y le ruega aclarar si se interponía «un viejo resentimiento».

—Alguien, un desconocido desde mucho tiempo atrás para usted, avanzó resueltamente y desenfundando un cordón de la vereda Colt Browning se lo disparó.

En fin, Recienvenido empieza a sulfurarse y los increpa:

—¡Yo estaba aquí antes que ustedes y mis informes son más anticipados! Voy a darles un resumen publicable:

«Yo caí. Fui derribado por el golpe de la orilla de la vereda; sin embargo, no necesitaba ya serlo, pues mi cabeza salió a recibir el golpe yéndose al suelo. Caí; fue en ese momento que me encontré en el suelo. Ninguna persona había.

—¿Estaba yo! —Y yo.

—Y yo —dicen los reporteros.

—Muy bien. No imaginando que hubieran tantas personas en torno mío que me precisaran, invertí unos minutos de desmayo en estarme quieto sin apresuramiento. Cuando desperté, me supuse o que había recibido parte de la vereda en la cabeza, o que había leído algún capítulo de Literatura Obligatoria del Mío Cid o el Cielo del Dante. Rodeado, en las cuatro direcciones de la instrucción pública, N. S. E. y O., por infinitas personas en número de setenta que habían

abandonado importantes negocios para formarme un cinturón zoológico suburbano, se llamó a la Asistencia Pública para que me trajera un vaso de agua que nunca llegó.

—Retardo de la Asistencia Pública —anota un cronista.

—Algo de delirio —otro.

—¿Me permiten? —siguió Recienvenido—. No obstante la falta de horario, el accidente es la única cosa que yo nunca he visto desperdiciar; el agua caliente, el fuego, desperdiciamos con frecuencia, pero siempre alrededor de aquél he visto a muchas personas que están juntando al accidentado, rodeándolo para que no se filtre y desparrame, formando un círculo tan perfecto como perfecto es el centro de él formado por la persona más o menos completa en el momento que ha tomado el papel de accidentado.

(Fernández, Macedonio, 1922).

A ironía romántica como tensión constante, os xogos de palabras que deixan moitas evidencias. Aínda con todo segue a parecerme un humor lixeiramente benévolo. Onde si, é certo, aparece un recurso da comedia máis clásica: a caída. Mais ningún de nós ri. O máximo que facemos é sorrir ao ver como o autor revirte algo tan común e aparentemente anodino como esa caída para facer dende aí toda unha análise social. O protagonista, Recienvenido, pregunta incluso se deslucirá moito a nota dun suicidio se se ergue. Non quere entorpecer o labor periodístico. E non sei a vostedes, pero a min isto dame tenrura. Logra facer unha crítica, case unha radiografía da sociedade porteña dos anos 20, sobre todo a través da súa prensa. Macedonio contén a gargallada do lector porque Recienvenido pon o contexto social en evidencia. O protagonista non ten ningunha intención de culpar a ninguén. É moito máis nobre que todos aqueles que se lle botan enriba.

Fernández foi amigo do pai de Borges e influíu fundamente na obra e vida do fillo do pai. Que lío, non? Influíu tamén en Cortázar e pertenceu á mesma xeración de escritores que Leopoldo Lugones. Chegado un punto e dende ese xeito tan seu de contemplar a vida, que poñía en xaque sistemas enteiros con preguntas sinxelas e nunca dende verdades absolutas, Macedonio marchou co pai de Borges e uns cantos máis a vivir anarquicamente a unha illa. Pero aquilo non durou. Tamén se presentou a unhas eleccións á Presidencia da Nación, con ese lirismo propio do que sabe que non ten nin a máis mínima opción, pero que hai que ser partícipe e tratar de cambiar as cousas. Borges nunca tería sido Borges sen el. Isto era algo que non podía deixar sen dicir. Macedonio creou linguaxes e formas de expresión novas constantemente. Como non se atopaba, buscábase todo o tempo. Este é un labor fundamental do humorista. Por iso ás veces aseméllase unha miguíña a un filósofo. O que Borges fixo foi sutilmente imitar o que iba xerando Macedonio. Xa está, xa o dixeran, xa quedo tranquila. Aínda que hai dicir que o propio Borges o admitiu no seu momento.

Vemos entón de volta esa actitude ante a vida que nos ofrece o humorista. A investigación constante, a creación, a ironía, as evidencias acusadoras, mais ao mesmo tempo a benevolencia. Non perder de vista xamais as dúas caras da moeda. Reflexionar sobre de ámbalas dúas.

E así é como desembocamos nunha das décadas máis tanguerías deste percorrido: os anos 30. Onde a voz cantante (e permítanme que sexa literal) tena para min, entre todos, unha muller.

Si que farei alusión a un home, pero era literato dos da beira máis escura da lagoa. Deixádeme afondar primeiro na faciana desa muller que marcou unha época: *Tita Merello*. Nesta década manda a sátira. Quizais sexa así porque voltan á política arxentina as inxustizas, o fraude, o conservadurismo, o desfavorecemento das clases populares. O tango ten entón a voz do pobo. Por suposto este xénero musical é moito máis antigo; non imos deternos agora nisto, pero foi o código propio para se expresar nunha época crúa. E non foi necesario que fose sempre canción. Ser tanguero era máis unha cuestión de actitude. Por iso ao cabaleiro do que vou falar, Roberto Arlt, tamén o califico de tanguero. Aínda que o seu fosen as novelas e os contos.

Nesta época mandaba falar dos baixos fondos, do desagradable. Cantábase e contábase aquilo que doía, e facíase de forma distante e frívola. Para poder logralo con eminente resultado, os humoristas arxentinos da época arrincaban o propio corazón. Eran cínicos. Miraban á traxedia á cara, esa que nos faría chorar, porque estaba matando de desgracia propia e allea.

Os tangos da Merello son entón un retrato en lunfardo do Buenos Aires da época. Un retrato sen rodeos e con tódalas durezas que estaba tocando vivir reflectidas con lirismo indubidábel, con sátira recalcitrante e sen medias tintas. Un retrato dunha sociedade que, se non fose observada co filtro do humorismo, se a cantante no se tivera arrincado o corazón do peito para falarnos do que está a pasar, invitaríanos a chorar de inmediato.

Os tangos desta artista, que remataría por ser internacionalmente coñecida, logran que esboce un sorriso. A Merello pon distancia da traxedia quitando dignidade aos protagonistas das súas cancións. O esforzo que fai é inconmesurábel. De verdade que non sei como a súa barca non vai á deriva. Mais non, é triunfadora. E o feito mesmo de que se exprese en lunfardo é honestamente significativo, porque non é nin máis nin menos que a xerga usada polos delinquentes que se desenvolveu a finais do século XIX, tomando palabras dos inmigrantes que chegaban ao Río da Prata. É unha babel de bandidos. E non é aleatorio.

Vin un documental sobre Tita no cine estando aló. Chamábase *Merello x Carreras* e tratábase do punto de vista que tiña de ela a filla do famoso director arxentino. A Merello foi unha muller que facía das súas intervencións escénicas un auténtico espectáculo total, moito máis aló do tango. Sempre co humor que contempla as dúas realidades vixentes en carne propia. Raíña do humor negro cantado, carisma, xenio e revolución.

Naceu na nada máis absoluta. Orfa de pai, deixada nun orfanato pola nai, analfabeta ata os vinte anos, traballando entre homes coma un máis, no seu primeiro concerto abucheárona ata a saciedade. Pero Tita tiña carácter de humorista, o que implica que era testana e loitadora. Seguiu cantando con insistencia. Deixou de ser moza do coro, comezou a importar cada vez máis e chegou un punto no que se fixo necesario aprender a ler. Foi xusto a tempo, porque non tardaron en chegar os filmes e chegou a converterse na mellor actriz dramática da Arxentina. Tita cantaba sobre da realidade na que se criara. O humor negro era seguramente a súa salvación, o seu xeito de atopar respostas. Tita, en calquera caso, foi unha muller libre que, por certo, é o único xeito auténtico de ser humorista. Adoitaba dicir que a infancia do pobre duraba menos que a do rico. E aínda que non era a autora das súas letras, era sen dúbida a personalidade dos tangos daqueles días.

Unha noite destas de librarías abertas na avenida Corrientes, entrei e merquei un libro que se titulaba *El jorobadito y otros cuentos*. Era de Roberto Arlt, o home do que dixeran que falaría. Era un volume moi finiño, que devorei axiña e penso que se o tivera lido diante dun espello o meu xesto sería de estupefacción total. Eu estaba descubrindo ao autor nunha obra dos anos 30, pero el viña publicando dende a década anterior. Curiosamente cando Arxentina estaba vivindo unha época de prosperidade cos radicalistas no goberno. Cando Arlt escribiu en 1926 a súa novela *El juguete rabioso* o país atopábase nos anos de democratización social, participación cidadá e difusión do ensino universitario. Aínda así (e coma sempre) a clase obreira seguía a estar prexudicada e algunhas das súas protestas foron reprimidas ata causar centos de mortes. Ese era o escenario nos anos 20. E Arlt, fillo de inmigrantes, debuxou o reverso da sociedade arxentina que non aparecía nos medios: o da miseria, a inmigración e os arrabaldes. *El juguete rabioso* é a historia dun adolescente que se convirte en delincuente. A Arxentina que ninguén contaba, a marxinal. Unha especie de adianto a todo o que estaba por vir. Esa novela foi quizais, segundo os expertos, o comezo da novela arxentina contemporánea. Roberto Arlt foi unha mente preclara. Estivo atento. Para cando chegou aquel libro que eu merquei xa eran os anos 30, xa era a época, xa era o momento.

Eran moi poucos contos, pero eran crus, case insoportábeis. En *El jorobadito* o protagonista fala dende o cárcere. Todo o relato é a confesión dun crime. Asasinou a un xorobado ao que chamaba Rigoletto e metérono preso porque o deron por tolo. Trátase dun humor tan negro, que por momentos Arlt topa a beira da traxedia, pero por sorte desposúe tanto de dignidade ao protagonista que non logramos de ningún xeito sentir acenos de chorar, non empatizamos coa traxedia. É un xogo perfecto de dobres, no cal o protagonista detesta aos que el chama «seres deformes» e ao mesmo tempo sente atracción inevitábel por eles. Un xogo dobre entre creerse superior ao xorobado e vivir inseguro por non ter claro que a súa moza o queira. Nese contiño atopamos, en cambio, cara o desenlace, ao propio protagonista desfacéndose de gargalladas. Porque carece de respostas, porque se abandonou. Con todo, a confesión é un esforzo por dar unha explicación, por poder xustificar un acto atroz coma un asasinato.

Autores recoñecidos coma Ricardo Piglia falan de que para Roberto Arlt a tolemia é unha ruptura posíbel co cotián e, por ende, un xeito de salvación. Con Arlt falamos ás veces dese límite que o noso querido Cilistro consideraba que non debiamos transgredir. Pero o certo é que se algo é honestamente imposíbel, para min polo menos, é poñer límites ao humor. E nese aspecto, Roberto Arlt, non tivo piedade, seguiu cara adiante, sempre indagando, na procura do tope. Amosando aos marxidados, aos aillados. O xorobadiño e mailo seu asasino son dúas caras da mesma moeda. Son a ambigüidade aparecendo outra vez en escea, son a liberdade para os que non teñen saída. Son un tango de baixo fondo narrado.

Imos agora ata a cocíña dos anos 40. Quero falarlles da primeira muller humorista á que coñecín en profundidade, e que ademais me abraiou co seu traballo. Trátase de *Nini Marshall*. Esta muller, que apareceu na radio antes que en ningures, creaba personaxes con diversos acentos e estratos sociais. Polo visto, criárase no porto e tiña bo oído para os acentos dos estranxeiros que chegaban a Buenos Aires na procura dunha vida mellor. Os 40 foron a década na que o Peronismo arrincoou. O goberno de Perón ofertaba melloras sociais nas que nin se reparara ata daquela. Tanto el coma Eva Perón foron tan icónicos que, a día de hoxe,

tódolos partidos din que son peronistas aínda que os seus programas teñan propostas completamente opostas. A política que facía Perón tendía a mellorar as condicións laborais e sociais. Impulsou a industria, o emprego, as comunicacións e os transportes. Iso si, censuraba os medios e limitaba á oposición. A súa esposa, Eva, tan fondamente querida a día de hoxe no país, traballaba pola construción de hospitais, escolas, fogares e a axuda económica para os máis pobres. Nestas condicións, parecía lóxico de abondo que os nosos avós estiveran desembarcando naquela beira na procura da prosperidade. Niní Marshall foi entón a voz viva dunha cidade composta por moitas identidades. Traballou en radio primeiro, en teatro despois, logo chegaron o cinema e maila televisión. Foi un desafío á súa época, o seu humor era irreverente e non parecía a faciana fermosa que amosar a cámara. Isto acontecía tamén con Tita Merello. Era puro inxenio que daba voz ás clases máis desfavorecidas. Utilizaba os figurados diálogos telefónicos que tanto temos visto a través de Gila (que por certo estivo moitos anos exiliado na Arxentina) e adicou a súa vida enteira a escribir. Observar, escribir e interpretar. Porque de feito foi a autora de absolutamente tódolos guións que interpretou na súa vida. Foi desafiante e empregaba o humor para falar de moitas verdades incómodas ata o punto de rematar exiliándose en México por dúas veces. A primeira porque a censuraron por «deformar o idioma do pobo arxentino», a segunda porque Evita se sentiu ofendida por unha película da Dama do Humor ou a Chaplín con saias, como tamén lle chamaban. De entre tódolos seus personaxes, o que máis tenrura me deu sempre foi Cándida, que polo visto sacou dunha galega que traballaba na súa casa. Unha vez máis queda patente o útil que é o humor como ferramenta para deixar en evidencia ao poder. Pero tamén se manifesta a cesura e capacidade de coartar liberdades. Ser libre nunca estivo ben visto. E por ende nunca foi sinxelo ser humorista. Teño a teoría de que un humorista é o único capaz de amosar as feblezas de todo un sistema e que aínda a resposta sexa un sorriso.

Teño que chegar a finais dos anos 50 falando do enorme, enormísimo, Tato Bores. Máis de corenta anos de traxectoria tivo enriba este humorista que sempre atopou o xeito de cuestionar o poder que tiña diante. Para explicalo a el teño directamente que narrar como foron tódalas demais décadas políticas da historia arxentina. Falar deste humorista non é só facer referencia a un país, senón tamén á comunidade xudea, que ten unha fortísima presenza aló. El é, xunto con Norman Erlich, un dos principais humoristas xudeus da Arxentina. E estivo facendo humor perante o goberno militar de Frondizi que derrocou a Perón, perante o goberno de Arturo Illia, perante o regreso ao poder dende o exilio de Perón, perante a dictadura de Videla, perante os gobernos democráticos de Alfonsín e de Ménem, que privatizou e endebudou ao país. Perante toda esta variedade de gobernos Tato Bores estivo en radio, televisión (moita televisión), teatro (moito teatro) e ata cinema. Censurábano e expulsábano dos medios con certa regularidade, pero a verdade é que era sorprendente ver de que xeito se recuperaba e voltaba con máis forza aínda.

Os seus monólogos lograban facer unha radiografía do que estaba acontecendo en cada momento no país. Con precisión de cirurxián. Revestía de sorriso verdades moi amargas, así que poderíamos dicir que sen parecelo, o seu humor aproximábase bastante ao humor negro. Dende o meu punto de vista, esta é unha característica similar ao estilo Marshall, aínda que cada un traballaba un xénero moi diferente. Refírome a que a forma tiña ese aspecto de

humor benévolo, que a ninguén ofende, de provocador inxenuo e, con todo, o contido aproximábase abondo ao tráxico.

Creo que os arxentinos atoparon nunha época determinada o xeito de expresárense no que a súa barca estaba no centro exacto da lagoa.

É interesante ver a relación que gardan humor e poder en Arxentina, o importante papel que xoga a censura e ata que punto supón unha revelación de feblezas e de realidades crúas. Un dos sketches prohibidos de Tato Bores foi unha falsa conversa telefónica mantida co líder da ditadura militar do 76, na que desapareceron e morreron tantos civís: Jorge Rafel Videla. Habitualmente tiña o Tato estas falsas conversas. Mais non foi permitida a emisión co maior dictador e asasino que tivo no poder a República Arxentina. Había, verdadeiramente, que ser non só honesto, senón ademais moi valente, para ser humorista entón. É este un rasgo identificativo a nivel universal. Mais nun país tan castigado pola política, aínda moito máis.

Cando cheguei a Buenos Aires non puideron evitar prestar atención á fortísima presenza xudea. Para comezar porque marchei vivir a Once, que é o barrio xudeu por antonomasia. A xudea é unha comunidade moi potente. Unha das estacións de metro de Buenos Aires é un tributo á memoria do atentado que en 1994 sufriu a sede da Amia ubicada na rúa Pasteur. Unha chea de humoristas gráficos reivindicaban a lembranza desa traxedia ao longo das paredes de toda a estación. A estación Pasteur, que se toma na avenida Corrientes. Isto, sumado á miña amizade con algúns xudeus, de humor bastante negro, de inxenio afiado, levoume a pensar na idea de que inevitablemente, entre eles tería que haber humoristas destacados. Un é, por suposto, o xa mencionado Tato Bores. Que facía moito humor político, máis que exclusivamente xudeu. O outro que quero mencionar é Norman Erlich.

Falar de cultura arxentina é facerse cargo do calidoscopio ideolóxico, racial, relixioso e de orixe que habita o país. Por iso hai que ter en conta manifestacións tan dispares. Esta é unha constante en tódolos humoristas. Representan tódolos credos, tódalas linguas e as clases máis baixas. En xeral sempre a aqueles que non teñen voz.

Norman ofrece a súa ao pobo xudeu. Facía os seus monólogos tanto en idish como en castelán. Norman retratou a cultura xudea e os seus costumes en comedias uniperoais como *Humorovich*, pero tamén en cinema e televisión. Estivo sempre vencellado a comunidades e fixo o posíbel por que no imaxinario quedase esa impronta de colectivo tamén. Aínda que fose el só fronte ao espectador.

O de Erlich non é un humor de Estado, se é que existe ese termo. É máis costumista. Eu diría incluso que é un humor benévolo, que fala sempre de xudeu en contraste co contexto que o rodea, que non o é. Pero dende a visión de alguén que pertence ao credo. É benévolo sobre todo porque os protagonistas de Erlich manteñen sempre os seus ideais, así sexan completamente asombrosos vistos dende fóra ou resulten algo ridículos. Son xudeus, coa súa vida e crenzas de xudeus ata as últimas consecuencias. Aínda que sirva ás veces caer no estereotipo.

Cabe dicir que Erlich voltou á Arxentina dende os Estados Unidos nos anos 70. Esa foi a década na que chegou a ditadura militar, sanguinaria e escura, que marcou un antes e

un despois á hora de falar dos humoristas arxentinos. Correspóndenos falar agora xa non de décadas, senón de ditadura ou de democracia.

Antes diso, temos ao humorista gráfico Quino, exemplo excelso de humor benévolo coa súa obra mestra e histórica, *Mafalda*.

No ano 1967, nove anos antes do golpe militar, nace a formación humorística e musical *Les Luthiers*. O seu labor foi inesgotábel dende entón ata a actualidade, que se manteñen en activo a pleno (aínda que con baixas nas súas filas). O número de integrantes foi variando co paso do tempo, pero uns cantos integrantes foron constantes. Confeso sen nengún tipo de pudor a miña febleza por Daniel Rabinovich, quen honestamente me arrincaba gargalladas antes de pronunciar unha verba sequera.

O humor deste grupo está baseado no xogo agudo e enxeñoso de palabras, nas cancións interpretadas con instrumentos de material cotián, as súas letras cheas de ironía, no uso de formatos clásicos (como a presentación dunha figura relevante na historia da música, ou o conto). Queda latente a cultura e os fondos coñecementos que teñen tódolos integrantes de *Les Luthiers* e como os empregan para quitarlles todo o romanticismo aos xéneros máis serios. Non só son grandes humoristas, senón que ademais son excelentes músicos. Son unha das representacións de humor benévolo, onde se presentan personaxes coma Johann Sebastian Mastropiero, a cuxa vida inventada adican un espectáculo que lles brindará incontables éxitos. Este exemplo serve para ilustrar o seu estilo. Mastropiero era un fracasado do que xamais nos poderemos rir; ao fin e ao cabo era un músico que loitaba por crear unha ópera memorábel. Con todo, o verdadeiramente memorábel non é o que lle pasa ao personaxe (que tamén), senón como nolo contan *Les Luthiers*. Ese xogo de palabras, esa ironía, describen marabillosamente a cultura porteña en concreto e a arxentina en xeral. Teñen un dominio da polisemia que pode chegar a resultar esgotador, pero que sen dúbida adestra o cerebro do interlocutor para a resposta rápida e para a dobre e simultánea liña de pensamento. E este é un trazo do humorista: ter a visión de ámbalas caras da moeda ao mesmo tempo. Conveñamos entón que parolar cun arxentino é unha preparación estupenda para entender o humor. Significa isto que son todos humoristas? Non, en principio non; pero que teñen unha predisposición natural para selo, si. Non falamos de profesións, senón de estilos de vida. Nese aspecto, non sei se é ousado facer esta afirmación, pero a Arxentina é unha nación humorística.

Un dos colaboradores nalgún libreto de *Les Luthiers* foi o rosarino Roberto Fontanarrosa, debuxante e escritor. Amante do fútbol case coma terceira profesión. Comezou a destacar a mediados dos anos 60 e é moi difícil elixir unha soa obra para falar del e máis do seu estilo. Pero Fontanarrosa era incisivo, a súa barca adoitaba estar na beira da traxedia, nos seus contos, nas súas novelas, nas súas historietas debuxadas. E é curioso, porque ao lelo ou ao ver os diálogos dos seus personaxes, un sinte que lle volve o corazón ao sitio. O seu personaxe *Boggie, el aceitoso* representa as miserias máis grandes da especie humana. Encarna a un asasino sen corazón, racista, machista e sen valores positivos de ningunha clase. O propio Fontanarrosa afirmaba que este personaxe, de existir de verdade, xamais sería amigo seu, pois el era latinoamericano e periférico. Para describilo, para meternos no seu mundo, desposúeo de dignidade de calquera tipo; é o que fai que o poidamos contemplar cun sorriso,

propio da distancia. Boogie ten orixe estadounidense, así que ao autor lle vale para facer críticas a un nivel máis global aínda.

Con todo, Fontanarrosa sabe tamén cambiar de beira cada tanto e nacen personaxes como Inodoro Pereyra, un gaúcho idealista que vai sempre acompañado do seu can Mendieta e que ten amor pola terra e se sente comprometido con ela. É, quizáis, a antítese total e absoluta do anterior personaxe. Este é inxenuo e cun particular xeito de ve-lo mundo, que nos arrinca un sorriso coas súas reflexións sobre a vida. Inevitadamente este personaxe lémbreme a Don Quixote. Repítese para min a dupla cómplice, a tradición arrastrada de un xénero (o de cabaleirías para Cervantes, o gaúchesco para Fontanarrosa), a humildade dos personaxes, a xenerosidade para cos demais. Inodoro Pereyra está cheo de sentimento. É a súa forma de comunicarse, os seus xiros lingüísticos, o que nos achega a esa beira da comedia; pero está cheo de lirismo e de filosofía. Efectivamente atopamos esa dobre vertente de humor negro / humor benévolo na obra literaria e gráfica de Fontanarrosa. O Negro Fontanarrosa. Inesquecible.

Cando chegou o tan mencionado golpe militar do 24 de marzo de 1976, que derrocou a Isabelita Perón e que iniciou unha ditadura que duraría ata o 10 de decembro de 1983, paralizouse por completo o tempo en toda a República Arxentina. Disto hai xa 40 anos e aínda se pide xustiza. No nome da orde, erixíndose salvadores da patria, ocultando unha ditadura sanguinaria baixo o nome de «Período de Reorganización Nacional», os militares abusaron da excusa da subversión para cometeren atrocidades: terrorismo de Estado, violación constante dos Dereitos Humanos, desaparición e asasinato de milleiros de persoas, censura, apropiación sistemática dos recién nacidos e outros crimes. Con semellante persecución, como cabe a idea de seguir sendo humorista? O plantexamento semella «o humor ou a vida», porque se o certo é que os militares loitaban contra a subversión, entón o seu primeiro obxectivo tiña que ser un humorista. Con todo, case tódolos mencionados ata o de agora seguiron o seu labor na época da ditadura. Fontanarrosa foi un dos destacados con ese personaxe tan escuro que era Boggie. E tamén moitos dos que destacaron despois, xa en democracia, viñan traballando nesta época escura.

Hai que chegar ao primeiro goberno de democracia, cuxo presidente electo sería Raúl Alfonsín, para seguir falando con serenidade de humor. Esta vez, algúns destacarán de xeito individual. Pero os grupos comezan a ser efervescentes.

El Negro Olmedo, ou Alberto Olmedo (como vostedes prefiran chamalo) viña traballando dende finais dos anos 50. Pero a súa consagración chegou nos 80. No 87 comezou a falarse de «La Fiebre Olmedo». Para entón a súa traxectoria xa era extensa en teatro, cinema e televisión. O humorista rosarino facía un humor cheo de espontaneidade no que era imposible non percibir que estaba desfrutando tanto coma o seu público. Era case o seu propio espectador tamén. No seu programa de sketches *No toca botón* fíxose memorábel, por exemplo, o personaxe de Monsanto, un fracasado que non atopa mellor xeito de vida que facerse pasar por curandeiro que estafa a unha longa cola de clientes. Usa todo tipo de trucos suxos para levalos á suxestión e remata por facerlles crer que lles puxo remedio aos seus males.

El Negro Olmedo lograba desdoblarse por momentos do seu personaxe e metía diálogos que parecían improvisados sobre outros personaxes que interpretara noutros programas, facía indicacións ao seu elenco de que se movesen «para que les diese mejor la luz» ou «sin que les importase el plano», así que de súpeto estaba empregando metalinguaxe. De xeito natural. Falaba de tele dentro da tele. E todo o seu elenco seguíalle marabillosamente a corrente.

O aporte que trae a democracia é a presenza de contido sexual. O desexo verbalízase constantemente nos sketches de Olmedo, os seus personaxes femininos aparecen con toda a voluptuosidade, as situacións teñen moito que ver con iso. Era todo un destape despois da moral cristiá que estivera perseguindo aos medios e a calquera tipo de expresión cultural.

Falar de Olmedo implicaría contar moitísimas cousas máis, como, por exemplo, que na época da ditadura abriu un dos seus programas cun compañeiro anunciando a súa desaparición física. O público, que o idolatraba, non escoitou máis e deu en tolo. Non viron como continuaba o sketch: o Negro entraba correndo na canle e dicía algo así como que se un chega 5 minutos tarde «ya le levantan el piso». A súa esposa recibiu condolencias, a radio emitíuno como nova, o pobo enteiro chorou a súa morte e todo porque deixaron de ver o programa antes de que entrase en escea. Bromear con desaparecidos na ditadura non fixo graza aos militares, e tivo que se desculpar pola súa morte. Só un exemplo dos miles posíbeis. Como falar dos anuncios incluídos nos diálogos entre personaxes. Con naturalidade plena. Todo canto dicía parecía sempre vir a conto.

O descubrimento de Olmedo supuxo para min o dunha figura que era relevante por moitos motivos. O primeiro de todos, quizais, que non lle importaba en absoluto amosar as tripas do elemento no que traballaba. O segundo, porque os seus personaxes viñan sustraídos da vida mesma, da súa vida. O terceiro, porque o pobo o amou fondamente e sentiuse representado por el. E porque vai parecer absurdo isto que digo, pero é que Olmedo me parecía tipo. E creo de corazón que debe haber unha inclinación natural cara a empatía co ser humano, con ese comprendelo por todos lados. Creo que o segredo da súa barca estivo en que a manexou baixo os seus propios códigos e valores. Non por azar na Arxentina se lle chamaba capocómico, que é como se denomina ao humorista de renome que encabeza compañías ou programas de televisión (se ben a orixe da palabra é outra).

Inevitábel é mentar a figura de Enrique Pinti, quen comezou a traballar, ao igual que Olmedo, a finais dos anos 50 e que tivo un labor imparabile en cinema, teatro e televisión. Guionista e dramaturgo, os espectáculos de Pinti caracterízanse por incluíren números musicais e pola velocidade do seu discurso nos monólogos. El é outro dos nítidos expoñentes de humor político e directo, sen medias tintas, que usa a verdade histórica do país para ser crítico sen pudor. Nunha entrevista que lle fixeron nunha das súas xiras españolas describía que os arxentinos teñen «el puñal judío, la rimbombancia italiana y el sufrir español». E paréceme que define con eficiencia abonda a amalgama cultural do país. Tamén se amosaba seguro nesa mesma entrevista de que as crises políticas son un gran caldo de cultivo para o teatro e para o humor. Sobre todo para o humor.

No ano 2015 eu pasaba con frecuencia de volta a casa por diante de Teatro Liceo, na avenida Rivadavia. E estaba en cartaz a última obra de Pinti *Salsa Criolla*, que polo visto

estaba tendo moito éxito de público. Pinti ten a habilidade de amosar as verdades máis crúas xunto cos ritmos e os corpos de baile máis ledos e coridos. Esa mistura é a receita coa que adoita traballar. Podemos dicir que o seu humor é negro e descorazonador, porque está contando ao pobo vítima de tanto castigo político como aconteceron as cousas. Por suposto, no seu discurso desposúe de dignidade aos políticos, aínda que máis acertado é dicir que non foi cousa de Pinti, que a dignidade quitárona eles sós. Ao público debúxaselle un sorriso porque comprende, porque lembra, porque sabe que Pinti conta a verdade. Imaxino que eses bailes, eses ritmos, tanta ledicia e tanta cor, fanlle falla de verdade a Pinti para que o espectador poida poñer distancia real de algo tan cheo de dor. O tema é delicado, pero o pobo segue precisando escoitalo. O humorista toma en casos coma neste o papel de historiador.

Falar de Pinti lévame a facer a asociación inmediata con outro gran humorista que é chamado *El rey de la avenida Corrientes*: Antonio Gasalla. Traballaron xuntos en teatro e en cinema, e Pinti escribiu moitos dos seus guións. Gasalla caracterízase por facer personaxes moi próximos ao grotesco e que habitan nesa beira da lagoa que está preto do bosque. Gasalla retrata algúns dos sentimentos humanos máis miserábeis; e ten xa frases célebres para o seu público. Capaz de invertir longas horas de maquillaxe para lograr a caracterización desexada, dende o meu punto de vista o que mellor o define é a súa capacidade para interpretar mulleres cheas de medos, rancores, don da manipulación e outras baixeiras. Se ben é certo que fixo varios programas de sketches e que estivo moi presente no teatro, o personaxe co que me conquistou a min foi co de Mamá Cora, que aparece no filme de culto arxentino *Esperando la carroza*. É do ano 1985 e nel tamén aparece Enrique Pinti, xunto cunha das actrices con máis personalidade da época: *La China Zorrilla*. Si, é verdade, este filme está baseado nunha obra de teatro uruguaia. Mais Alejandro Doria levou a cabo a adaptación do guión arxentino ao cinema. E é grandioso como, dende o meu punto de vista, este filme retrata toda unha sociedade. É puro humor negro. A estas alturas da historia está definido de abondo que a beira que mellor pode representar aos arxentinos, sen lugar a dúbidas, é a do bosque.

Mamá Cora é o membro máis vello dunha familia bastante tola. É nai de catro fillos e está vivindo xustamente co de situación económica máis apertada. Un pequeno conflito no fogar coa nora fai que decida marchar un cacho ata que se calmen as augas. É domingo e é precisamente o día no que un dos irmáns, a súa esposa e a súa filla se andan a preparar para recibiren a un dos novos ricos da familia, que todo o tempo semella estar metido nalgo turbio. Entón chega a nora de Mamá Cora, chea de rabia, para poñer sobre da mesa o destino da octoxenaria. Mentres tanto, ela, no edificio de enfrente, está coidando do neno da veciña. Na casa perderon á avoa, pero chégalles a nova de que apareceu a anciá desfeita baixo o tren; dan por feito que é ela, así que da comezo un velatorio no que saen tódolos trapos suxos da familia á luz. Ao final do día, Mamá Cora aparece de volta, para infarto de todos. Deulles tempo a replantexarse a vida enteira. Adoro deste filme a banalidade coa que se confrontan a unha situación que xa de partida, moito antes de chegar á suposta morte, plantéxase crúa. É humor negro en estado puro. Ademais é un retrato das distintas clases sociais arxentinas nesa época. E de algúns costumes. É un clásico ao que voltar sempre. E o de Gasalla é un verdadeiro don coa interpretación.

Teño, de feito, unha anécdota persoal cunha das frases do filme. E é algo que me vai axudar a explicar ata que extremo se leva o humor negro á vida cotiá na Arxentina. Hai un

punto deste filme no que actriz que mencionei antes, a China Zorrilla, berra «¿Qué se quema? ¡La casa se quema!». Isto así dito, fóra de contexto, non ten graza; pero vaina ter cando conte que, despois de estar facendo este diálogo con Fabiola, unha amiga de Perú coa que compartía casa en Buenos Aires, un día voltei do traballo e, xúroo, ardera todo. As dúas quedamos co posto na rúa. Esa mesma noite actuei nun centro cultural da cidade; e cando cheguei e llelo contei aos meus compañeiros, tardaron menos de dous minutos en soltarme todo un repertorio de frases do tipo «sos muy ardiente», «tenés mucha chispa», «ché, te noto quemada», «no te calentés» e, por suposto, coroaron coa frase da China Zorrilla «¿Qué se quema? ¡La casa se quema!». Creo que non se me ocorre mellor xeito de definir a cultura dun país. Combater a traxedia con humor e remangarse con accións. Ao día seguinte comezaron a organizarme un festival para recadarme cartos, onde estiveron actuando artistas de tódalas disciplinas máis de cinco horas. O humor é acción tamén. Cando podes sorrir, cando logras non perde-la cabeza e atopar respostas, entón podes actuar en consecuencia.

Falar disto lévame a unha nova figura que eu diría que se comezou a consagrar nos anos 80 tamén: Jorge Guinzburg. Humorista e xornalista, levaba os formatos informativos ao terreo humorístico, rompendo os esquemas do humor máis tradicional e conservador. O seu programa *La noticia rebelde* foi o predecesor do que todos coñecemos *Caiga quien caiga*, e do mesmo xeito fixo programas de entrevistas a catro, obrigando a interactuar aos seus invitados, como *La Biblia y el calefón* e tamén programas de sketches como *Peor es nada*. Sobre todo co primeiro dos programas, Jorge atopou un xeito moi particular de contar a actualidade política do momento e deixar en ridículo total aos gobernantes. Xogaba moito coas montaxes nas que facía dialogar ao presentador cun membro do goberno, con imaxes extraídas doutros contextos; e a conversa creada a partires dos fragmentos de outras cousas tiña un novo sentido sempre satírico.

Paréceme que estou falando demasiado de televisión, que ao fin e ao cabo é algo que consumen as masas, si, pero teño moitas, moitísimas ganas de falar da cultura *underground* porteña, porque é onde eu me movín, onde fixen humor, onde recitei: foi o meu circuíto. Actualmente proliferan en Buenos Aires os centros culturais onde a actividade auto-xestiva levada a cabo por artistas independentes está en cada esquina. Eu arrinquei actuando nun chamado *El Emergente*, na rúa Gallo con Corrientes. Despois coñecín o resto do circuíto. A finais da ditadura e principios da democracia, había todo un caldo de cultivo de artistas *under* que se concentraban no Parakultural. Reuníanse alí disciplinas de todo tipo. Comezou sendo un simple local de ensaio; máis tarde decidiuse que os ensaios serían abertos ao público e chegou un punto en que a convocatoria era tal, que comezaron a programar humoristas, bandas de rock independente, etc.

Cara principios dos 90 un dos directores artísticos de América TV comezou a reclutar artistas independentes. E así foi como caeron na pequena pantalla Alfredo Casero, Diego Capusotto e con el Fabio Alberti. Son os tres nomes que vou destacar para falar do programa que estaría 5 tempadas en antena *Cha Cha Cha*.

A traxectoria deste grupo de artistas comezou xa antes, no 1992, con *De la cabeza*. Pero no 94 arrinca *Cha Cha Cha*. Apareceu de súpeto na televisión arxentina un código novo, fresco. Estes rapaces falaban de algo que o público non tiña costume de ver na tele. Eran

sketches, si. Pero cheos de absurdo e de surrealismo. Eran o xeito de expresar o humor na Arxentina dos 90. Eran, sen sabelo, unha icona que estaba deixando un legado ás xeracións que facían de receptoras. Moi no estilo dos británicos Monty Python, pero co aporte que lles daba vir dos circuítos independentes porteños. Era humor anti-sistema, que así dito é case que unha redundancia. Serían o equivalente ao noso programa *La hora chanante*, pero moitos anos antes. Moitos arxentinos consideran que aquel programa é ao seu humor o que Maradona ao seu fútbol. Eu non me atrevo nunca a preguntar se o din por icona ou porque hai tempo que está acabado.

Eran polémicos, por certo. Levantaron o programa, que é o xeito de expresar na Arxentina que non se emite máis e, aínda que explicaron que era polas baixas audiencias, a verdade é que viñan tendo problemas coas cartas dos católicos por un sketch de peche ao fin de cada programa sobre o mártir Pepino Pómoro. Nunca se saberá que aconteceu. O que é indiscutíbel é que a cantidade de visitas que teñen os programas en Youtube demostran que a día de hoxe se segue vendo.

Hai un anaco que non falo de política, que non conto, por exemplo, que dende o 89 ao 99 gobernou Ménem, privatizou case tódalas empresas do país, aumentou a débeda externa, aplicou economía neoliberal, seguiu usando política de impunidade para os delitos da ditadura e o pobo estaba pobre, moi pobre. Durou un total de dous mandatos no poder e no 99 chegou a Alianza, coas novas eleccións. Púxose á fronte do goberno De la Rúa. A inseguridade era cada vez maior, os piquetes aumentaban e o anuncio do «corralito» trouxo unha masacre na praza de Mayo. Isto aconteceu en 2001.

Cando De la Rúa fuxiu do país en helicóptero deixando unha batalla campal arredor da Casa Rosada, a incerteza política invadiu o país. E ata a chegada de Duhalde houbo tres presidentes en doce días. Non comezou a verse a luz un pouco ata 2003, coa chegada ao poder de Néstor Kirchner.

Isto acontecía no goberno e na rúa. Que pasaba no humor? Durante o menemismo, algúns humoristas dos que xa falamos estaban en pé de guerra. Non calaban, estaban activos. E aínda que mencionei que o programa *Cha Cha Cha* foi unha verdadeira revolución, o certo é que xa de antes viña pisando forte unha muller que abandonou a comedia pola música: Juana Molina. Comezou no xa mencionado *La noticia rebelde* e traballou tamén xunto a Antonio Gasalla. Pero era certamente tan talentosa que rematou por ter o seu propio programa: *Juana y sus hermanas*.

Tratábase dun programa de sketches nos que interpretaba a unha variedade de identidades tan grande que algúns chegaron a considerala a herdeira de Niní Marshall. En *Juana y sus hermanas* hai lugar para toda unha serie de radiograffas sociais arxentinas moi acertadas. A observación é a clave do humor de Juana. A linguaxe serve para identificar a orixe e o código de cada personaxe. Así temos á psicóloga Ruth, á modelo torpe e tonta Marcela Balsam, á profesora de ximnasio, á cociñeira italiana, á francesa Lulú, á vendedora coreana, á xudea hippy... Hoxe en día o seu é un programa de culto. E ela adícase á música, que foi o motivo polo que comezou a facer humor. Iniciouse no oficio para poder pagarse os discos, e case se despista. Pero a verdade é que humorista nácese e non hai xeito de que aconteza doutro modo. O seu era un humor intelixente e levado ao extremo. Humor benévolo, ao fin e

ao cabo, no que os personaxes viven fóra do mundo por completo, aínda que están extraídos directamente del.

Antes de rematar este repaso no presente, teño que falar dun home que levou a liberdade por bandeira e estendeu os límites da vida alén da súa propia morte. Falo de Fernando Peña, o humorista que máis verdades se atreveu a dicir. Os seus espectáculos teatrais tiñan un abano de matices que se movían entre o humor negro, o filosófico e o lírico. Acompañaba os seus sketches habitualmente con cancións e baile. Eran espectáculos totais. Peña non coñecía de límites; e ademais tiña unha teoría: canto máis honesto era un, entón moito máis libre. Así foi como falou abertamente da súa homosexualidade nunha Arxentina machista e homófoba e fixo reflexionar con esta declaración que facía unha e outra vez. Si, ese tipo tan divertido, que era capaz de estar cinco horas sostendo unha función teatral entregado ao seu público, ese tipo que invitaba todo o tempo ao pensamento e a revolver as entrañas, era gay. O público de entón aprendeu moito con el. E do mesmo xeito, cando se contaxiou de VIH tamén o compartiu cos espectadores. Os límites coa morte establecidos coma normas dun xogo. Por iso facía ao público partícipe do proceso de recuperación do seu primeiro cancro e tamén do segundo, do que todo o mundo pensaba que sairía, pero que definitivamente rematou con el.

Se era polémico o Fernando Peña persoa, os personaxes eran directamente controversia e irreverencia. Eran a verbalización en escea de todo o que ninguén máis dicía. Eran a crónica do difícil. Increpaba ao público, ofrecía imaxes potentes, tiña mil cambios de rexistro. En *Esquizopeña duele* amosaba como un travesti agocha o seu pene, fai constantes xogos de identidade. Nunca lle temeu a nada; o seu discurso era cruel. Un sorrí fronte a ese personaxe que non encaixa co mundo, que intenta explicar quen é, como é, de onde vén, e sorrí porque un conecta directamente coa súa dor, co seu sorriso finxido, co seu medo a ser xulgado. Peña obríganos a formarnos unha opinión sobre o mundo que nos rodea. Vivía e actuaba coma un verdadeiro humorista. A nova da súa morte chegou polas ondas; en Radio Metro, no programa *El parquímetro*, que el mesmo conducira e ata creara. Ese día levantouse a programación da canle. Foi en 2011.

Hai que ver que rápido avanzamos. Non quero rematar de ningún xeito sen falarvos dun humor que tiven a oportunidade de coñecer en vivo. Falo do *Sucede*, un grupo de artistas pertencentes ao actual *under* porteño, que chegan dende diversas disciplinas e que se reúnen no que eles mesmos definen así na súa web deste xeito:

Algunas de las etiquetas que se adhieren al relato de Sucede son el mash up —multiplicidad de herramientas aplicadas a un nuevo lenguaje— o los simpáticos y ultramodernos «teatro de supervivencia» o «de peregrinación». Son vanguardistas y heterodoxos, en una búsqueda artística que constituyó un código propio, fusionando herramientas digitales y analógicas. De allí, probablemente, la identificación generacional con el público. Aunque por momentos pareciera que es improvisado —sobre todo cuando hacen su paso de la gorra, porque es un show netamente a la gorra pero también exige una interpelación a la dignidad del espectador, que sepa valorar al artista— evidencian un trabajo esforzado. Con mucha creación y ensayo semanal.

Aínda que a versión abreviada desta presentación é que o *Sucede* é un espectáculo de humor, poesía, performance, danza, *stand up*, cinema, tamén radio, TV, Internet e calquera medio posible.

Comezou nun centro cultural, amosado ao público en vivo en torno ao 2010. Os seus integrantes eran algunhas das figuras máis destacadas da cultura independente. Poetas e actores. Pouco a pouco foron incorporándose outros integrantes ata sumar uns 25 na actualidade. Hoxe en día podemos ver a primeira tempada dunha serie de sketches de *Sucede* en emisión en liña en UN3TV. O humor deste grupo de artistas é crítico e sen medo. É indiscutiblemente negro. Se queremos unha evidencia, unha das seccións consiste nun músico interpretando a súa canción en vivo xunto a un dos integrantes do elenco, que está nun ataúde destapado, no seu propio velatorio. Por momentos tenden ao absurdo, pero en calquera caso sempre poñen en tela de xuízo o que se concibe como «establecido». Van máis aló dos límites xa dende o propio formato. Perseguen e atopan a liberdade. Fan tamén que os seus espectadores a atopemos. Son un xeito de resistencia.

Porque si, esa é exactamente a miña conclusión con respecto do humor arxentino: é resistencia. Non só atopa respostas, non só é un arma para non perde-la cabeza, senón que é unha escola, axuda a ter a mente áxil, mantén alerta, o humor arxentino coñece a historia do seu país, é negro e é irónico porque con todo o que cargan nas costas non queda moita marxe para ser *naïf*. É un humor multicultural en orixe, credo e lingua. Arxentina é unha babel. Iso educa na liberdade. Abre o camiño e a mente. Cae ás veces na observación costumista, pero sempre lle atopa a volta. O arxentino é observador, e disconforme; protesta, revoluciona, toma o classicamente coñecido e devólveo convertido nalgo novo. Trátase dun humor que está cheo de dobres sentidos e polo mesmo, cheo de moitas verdades. Escuras, case sempre, pero verdades. Creo fondamente que coñecer o humor dun país é coñecer a súa cultura. Quizais sexa por iso que lle debo dar por certa a Duhalde a frase que dixo aló polo ano 2002: «A Arxentina é un país condenado ao éxito».

Cando me puxen coa investigación do humorismo galego, do noso humorismo, encontrei un aquel sentimental. Non puiden, de verdade que non puiden simplemente trazar unha liña política e outra cos humoristas destacábeis e listo. É que, veredes, de súpeto latíame no peito a comprensión toda das raíces. Non podo trazar unha liña de ningunha clase porque o humor é fillo da nosa terra, porque todos conversamos, ollamos, pensamos, sentimos, choramos, creamos, labramos a terra e nos namoramos con humor.

Veredes, cada vez que acudía a un autor galego, máis aló do ínclito Cilistro que trazou ese inestimable ensaio titulado *O segredo do humor*, decatábame de que por moito que a súa intención non fose humorística, sempre se lle escapaba por algún burato unha miguiña de maxia. E pensaba entón nas conversas da rúa, nos contos sobre os veciños que lle teño escoitado de toda a vida a meu pai e, mirade, non hai outra. É a nosa actitude ante a vida e mesmo ante a morte. Se me apurades, moito máis aínda ante a morte. Fala sempre meu pai de que o veterinario da súa parroquia, en Baroncelle, aló en Abadín, cando el era pequeno, era taxexo. Un día a un veciño doutra parroquia púxoselle a morrer unha vaca pola noite en pleno parto. Ese veciño tamén o era. Aló foi en bicicleta, buscar á súa casa ó veterinario atravesando quilómetros de leiras, camiños e pistas de terra. Chegou o home cheo de suor e

anguria. Ben sabía que o veterinario e máis el adoecían do mesmo, pero apurado pola urxencia non lle pareceu un detalle importante; comezou a pedir auxilio tateando sen remedio a aquel home que saíu a abrir a porta no medio da noite recién saído da cama. O veterinario sentiu aquilo como o peor acto de burla posible e pechoulle a porta nos fuciños a aquel home que tiña tódalas súas esperanzas de supervivencia na propia supervivencia da súa vaca. Pasado un anaco, un veciño petou de volta na casa do veterinario, que estaba xa canso de chistes baratos, e sorprendeuse ó ver que este lle aclaraba que o pobre home era «tato» coma el, que non era burla ningunha. Así que aló foi, raudo e veloz, atravesando corredoiras e leiras, atender e pedir perdón. Ao seu ritmo, claro, que seguía sendo tatexo. Pero cheo de humanidade, de consciencia dos propios límites e tamén dos límites do outro.

Esta anécdota, que está extraída da vida real, paréceme boa para explicar un pouco do que pasa connosco. Estamos cheos no noso humorismo de sentimento, de tenrura, de ironía, de solidariedade, de lirismo, de aceptación e si, de retranca.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E FÍLMICAS

- ARLT, Roberto (1933): *El jorobadito y otros cuentos*. Córdoba: Ediciones del Sur.
- Bio.ar (2014): *Niní Marshall*. Argentina: Canal Encuentro.
- BORES, Tato (1990): *Monólogo número 2000*. Argentina: Canal 13. En liña: <<https://www.youtube.com/watch?v=X1rm8I2UT2Y>>.
- CABALLERO, Félix (2012): *O humor galego alén da retranca*. Cangas do Morrazo, Pontevedra: Edicións Morgante.
- CARRERAS, Victoria &, Alejandro MARINO (2015): *Merello x Carreras*. Caba, Argentina: INCAA.
- CASERO, Alfredo (1994): *Cha Cha Cha*. Argentina: América TV.
- FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino (1963): *O Segredo do Humor*. Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ, Macedonio (1944): *Papeles de Recienvenido y Continuación de la Nada*. Buenos Aires: Barataria.
- LÓPEZ, Siro: *José Cao Luaces*. Lugo: Deputación de Lugo.
- MIHANOVICH, Sandra (2013): *Soy lo que soy- Fernando Peña*. Buenos Aires: Tranquilo Producciones.
- PIGLIA, Ricardo & Andrés DI TELLO (1995): *Macedonio Fernández*. Buenos Aires: Secretaría de la Cultura de la Nación.
- Sucedede* (2015): *SUCEDE*. Argentina: UN3TV. En liña: <https://www.youtube.com/watch?v=_C9QT3UbeNU>.

O sorriso do capitalista en *O capital* de Marx: chiste, humor ou comicidade?

Francisco CONDE SOTO
Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Karl Marx, filósofo, economista e político alemán, fai falar no primeiro libro d' *O capital* en primeira persoa a un capitalista sorrindo pola obtención da plusvalía que extrae da forza de traballo do traballador. Esta capitalista obtén misteriosamente un beneficio extra en forma de plusvalía e sorri. Partindo das definicións de Celestino Fernández de la Vega dos fenómenos do humor e do cómico e engadindo a noción de chiste de Freud, trátase de pensar cal destas tres categorías (humor, comicidade ou chiste) é a máis axeitada para pensar esta risa sospeitosa.

O texto que se presenta ten tres partes:

1) Unha primeira parte na que se establece unha definición operativa das nocións de chiste, humor ou comicidade partindo da distinción entre o humor e o cómico que propón Celestino Fernández de la Vega en *O segredo do humor* (1963).

2) En segundo lugar, atenderase á certos trazos da descrición do capitalista que Marx fai no primeiro libro do primeiro volume do *O Capital. Crítica da economía política* (1867).

3) En terceiro lugar reflexionarase sobre a categoría en que deben ser encadrados os actuais capitalistas: humor, comedia ou chiste.

1. A DEFINICIÓN DE CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA DO CÓMICO E O HUMOR.

En 1950, coincidindo coa morte de Castelao, varios activistas da resistencia cultural contra o franquismo crean a Editorial Galaxia. Orientada á recuperación do prestixio literario e cultural de Galicia, a dirección de Galaxia crea en 1951 a colección Grial, suspendida en 1952 coincidindo coa aparición do número 4, «Aspectos económicos e xurídicos de Galicia». É dicir, que no momento en que se trataban temas políticos ou económicos a censura aparecía. Cando se prohibe a colección Grial a editorial Galaxia decide publicar unha serie de volumes sobre a cultura galega. As intencións eran demostrar que a lingua galega era apta para tratar

calquera tema culto e estudar de paso aspectos centrais da realidade galega. Ramón Piñeiro encárgalle a Celestino Fernández de la Vega que faga un volume sobre o humor, considerando que o humor ou o humorismo é un tema que o galego ou a galega «leva na alma» (Fernández de la Vega 1963: 20). E así o filósofo lucense ponse a rebuscar en canta bibliografía lle cae nas mans para elaborar un verdadeiro tratado sobre a cuestión do humor á altura do que se estaba facer noutras nacións europeas que non eran a galega.

A Celestino interésanlle especialmente as definicións do psicólogo alemán Theodor Lipps (1851-1914), que considera no seu libro de 1898 *O cómico e o humor* que o humor consiste na «negación cómica de algo valedoiro» (Fernández de la Vega 1963: 41), e do filósofo francés e Premio Nobel de Literatura Henri Bergson (1859-1941), quen afirma en *A risa: ensaio sobre a significación do cómico* (1900) que o humor é «o senso exacto da relatividade de tódalas cousas, isto é, a crítica constante do que se cre ser definitivo, a porta aberta ás novas posibilidades sen as que ningún progreso do espírito sería posible» (Fernández de la Vega 1963: 42). O humor, polo tanto, sería unha crítica destrutiva e negativa dalgún feito presente co punto de mira posto nun futuro mellor.

Ademais das numerosas referencias a unha multitude de autores europeos, o libro semella facer tamén unha homenaxe a Castelao e ao humor retranqueiro dos personaxes de *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922). E a mesma retranca dalgúns dos debuxos dun Castelao que mesmo como artista nunca deixou de exercer a política: a retranca como ferramenta das clases máis desfavorecidas para resistir á opresión dos caciques.

A primeira definición sistemática do humor do libro de Celestino di que o humor é «unha resposta con senso a unha peculiar situación de vida [...] o esforzo máis intelixente do ser humano por se liberar da súa tediosa condición» (Fernández de la Vega 1963: 56). É importante destacar que o humor é situado por Celestino entre a traxedia e a comedia. Segundo el, estas dúas son situacións nas que o ser humano non é quen de ofrecer unha resposta con sentido. O héroe ou heroína tráxicos están ante unha situación que non poden dominar, sometidos a unha necesidade superior ás súas forzas, desbordados polo destino. Na comedia o suxeito vese tamén superado pola situación, fracasa; mais, ao contrario que no caso do fracaso trágico, non se trata dun fracaso grave, senón «pouco ameazante» (1963: 70). Na comedia é como se o suxeito soubera que non hai ningunha posibilidade de éxito e ofrece unha resistencia feble, consciente da desproporción insuperábel entre a situación á que se enfronta e a súa capacidade para sobreporse.

Pois ben, o humor sería unha resistencia situada nun punto intermedio entre o cómico e o trágico. Mediante o humorismo «o ser humano acada a lle buscar e atopar senso a situacións que semellaban non ter resposta axeitada» (1963: 63). O humorista é quen presenta unha situación atenuando as circunstancias, facendo relativa a súa gravidade, quitándolle peso a un problema aínda que sen falsear a realidade. O humor consegue, por así dicir, quitarlle ferro ao asunto.

A Celestino interésalle tamén o *Quixote*, que na súa interpretación sería a obra dun escritor que coñece a amargura da existencia en carne propia. Malia isto, Cervantes non se dá por vencido e inventa un personaxe que a través das súas quimeras atopa sentido á existencia. O *Quixote* non invitaría á risa cómica nin ao pranto trágico, senón a «comprender e

sorrir» (1963: 95), posto que o obxectivo de Cervantes sería espertar no lector unha certa empatía co personaxe, co obxectivo de lembrar as dificultades da vida e a necesidade de afrontalas con humor. No humor vería Celestino «un esforzo por comprender, por responder con senso a situacións conflitivas» (1963: 117).

Alén do humor e do cómico, Celestino ocúpase tamén da risa, partindo de consideracións do pai da antropoloxía filosófica, Helmuth Plessner (1892-1985). Para Plessner tanto a risa como o pranto serían manifestacións nas que a imposibilidade de atopar sentido provoca que a enerxía en xogo sexa descargada a través do corpo e se produza unha especie de despersonalización e ausentarse do suxeito. No sorriso, propio do humor, o suxeito está presente, emprega a súa faciana como instrumento expresivo, o suxeito non se ausenta do seu corpo, senón que o emprega, pode separase del a vontade sen ter que desaparecer.

Máis pesimista é o filósofo e profesor de filosofía Antón Baamonde: ao humor

Pásalle igual que a outras moitas cousas, que se viu afectado pola *sureñización* de Galicia. Antes non ían galegos ós programas de corazón, e xa van. O sentido do humor dos rapaces é o da televisión [cada vez ten menos peso a familia]. Un país que nos últimos 30 anos está acabando co seu patrimonio, co idioma e con case todo, por que ía conservar iso? Unha mágoa, porque como dicía Celestino de la Vega, «a falta de senso do humor encheu os campos de concentración» (Xosé Manuel Pereiro: «O humor que somos. Reedítase o estudo de Celestino Fernández de la Vega sobre o que foi considerado un dos elementos troncais da alma galega» (*El País*, 22-5-2009).

Ao anterior, cabería engadirille tan só a noción de chiste, para a que recorreremos a Freud. Para Freud o chiste é algo que «posibilita a satisfacción dunha pulsión (concupiscente ou hostil)» (Freud 1905: 95), de maneira que estas pulsións, que normalmente serían reprimidas, poden finalmente manifestarse baixo a forma de chiste. A enerxía que anteriormente estaba acumulada e encerrada en certa vía psíquica e que non podía chegar a ser liberada acada co chiste un camiño polo que descargarse. Pensemos nun chiste machista. O pracer que comportaría a satisfacción directa da pulsión — neste caso unha pulsión agresiva cara á unha muller— non aparece; mais coa reformulación da pulsión en chiste conséguense polo menos unha liberación e unha satisfacción parciais. En definitiva, a gargallada que provoca o chiste, que Celestino non estuda, é para Freud froito da superación súbita da censura por parte de algo que estaba agochado no inconsciente.

2. O RIS DO CAPITALISTA N'O CAPITAL DE MARX

O retrato do capitalista no primeiro libro do primeiro volume d'*O capital* de Marx comeza coa descrición dun capitalista que ignora supostamente de onde procede a ganancia que acumula. Este descoñecemento seu en realidade está amparado polo que Marx chama a economía vulgar, a ciencia económica burguesa previa, que en xeral non deixaba de xustificar a legalidade e moralidade do beneficio obtido polo empresario. Mesmo descoñecendo de onde provén a súa ganancia, o capitalista séntese autorizado a afirmar que ten que ser xusta posto que é o pago ao risco que tivo que correr invertendo un determinado capital. Marx di:

O capitalista, que ten coñecementos en materia de economía vulgar, tal vez diga que el adiantou os seus cartos coa intención de facer destes máis cartos. O camiño do inferno está empedrado de boas intencións, e mesmo podería ter a intención de facer cartos sen producir¹⁴. Ameaza. Ninguén o volverá a atrapar. No futuro mercará a mercadoría lista no mercado, en lugar de fabricala el mesmo. Agora ben, se todos os seus irmáns capitalistas fan o mesmo, onde vai atopar no mercado a mercadoría? E el non pode comer cartos. Catequiza. Debería pensarse na súa abstinencia. Podería ter malgastado os seus 15 xilins. Mais en lugar diso, consumiuunos produtivamente e fixo fio con eles (Marx 1867: 206).

E na nota a pé número 14 que acompaña a este parágrafo:

Así, por exemplo, en 1844-1847 retirou da actividade produtiva unha parte do seu capital a fin de especular en accións ferroviarias. Así, durante a guerra civil norteamericana, pechou a fábrica e botou á rúa os obreiros para xogar na bolsa de algodón de Liverpool (1867: 206).

O capitalista considera que a súa ganancia é o xusto premio ao feito de ser aforrador mentres que os demais gastan o pouco que conseguen. O capitalista deféndese afirmando que en realidade el está poñendo ao servizo dos traballadores os seus medios de produción para que poidan producir algo e, polo tanto, que el lle presta un servizo á comunidade consistente en crear riqueza. Marx, sempre de ironía fina e elegante, di que o capitalista se pon sobre as súas patas traseiras —como os cans— e sostén que se non fora por el, todos morrerían de fame:

Testán, ponse de pé sobre as patas posteriores. Debería o traballador cos seus propios membros crear no aire azul os produtos do traballo, producir mercadorías? Non lle deu el a materia coa que e na que pode materializar o seu traballo? Debido a que a meirande parte da sociedade está formada por tales non-ter-nada, non lle prestou el á sociedade un servizo enorme a través dos seus medios de produción, o seu algodón e as súas bobinas, tamén ao traballador mesmo, ao que ademais provee de víveres? Non debería cobrar por este servizo? (1867: 206).

Mais a descrición de Marx continúa e faise aínda máis fina:

Namentres, o capitalista, con sorriso xovial, volveu adoptar a súa vella fisionomía. Con toda esa letanía non fixo máis que mofarse de nós. Todo o asunto impórtalle un pemento. Traspásalles eses febles subterfuxios e outros semellantes e esas baleiras patrañas aos profesores de economía política, aos que el mesmo paga para que fagan iso. É un ser humano práctico, que se ben fóra do negocio non sempre considera a fondo o que di, dentro del sabe sempre o que hai que facer (1867: 207).

Agora ben, Marx di que o capitalista coñece en realidade perfectamente a solución ao enigma acerca da orixe do seu beneficio. O capitalista busca no mercado unha mercadoría cuxo valor de uso lle poida aportar un valor máis alá do prezo que el paga pola súa compra. Esta mercadoría é a forza de traballo que o traballador lle vende:

Para extraer do uso dunha mercadoría valor, o noso propietario dos cartos debería ser tan afortunado como para descubrir dentro da esfera da circulación, no mercado, unha mercadoría cuxo valor de uso posúe el mesmo a peculiar característica de ser fonte de valor, unha mercadoría cuxo uso efectivo fose el mesmo cosificación de traballo, e por iso creación de valor. E o propietario dos cartos atopa tal mercadoría específica no mercado —a capacidade de traballo ou a forza de traballo (1867: 161).

É dicir, o empresario paga unha determinada cantidade que, como mínimo, ten que ser suficiente para que o traballador poida asegurarse a súa subsistencia (comida, roupa, calefacción, vivenda...) e a cambio desta cantidade acaba obtendo un beneficio moito maior.

A forza de traballo é unha mercadoría moi especial, porque ao contrario ca outras mercadorías, non se pode coñecer o seu valor de uso real ata despois de que é vendida e empregada polo empresario. Dito doutra forma, o empresario non lle paga a cada traballador unha parte proporcional do beneficio que obtén despois da venda dos produtos fabricados, senón que lle paga previamente unha cantidade fixa. Este valor engadido que o empresario obtén é un valor de máis ou plus-valía.

O capitalista merca a forza de traballo por toda unha xornada pagando para isto o seu prezo xusto seguindo un prezo medio social e adquire así o dereito a empregar esta forza toda unha xornada, obtendo un valor extra máis grande que o valor pagado, e faino sen violar en absoluto o contrato establecido entre traballador e empresario:

O propietario dos cartos pagou o valor dun día da forza de traballo; perténcelle por elo o seu uso durante o día, o traballo de todo o día. O feito de que a conservación dun día da forza de traballo só custa medio día de traballo mentres que a forza de traballo pode operar, pode traballar todo o día, supón unha sorte extraordinaria [*ein besonderes Glück*] para o mercador, pero en absoluto unha inxustiza para o vendedor.

O noso capitalista previra este caso, que o fai rir (1867: 208).

Marx afirma que se trata dun proceso de intercambio comercial onde o capitalista e o traballador son «ambos persoas xurídicas semellantes» (1867: 182), figuras xuridicamente iguais, é dicir, onde non se comete ningunha inxustiza. O capitalista paga un valor de cambio e obtén un valor de uso máis grande: o valor de cambio máis un certo plus-valor. Agora ben, que o capitalista non sexa quen de aguantar a risa delata que neste intercambio entre aparentemente iguais hai algo sospeitoso: en realidade está roubando a plusvalía. A «sorte extraordinaria» do capitalista é unha expresión irónica de Marx para denotar que detrás do suposto intercambio xusto entre iguais se agocha un roubo. En realidade a última frase da cita é unha paráfrase dunhas palabras do *Fausto* de Goethe. As palabras pronúncias Fausto cando un can de augas que o acompaña durante un paseo transfórmase en Mephisto e este afirma ser un escolar viaxeiro. Ante a capacidade de Mephisto de transformarse en can e a súa afirmación de ser un mero estudante e non o diaño, que é o que realmente é, Fausto comenta entón: «o caso faime rir» [*Der Kasus macht mich lachen*] (parte I, «Estudo»). A expresión emprégase dende entón para dicir que algo asombra ou que non ten ningún sentido.

Seguramente a Marx interésalle a cita porque tamén na plusvalía hai unha transformación agochada que resulta estraña e fantástica. O capitalista ri porque está xustamente agachando algo e iso que agacha é a plusvalía que lle caerá nas mans.

3. O RISO DO CAPITALISTA: É HUMORÍSTICA, CÓMICA OU CHISTOSA?

O capitalista ri. A cuestión está agora en determinar de que clase é exactamente a súa risa.

— Podería ser humor. Mais semella que non ten moito sentido que o capitalista necesite do humor, porque el non ten que afrontar ningunha situación perigosa, dura, cuxa superación necesitaría dunha toma de distancia e unha mirada humorística. Ao capitalista non lle fai falla o sentido do humor porque non ten que afrontarse a ningún tipo de situación dura da que tería que evadirse, como a fame, a emigración, o paro, a falta de cartos para pagarse un tratamento médico. Quizais os trazos humorísticos afloran en certas comparencias diante dos medios de comunicación actuais tras algunha acusación de corrupción, mais certamente o que predomina é o desdén e a pregunta intimamente formulada acerca de quen se estará a vingar deles.

— Cabería a posibilidade de que a risa do capitalista fose provocada por un chiste que lle fai graza. Podería ser que o riso do capitalista sexa unha liberación da enerxía que queda dispoñíbel cando se salta a súa propia censura. Supoñemos que algo de humana conmiseración ou empatía polos desfavorecidos da sociedade debe quedar nel, e se normalmente consegue reprimirse, habería ocasións nas que se salta esta autocensura para mofarse abertamente deles. O que sucede é que a súa risa non é tan intensa ou súbita ou incontrolada como para pensar que no caso do capitalista que nos ocupa estamos ante un chiste. O seu sorriso é máis cínico, e polo tanto máis temperado, moderado. Este capitalista é diferente do bromista ministro de Facenda Montoro, que, interrogado no pasado acerca de se ían subir os impostos, non foi quen de reprimir unha gargallada.

— A categoría que resta por analizar é a do cómico. E semella que cando o empresario ve como é descuberta a súa maneira de gañar cartos e acumular sen maior esforzo cantidades inxentes de plusvalía, correndo en realidade moi poucos riscos ou ningún, estase rindo doutros suxeitos situados nunha situación de inferioridade e que para conseguir a ínfima parte do que el alcanza ten que traballar arreo día a día ou mesmo vivir no límite da pobreza. A Enquisa de Condicións de Vida sitúa a taxa de poboación en risco de pobreza ou exclusión (ARPE) no 25,4% no 2016, apenas tres décimas menos que no ano anterior. Aumenta a taxa de poboación en risco de pobreza en España, que se sitúa no 22,3% no 2016 (fonte: EAPN-Galicia, Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social).

Ao capitalista de Marx faille graza a facilidade con que gaña cartos, como se estivera vendo unha película de Chaplin na que Charlot cae catro veces no mesmo charco ou acaba cos focuíños cheos de torta. No mellor dos casos, o capitalista observa como algo cómico o facilmente que pode gañar grazas á súa astucia, que non intelixencia, mentres que a clase social que está por debaixo acepta participar nun xogo no que as cartas están totalmente trucadas e no que o azar non existe. Isto no mellor dos casos, porque noutros, cando os de abaixo protestan, o que vén ao lugar da comicidade e directamente o odio.

Mariano Rajoy anuncia que recorta a prestación por desemprego entre aplausos dos deputados do Partido Popular. Andrea Fabra, exaltada, berra dende o seu escano en perfecto español «que se jodan». Posteriormente afirma que o berro foi lanzado nun contexto de disputa política e que ía dirixido á bancada socialista; non ás clases baixas, populares ou, por abreviar, «usuarias» de prestacións por desemprego. Semella estraño, mais sería plausíbel.

Agora ben, no caso de que se tratara dunha manifestación de odio cara aos de abaixo, o personaxe non carece de antecedentes familiares, por certo, os mesmos que garanten que ela nunca vaia ser usuario deste tipo de prestacións¹.

O capitalista, entón, ri comicamente porque é consciente de que no fondo —poderíamos dicir no fondo de inversión— hai un engano. Obtén unha satisfacción do feito de ver como outra clase social que non é a súa pasa apuros para chegar a fin de mes, e no seu ton xovial transforma unha inxustiza social en obxecto de comedia ao atribuírlle a esa clase a falta de pericia, intelixencia ou habilidade para enriquecerse nun mundo tan libre e marabilloso como o mercado. Como dicíamos antes, ás veces entremesturado con odio, mais deixando sempre lugar para o cómico, elemento que lles permite atreverse a transmitirle aos membros do seu círculo en forma de bromas e mofa o que pensan:

24 de junio del 2013. Nuevas ampollas en el viejo continente. Angela Merkel ha cometido un error diplomático fatal. En medio de una feria alimenticia y rodeada de periodistas, olvidó que su micrófono permanecía abierto mientras mantenía una animada charla con la Directora del Fondo Monetario Internacional. La reptiliana Christine Lagarde preguntó a la alemana acerca de la baja productividad española. Al poner en duda la capacidad de la canciller para conseguir que redujera el sueldo mínimo y abaratara el despido español, Merkel dijo: «conseguiré que España reduzca el sueldo mínimo a 250€ al mes —tras este comentario, dibujó una “z” en el aire con la cabeza, chasqueó los dedos y añadió —because she’s is my bitch!».

La líder europea fue advertida inmediatamente del incidente por su traductora, Laia Isern, quien confesó que «no pasaba tanta vergüenza desde que fui a un mercadillo vintage y mi padre intentó vender la silla de ruedas de mi abuela como deportivo “retro”» (Periódico digital *El diario hoy* <www.eldiariohoy.es>, 27-7-2016).

En ocasións é moi dubidoso saber se eses capitalistas chegan a creerse as súas propias mentiras ou se están mofándose. Por exemplo, cando a ministra de Fomento Fátima Báñez afirmou o 17 de abril do 2013 que moita xente nova viaxa ao exterior non para buscar traballo, senón para formarse máis. Neste caso é difícil sobre todo porque a ministra afirma encomendarse á Virxe do Rocío para saír da crise, mentres a empresa familiar ten unhas ventas de 1,8 millóns de euros e ela declara uns ingresos de 6 700 euros por actividades agrarias. Non advirten a contradición? Ou a advirten e fan un uso cómico dela?

Ernesto Laclau, politólogo socialdemócrata, referente intelectual da parte errejonista de Podemos, critica a Marx pola súa concepción rixida dunha sociedade dividida en clases. Na súa opinión, unha análise que se baseara na clase obreira e pretendere así illar un grupo pechado de persoas dentro da sociedade está condenada ao fracaso. Marx tería sido inxenuo neste aspecto e a súa análise estaría agora desfasada. Laclau afirma que as clases non existen,

¹ Avó: Carlos Fabra Andrés (1912-1979); ocupa a Secretaría Provincial do Movemento Nacional en Castellón de 1943 a 1947; alcalde na mesma cidade de 1948 a 1955; Presidente da Deputación de 1955 a 1960. Pai: Carlos Fabra Carreras, presidente da Deputación de Castellón de 1995 a 2011; imputado en numerosas ocasións por contratacións ilícitas e fraude fiscal; despois das eleccións municipais de 2007, sentenciou sentirse «absuelto por el pueblo». Mariano Rajoy calificou a Fabra en 2008 como «un ciudadano ejemplar» —seguramente sen chiste, humor ou comicidade—. O presidente do Partido Popular valenciano e da comunidade autónoma afirmou en 2010, despois da aparición do caso Gürtel, a «enorme suerte» que tiñan Fabra e a provincia de Castellón por contar con el —aquí seguramente facendo un chiste para el mesmo—.

senón que hai que inventalas, mais non advirte que algo desta operación política xa estaba en Marx. Certamente non se escolle non ser propietario de medios de produción e polo tanto proletario. Mais ademais disto é necesario un momento de toma de conciencia de clase no que dalgún xeito se constrúe a clase. Marx intentou convencer aos traballadores fabrís de que estaban explotados para que se unisen e tomasen conciencia de clase. Non se trataba dunha mera descrición, senón dun concepto performativo. De feito isto explica como habendo en xaneiro do 2016 en Galicia 236 447 persoas desempregadas —110 132 homes e 126 315 mulleres, dos que o 52% non cobra prestación por desemprego—, non esteamos ás portas dunha revolución.

* * *

Conclusión sobre a corrupción.

Cando un discurso crítico toma como único eixo central a denuncia da corrupción —expresamente o programa de *Ciudadanos*—, esquecese que se trata dun aspecto absolutamente colateral dentro dun problema sistémico moito máis amplo, onde existen outros asuntos moito máis centrais e serios. A corrupción é en realidade un dano colateral. O feito de que a corrupción estea no foco de atención de certos medios de comunicación pagados por grupos de poder demostra que está a servir como cortina de fume para que non se atenda a outras cuestións de maior calado.

O filósofo esloveno Slavoj Žižek (2016) escribe sobre os papeis de Panamá que «a única cousa verdadeiramente sorprendente é que non conteñen ningunha sorpresa» e pregunta: «non aprendemos exactamente o que esperabamos aprender con eles?». A única sorpresa quizais é que faltan os papeis acerca dos estadounidenses, o cal confirma a sospeita de rusos e chinos de que se trata dun ataque inspirado pola intelixencia estadounidense contra eles. Žižek apunta que nos últimos tempos se teñen erguido moitas voces en contra da avaricia e da falta de moralidade de certos capitalistas. Mesmo o Papa Francisco, alias «el rojo», ou «el chavista», teríase manifestado neste sentido. Agora ben, independentemente das súas intencións, o resultado final destas protestas sería pelexar por moralizar, democratizar, facer máis amábel e menos brusco e violento o sistema económico e político capitalista. Conseguirían facer crer que é posíbel un capitalismo sen corrupción. Mais en realidade a corrupción forma parte esencial do capitalismo. En realidade, o sistema económico capitalista non é máis que corrupción sancionada como legal por un conxunto de normas impostas. As formas mediante as que empresas e fondos de inversión obteñen beneficios e trasladan capital dende un lugar a outro sen ningún tipo de control son a verdadeira corrupción, unha auténtica engrenaxe mafiosa onde son normais as presións de todo estilo —tipo «se lle vendes petróleo a China, móntoche un Boko Haram ou un Daesh»— ou os «regalos» en inxentes cantidades en comisións aos gobernantes das nacións cada día máis colonizadas.

Rubén Juste de Ancos, sociólogo español emigrado en Ecuador —segundo a ministra, supoñemos que á busca dunha mellora na súa formación— publicou o 13 de abril do 2016 nunha revista dixital chamada *Contexto y acción* un artigo co título «George Soros, el fan-

tasma de la corrupción y el negocio de la antipolítica». Alí afirma que é o propio multimillonario húngaro o que financia a Open Society Foundation (OSF), un consorcio que coordina a publicación dos papeis de Panamá filtrados do despacho do avogado Mossack Fonseca. Este mesmo consorcio tería sido moi presente no cambio de goberno en Ucraia en 2014, onde baixo o lema de conseguir unha democratización da cidade, agachábanse en realidade escuros intereses económicos. O autor do artigo insiste no feito de que a resposta natural e bruta á corrupción podería ser a supresión da clase política, e con ela, do estado, é dicir, da última barreira que podería servir para poñerlle freo á avaricia dos fondos de inversión e ao desprazamento libre dos capitais. A corrupción afecta a algúns banqueiros de segunda fila, mais especialmente á clase política e case nunca aos directores das grandes compañías de inversión ou empresarios de moi alto rango.

En 1548, el cisterciense fray Ángel Cornejo edita, en Medina del Campo, su traducción del latín al castellano de *Tóxaris [o Sobre la amistad]*. Es un largo diálogo elogio a la amistad: dos amigos, el griego Mnesipo y el escita Tóxaris, intentan demostrar, utilizando cinco ejemplos cada uno, cuál de sus respectivos pueblos aprecia más el don de la amistad. En la obra se aprecia, aparte de las excelentes dotes narrativas de Luciano, una fina comicidad en varios pasajes aunque, en este caso, no se trata de una obra satírica.

Francisco de Enzinas, humanista, protestante en el exilio y primer traductor áureo del *Nuevo Testamento* al castellano, edita en Lyon, en 1550, una pequeña colección de traducciones lucianescas a la que da el muy sugerente título *Diálogos de Luciano no menos ingeniosos que provechosos, traducidos de Griego en Lengua Castellana*. Es un conjunto de cinco diálogos, cuatro de los cuales considerados paradigmas de la sátira menipea en la obra del samosatense: *Caronte o Los Contempladores*, *El sueño o el Gallo*, *Menipo o Necromancia*, e *Icaromenipo o Por encima de las nubes*; el quinto, con quien se abre la colección, es el diálogo *Tóxaris o Sobre la amistad*.

Enzinas, animado por Melanchton, empieza a traducir en 1541 el *Nuevo Testamento* al castellano partiendo de la edición griega de Erasmo de Rotterdam; año y medio después, en 1543, concluye la tarea y edita su versión en Amberes. El traductor —ignorando, según todo indica, el decreto de febrero de ese mismo año que culpaba a las traducciones al vulgar de las *Sagradas Escrituras* de todas las herejías surgidas en los Países Bajos— no solo publica su versión, sino que se la dedica al propio Emperador. La denuncia al Santo Oficio no tarda en llegar, la edición del *Nuevo Testamento* se requisaba y se destruye, y Francisco de Enzinas es arrestado y encarcelado en Bruselas. Año y medio más tarde consigue escapar y huye a Wittenberg, a casa de su protector Melanchton; allí le llega la triste noticia de la muerte, en Roma, de su hermano, acusado de protestantismo, en la hoguera inquisitorial, y también la orden de su propia detención y vuelta a la cárcel bajo pena de muerte y confiscación de sus bienes. A partir de ese momento y hasta su muerte, Francisco de Enzinas vive fugitivo en varias ciudades europeas: Basilea, Cambridge, Estrasburgo —centro de acogida esta última de numerosos disidentes religiosos del Imperio además de centro de propagación del Humanismo y la Reforma gracias a la disposición de sus imprentas—. Es en Estrasburgo, pues, donde Enzinas publica, en 1550, un buen número de libros, todos anónimos y con falso pie de imprenta: Lyon, en casa de Sebastián Grypho; entre ellos se registran los *Diálogos de Luciano*, una edición que, aparte de anónima, está falta de prólogo y demás textos preliminares. En la traducción del *Nuevo Testamento*, siete años antes, el nombre del traductor figuraba, por desgracia como se ha visto, en la misma portada.

Aparte de los *Diálogos de Luciano*, Francisco de Enzinas es el traductor de una obra más del de Samósata: el primer libro de las *Historias Verdaderas*, prosa repleta de exageraciones, humor y fantasía; dicha obra, titulada *Historia verdadera de Luciano, traducida del griego en lengua castellana* aparece, en 1551, junto con una selección de las *Vidas paralelas* de Plutarco. Ambos libros son editados en *Argentina* —Estrasburgo, el *Argentoratum* de los

romanos— por Agustín Frisio; el de Plutarco con el nombre del traductor, al menos en algunos ejemplares; el de Luciano, una vez más, sin él. Lamentablemente, no se sabe si Francisco de Enzinas llegó a traducir el segundo libro de las *Historias Verdaderas* también; la muerte lo sorprende, en 1552, en esta misma ciudad asolada por la peste.

Un conjunto, pues, *ingenioso y provechoso* de la mejor sátira menipea de Luciano junto con la primera parte de una de las obras más divertidas del samosatense, están entre las traducciones clásicas —de obras de Julio César, Tito Livio, Plutarco, etc.— que Francisco de Enzinas realiza en los últimos cinco años de su vida. Exiliado, criticado, perseguido y hasta necesitado, se refugia, tal vez, en este Luciano satírico, que, con sus subidas al cielo, bajadas al Hades, viajes a la luna, barcos voladores y gallos parlanchines, entre otras tantas maravillas, le ayuda a escapar de la triste realidad que le tocó vivir, y, al mismo tiempo, con su encubierta crítica serioburlesca a los ricos y poderosos, a los filósofos mentirosos y a la hipocresía e intolerancia de la sociedad, da voz a su propia indignación y desengaño.

En el siglo XVII, don Juan Fernández de Aguilar Villaquirán es el primero de los seis letrados que en esta centuria vierten parte de la obra de Luciano de Samósata al castellano. Hidalgo, regidor de la Noble y Leal Villa de Escalona, hijo del humanista y médico ducal don Alonso Hernández de Aguilar, y padre del teólogo y traductor don Esteban de Aguilar y Zúñiga, dedica, en 1617, a *N. su amigo* la mayor colección a nivel europeo de traducciones lucianescas hechas por el mismo traductor, y en una lengua vulgar, durante los siglos XVI y XVII: cuarenta y cuatro traducciones que suman la mitad del *corpus lucianum*. Aguilar Villaquirán supera así, con creces, a los traductores europeos del samosatense en su labor colectiva de editar sus diferentes *Opera Omnia*. La mayoría de estos grandes humanistas colaboran con una, dos o tres traducciones latinas, como es el caso de Sinapio, de Melanchton y de Tomás Moro respectivamente; notables son los casos de Vicentio Obsopoeo con veinticuatro traducciones, Jacobo Moltzer con veinte, y Erasmo de Rotterdam con dieciocho.

Ya desde el título, *Las obras de Luciano samosatense, orador y filósofo excelente*, Aguilar Villaquirán anuncia su simpatía hacia este *auctor damnatus* de antaño y, en la epístola dedicatoria, hace una vigorosa defensa de sus dotes de escritor:

Impía es la persona de Luciano —yo lo confieso—, pero en su libro se hallará, con gran perfección, elocuencia, donaire, gracia, variedad de cosas, mucha y grande sciencia, maciza dotrina, prontitud y facilidad. Riéndose reprehende los vicios de otros, en apodar y morder es agro y pungente, agudamente juega de los vocablos, es sin frenillo para decir lisas las verdades y, con eso, sabe mezclar burlas con veras. Pinta como con pincel los afectos y costumbres de los hombres y nos los propone no a leer escritos sino a ver representados. Amonesta, manda, aconseja y enseña, todo con suma prudencia y juicio, y estoy por decir en una palabra que en él se hallará el dechado de todos los demás escritores haciendo, a muchos dellos, tanta ventaja que lo que de éstos muchos no se lee que hiciesen, él lo hizo con excelencia; que es conforme a la sentencia de Horacio *mezclar lo útil y provechoso con lo gustoso y dulce* de tal manera, que no sé yo comedia ni sátira que pueda compararse con estos diálogos, ora repararemos en el gusto ora en el provecho.

Aguilar Villaquirán prepara este trabajo manuscrito para regalárselo al que llama *señor y amigo mío especialísimo* —muy probablemente algún miembro de la

familia de los Fernández Pacheco, a la sazón marqueses de Villena y duques de Escalona—, y al que ruega que, una vez leído, *se le dé a conocer y leer a sus amigos que son del número de los doctos*. Le confiesa que ha elegido la

mayor y mejor parte de los diálogos de Luciano que o más importantes o más festivos y agradables o más morales me parecieron, dexando los más fríos o aquellos cuya materia y argumento ni es grave ni es apacible ni de tan notoria utilidad.

Entre las cuarenta y cuatro obras traducidas de esta *mayor y mejor parte de los diálogos de Luciano*, las dieciocho corresponden o se asocian directamente a la sátira menipea: quince de los veintiséis diálogos, y tres de los dieciséis discursos. El extenso *Luciano samosatense* de Aguilar Villaquirán reúne en sus páginas, aparte de las sátiras menipeas ya mencionadas, todas las demás obras satíricas de Luciano aceptadas por los críticos, unas más y otras menos, como menipeas (*Timón o El misántropo*, *El Convite o Los lapitas*, *El Concilio de los dioses*, *La Travesía o El Tirano*, *El Pescador o los Resucitados*, *Zeus confundido*, *Zeus trágico*, y *las Saturnales*), junto con los *Diálogos de los Muertos*, los de *los Dioses* y los de *los Dioses Marinos*, todos breves cuadros satíricos.

Francisco de Herrera Maldonado, licenciado en Teología, canónigo de la Iglesia Real de Arbas de León y amigo personal de Lope de Vega, publica en Madrid, en 1621, un conjunto de ocho traducciones lucianescas bajo el título *Luciano español. Diálogos morales, útiles por sus documentos*. De los ocho diálogos *morales* y *útiles* los cuatro son *menipeos*, y son los mismos que, en el siglo anterior, otro traductor lucianesco, Francisco de Enzinas, caracterizó como *ingeniosos* y *provechosos*: *El sueño o el Gallo*, *Caronte o Los Contempladores*, *Icaromenipo o Por encima de las nubes*, y *Menipo o Necromancia*.

Una vez más, un traductor de Luciano en los Siglos de Oro traduce al samosatense no por encargo, como se hacía dos siglos atrás¹, sino impulsado por motivos personales: el canónigo utilizaría a estos diálogos *morales* en sus prédicas y sermones dominicales y, fiel al *docere et delectare* horaciano, opta por estos ocho diálogos *provechosos* entre los cuales los *menipeos* ocupan un lugar privilegiado; e informa, orgulloso:

Animoso yo, pues, con estos ocho *Diálogos* de Luciano (famosos entre los que dexó escritos), he querido lisongear a nuestra lengua, con hazer naturales de Castilla discursos tan bien dispuestos, y dotrina tan provechosa para la reformation de las costumbres, detestación de los vicios y mayor importancia del bien público; porque ninguno de los antiguos le igualó en la agudeza y picante, donairoso dezir y provechoso reprehender. Por oscuros y dificultosos dicen muchos que se estaban por traduzir estos diálogos, y sería porque quiso el cielo guardarme a mí el primero este merecimiento con mi patria.

¹ En el siglo XV no hay intelectuales independientes del poder, y la relación entre las altas jerarquías y los traductores afecta a la selección y a la finalidad de los textos traducidos. Los que encargan las traducciones son los que eligen el texto a traducir, casi siempre de acuerdo con sus intereses personales o políticos (Grigoriadou 2017: 30).

Con este último comentario —erróneo, como se ha visto—, se disipa toda sospecha de plagio por parte de Francisco de Herrera Maldonado. El traductor ignora del todo la versión anónima de Francisco de Enzinas; además, hay entre los dos una enorme diferencia de estilo: renacentista puro el del primero, barroco gongorino el del segundo.

Las dos siguientes traducciones lucianescas de la centuria pertenecen al humanista cortesano Sancho Bravo de Lagunas, que en 1626 edita en Lisboa la traducción al castellano de la obra *No debe creerse con presteza en la calumnia* bajo el título *Discurso de Luciano que no debe darse crédito fácilmente a la murmuración*; años más tarde, en 1634, edita en Madrid la traducción al castellano de *Subasta de vidas* con el título *Almoneda de vidas*. La primera de ambas obras es una estricta diatriba contra la ignorancia, la calumnia y la adulación; la segunda, uno de los diálogos satíricos más logrados del samosatense: Júpiter, con el deseo de ridiculizar a todas las escuelas filosóficas, saca a subasta las vidas de los filósofos, encargando la venta a Mercurio.

Tomás de Carleval, Consiliario Regio de Justicia en Nápoles, traduce, hacia mediados del siglo XVII, del latín al castellano la obra *No debe creerse con presteza en la calumnia*, a la que da el título *Que no se debe creer fácil y temerariamente a las calumnias y chismes*. Como se acaba de mencionar, dicha obra es una de las diatribas de Luciano y no contiene elementos satíricos.

Don Francisco Gómez de la Reguera y Serna, gentilhomme de cámara del Cardenal Infante don Fernando de Austria, insigne poeta, excelente dibujante y autor de las primeras empresas políticas escritas en castellano, es, a la vez, el último traductor del Luciano *menipeo* y el único continuador literario del samosatense en los Siglos de Oro; este humanista tardío traduce del latín al castellano, también hacia mediados del siglo XVII, los dos libros de las *Historias Verdaderas*, y escribe un ingenioso tercer libro remedando magistralmente al estilo del gran sofista de Samósata.

Luciano escribe los *Relatos Verídicos* con la intención de entretener al lector y, a la vez, de criticar la forma de escribir las novelas de aventuras, género muy popular durante la época imperial. En una prosa repleta de exageraciones, humor y fantasía, condena a todos los *antiguos poetas, historiadores y filósofos* que escribieron relatos fantásticos, llenos de paradojas y absurdos sobre países y pueblos que nunca llegaron a conocer. La obra está tradicionalmente dividida en dos partes o *libros* que narran las aventuras del propio Luciano y sus compañeros en una serie de viajes todo menos *verídicos*; el segundo *libro* cierra con la promesa del autor de contar, en otros *libros* en el futuro, el resto de las aventuras del grupo, promesa que resultó la mentira más grande de la obra.

Varios siglos más tarde, don Francisco de la Reguera, *siguiendo con su grande ingenio la idea fantástica de Luciano, tan curiosamente inventivo y tan festivamente gracioso como él*, según reza el prólogo *Al que leyere* de las traducciones, cumple con la promesa del samosatense escribiendo un singular tercer *libro*: en un texto jovial y ameno se reivindica a Radamanto, juez de los Infiernos, la entrada de las prostitutas, embajadoras del amor, en la Isla de los Bienaventurados, habiendo permitido ya la entrada a príncipes ambiciosos y crueles, a generales asesinos, a gobernadores sin escrúpulos, enemigos todos del amor y de la paz; de paso, se queja de la Fortuna por haber premiado *a tantos sin méritos, inútiles en el*

mundo y critica, igual que el maestro samosatense, a los ricos, a los poderosos y a los filósofos.

Posteriores a la traducción de Francisco de la Reguera, y últimas para el período áureo, son las dos traducciones lucianescas del protonotario del Consejo de Aragón Miguel Batista de Lanuza y Tafalla. El letrado traslada del latín al castellano las obras *Sobre los que están a sueldo* y *No debe creerse con presteza en la calumnia*, a las que titula *Diálogo de los letrados vendibles* y *Tratado de que no se ha de dar crédito con facilidad a los émulos y calumniadores* respectivamente. La primera, que es más bien un monólogo de Luciano y no un *diálogo*, es una aguda sátira contra la costumbre de los filósofos, oradores y maestros griegos que, en la época del samosatense, se buscaban la vida en las ricas casas romanas pasando cualquier vejación y desprecio. La segunda traducción lucianesca de Lanuza y Tafalla es la de la *Calumnia* en su cuarta aparición en el siglo XVII².

* * *

Como se acaba de comprobar, es el Luciano satírico, picante y mordaz el que más atrae a sus once traductores peninsulares de los Siglos de Oro; ocho de ellos, cada uno por sus propios motivos, traducen obras repletas del humor satírico del gran sofista de Samósata mientras los demás humanistas españoles muestran —a través de la lectura de las varias *Opera Omnia* de Luciano que circulan por la Península— su clara predilección por su faceta de filósofo moral y redactor de buen estilo ático.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- GRIGORIADU, T. (2003): “Situación actual de Luciano de Samósata en las Bibliotecas españolas (manuscritos, incunables e impresos de los siglos XIII-XVII)”. *Cuadernos de Filología Clásica. Estudios griegos e indoeuropeos* 13, 239-72.
- GRIGORIADU, T. (2017): “La sátira menipea en el conjunto de las traducciones lucianescas peninsulares: siglos XVI-XVII”. En Pierre Darnis, Elvezio Canonica, Pedro Ruiz Pérez & Ana Vian (eds.): *Sátira menipea y renovación narrativa en España: del lucianismo a Don Quijote*. Pessac: Presses Universitaires de Bordeaux / Córdoba: UCOPress, Editorial Universidad de Córdoba, 29-41.

² Aparte de la traducción de Miguel Batista Lanuza y Tafalla: (1) Juan de Aguilar Villaquirán, *Oración que trata de la calumnia y falsa acusación, vicio muy ordinario de las casas de los señores*, (2) Sancho Bravo de Lagunas, *Discurso de Luciano que no debe darse crédito fácilmente a la murmuración* y (3) Tomás de Carleval, *Que no se debe creer fácil y temerariamente a las calumnias y chismes*.

**Desacreditando ao adversario.
O *ridiculum* como arma na retórica romana tardo-republicana**

Denís IGLESIA VILANOVA
Universidade de Santiago de Compostela

A historia do humor non é un tema trivial. Coñecer as claves que nos levan á risa en calquera sociedade permite que nos acheguemos á vida cotiá, aos tabús e á propia concepción que estas tiñan do Mundo. O humor, por norma xeral, implicaba unha quebra das normas ou convencións sociais sobre as que se vertebraba a vida diaria, xa que consistía en relatar sucesos pouco comúns e que o interlocutor podía atopar curiosos, disparatados, ou mesmo obscenos (pensemos nas comedias de Plauto e no rol que interpretaban nelas os escravos ou os pais de familia). Por este motivo, a identidade común e os patróns de conduta ligados á mesma, teñen un papel fundamental na comprensión do humor en cada contexto histórico. Para nós, por exemplo, moitos dos primitivos chistes ou bromas testemuñados polas fontes carecen de graza, pois descoñecemos ou non nos identificamos cos elementos que naquel momento producían risa. Quedémonos, pois, coa idea de que o humor é unha construción social máis. Algo aprendido, ao igual que os medos, as tradicións, os códigos morais ou os roles asignados por xénero.

No caso das sociedades antigas, o coñecemento das claves que levaban á risa é especialmente difícil e complexo por dous motivos.

En primeiro lugar, porque nos movemos nun ámbito cronolóxico moi amplo e é de supoñer que a concepción do humor, así como os elementos que facían graza, fosen cambiando co paso do tempo.

En segundo lugar, pola natureza das fontes. Ata o século I a.C. carecemos de tratados técnicos ou filosóficos que aborden esta materia. Si coñecemos a existencia dalgunhas obras anteriores como o famoso segundo libro da *Poética* de Aristóteles (*Περὶ Ποιητικῆς*), pero por desgraza non chegaron ata nós. A primeira fonte conservada que trata este tema de maneira ampla aparece no período tardo-republicano. Este primeiro testemuño, no que se fala de xeito relativamente extenso sobre a natureza do *ridiculum* e as distintas vías para chegar ata el, é un fragmento do segundo libro do *De Oratore* de Cicerón, unha obra sobre retórica pero tamén sobre moralidade, pois por medio dela se expón un discurso ético sobre os deberes que o home público ten coa súa comunidade.

Tamén contamos con algunha referencia sobre o uso práctico do *ridiculum* na retórica nun tratado algo anterior chamado *Rhetorica ad Herenium*, pero o seu contido no tocante a esta materia é bastante máis pobre.

Por medio da análise destas dúas obras intentarei expoñer que entendían os autores por humor, cales eras as distintas formas que este adoptaba e se existían límites no seu uso. Todos estes elementos estarán ligados á temática principal que se aborda nos dous tratados: a retórica. Por suposto, hai que aclarar que estas dúas fontes nos achegarán á concepción que dous autores dunha clase moi concreta (o *Ordo Senatorius*) tiñan sobre esta cuestión. O traballo non se propón abordar a visión do conxunto da sociedade, pois esta sería cambiante e as claves serían moi distintas segundo a rexión e a clase social do suxeito en cuestión. Tan só se pretende reconstruír dúas visións diferentes de representantes da clase social dirixente neste período concreto. Non sempre temos a sorte de contar con fontes documentais que o permitan.

O EMPREGO DO *RIDICULUM* NA RETÓRICA A HERENIO

A *Rhetorica ad Herennium* é o tratado sobre retórica máis antigo que conservamos en latín, aínda que seguida moi de cerca polo *De inventione* do xove Cicerón. De feito, a concepción desta materia como *ars* grega non sería moi anterior e coincidiría coa aparición do Círculo dos Escipións e a paulatina pero progresiva helenización das elites romanas. Pese a que no tempo en que foi escrita a obra, os tratados de retórica aínda estaban mal vistos polos sectores máis conservadores, a cada vez maior influencia grega sobre o mundo cultural romano, implicou a aparición destes pequenos manuais pensados para perfeccionar o uso que os homes públicos facían da palabra.

Nun primeiro momento a autoría foi atribuída a Cicerón, pero xa no 1491 o humanista Rafael Regio demostrou que a hipótese era falsa. A partir de entón foron moitas as propostas sobre a posible identidade do autor.

Xa nas últimas décadas do século XX optouse por deixar a un lado a busca dunha personaxe concreta para centrar os esforzos na reconstrución do seu perfil. A proposta á que chegou G. Achard foi a de que este sería un membro do *Ordo Senatorius* de alto rango, cun nivel cultural elevado (dado que era capaz de traducir o grego) e cunha idade que estaría entre os vinte e cinco e os corenta e cinco anos. En canto á procedencia, o feito de que na obra aparezan citadas cidades da Italia Central e de mostrar unha gran preocupación polo estoupido da Guerra Social parece suxerir que pertencería a algunha rexión situada entre o leste e o sueste de Roma (Achard 1985: 56-68).

Si coñecemos a identidade da personaxe á que foi dedicado este libro. Este foi *Marcus Herennius*, que ocupou a maxistratura consular durante o ano 93 a.C.

En canto á cronoloxía ou posible ano da composición, aínda que carecemos de referencias o suficientemente concretas como para establecer unha data precisa, si sabemos que esta non puido ser escrita con anterioridade ao 86 a.C., xa que se fala do sétimo consulado

de Mario¹, que se produciu nese mesmo ano. Por tanto, podemos establecer esta data como *terminus post quem*.

A ausencia de referencias ao goberno de Sila fai pensar que a obra debeu ser escrita con anterioridade ao seu ascendo. Xa que o propio autor mostra certa admiración por Mario, é posible que fose vítima da purga perpetrada polo ditador. Pero resulta difícil establecer un *terminus ante quem* nunha data concreta. O máis probable é que a súa aparición non fose moi posterior ao ano 86 a.C.

Agora ben, o que nos interesa desta obra é a exposición que o autor fai sobre cando é lícito empregar o humor como ferramenta ou arma nun discurso político ou xudicial. Esta cuestión é tratada no primeiro libro e máis concretamente ao facer mención ao *exordium* ou primeira parte do discurso.

O autor comeza a súa obra expoñendo cal é a función e o obxectivo do orador. A función consiste en tratar toda cuestión relacionada cos costumes e as leis na súa relación coa cidadanía e o obxectivo gañar o favor do seu auditorio². Quedémonos de maneira especial coa segunda idea. A finalidade do orador consiste en convencer e mesmo agradar aos seus oíntes e a súa arte está encamiñada para tal fin. Continúa este fragmento enumerando os tres tipos de causas coas que se ten que enfrontar: *demonstrativum*, *deliberativum* e *iudicale*. A primeira consiste no eloxio ou censura dunha persoa determinada. A segunda está centrada na discusión política e comprende a persuasión e a disuasión. Finalmente temos a xudicial, baseada nunha controversia na que o orador ten que defender ou acusar a un determinado individuo nunha causa.

Para tal fin son precisas cinco habilidades: a *inventio*, que consiste en atopar os argumentos axeitados para levar adiante a defensa; a *dispositio*, ou ordenación da exposición dos feitos na orde máis axeitada; a *elocutio*, que serve para adornar os argumentos elaborados mediante a *inventio* e estruturados coa *dispositio*, facendo un discurso máis elocuente e convincente; a *memoria*, ou capacidade para reter o discurso, e, finalmente, a *pronuntiatio*, que permite adaptar o ton e os xestos durante a exposición para causar a mellor impresión ao auditorio³.

Tras isto, o autor enumera as seis partes nas que se divide o discurso: *exordium*, *narratio*, *division*, *confirmation*, *confutatio* e *conclusion*⁴. O exordio, parte na que centraremos a nosa análise, era a introdución e a súa función consistía en gañar a atención do auditorio. A continuación temos a narración, ou exposición dos feitos tal e como se supón que aconteceron. Tras isto viña a división, mediante a cal se separaban aqueles argumentos ou feitos cos que o orador concordaba daqueles outros nos que podía existir algunha dúbida ou

¹ *Rhet. Her.* 4.68.

² «Oratoris officium est de iis rebus posse dicere, quae res ad usum civilem moribus et legibus constitutae sunt, cum adsensione auditorum, quoad eius fieri poterit» (*Rhet. Her.* 1.2).

³ *Rhet. Her.* 1.3.

⁴ *Rhet. Her.* 1.4.

cos que se discrepaba. A confirmación era unha exposición dos argumentos cos que se contaba. Despois viña a *confutatio* ou refutación do discurso do noso rival e, xa finalmente, a conclusión da hipótese do orador.

Tendo xa expostos os tipos de discurso e as partes das que se compoñían, pasemos agora a ver en que casos o autor xustifica o uso do humor como ferramenta ou arma. Comezamos recordando, unha vez máis, que o obxectivo que persigue o orador consiste soamente en gañar o favor do auditorio para a causa que defende. Na *Rhetorica ad Herennium* non existen consideracións de carácter moral sobre os medios para alcanzar a meta; o único que importa é o fin. Neste sentido, o humor é unha baza máis coa que pode contar o orador para producir o riso (*risum*) nos oíntes, gañando así o seu favor. Por suposto, era necesario facer uso deste recurso só cando as condicións así o precisasen. Por exemplo, cando o tedio reina entre o auditorio, o autor aconsella movelos ao *risum* para gañar deste xeito a súa atención e que poidan seguir despois a argumentación con maior ánimo. Para tal fin, o orador pódese valer de calquera cousa, dende un tipo de humor máis suave, fino ou elegante, como un apólogo ou unha fábula; ata outro máis groseiro ou ofensivo como unha caricatura grotesca (*imitatio depravata*), unha ambigüidade (*ambiguo*), unha insinuación (*suspicio*), unha burla ou mofa (*irrisio*), unha estupidez (*stultus*)...⁵ En suma, todo aquilo que mova ao riso pode ser empregado no discurso para gañar o favor do auditorio independentemente de que o humor sexa máis fino ou obsceno, ou mesmo que se teña que caer na mofa ou na insinuación fronte aos rivais. A *Rhetorica ad Herennium* é un tratado técnico que só ten en conta o obxectivo e, neste caso, as consideracións de carácter moral son un lastre. Non existe unha filosofía ética na que o orador se teña que inspirar. O único que importa é obter a vitoria para a causa que se defende.

O uso da calumnia ou da descualificación do opoñente tamén é defendido uns parágrafos antes ao falar sobre os distintos tipos de *exordia*. Neste caso o autor sostén que o *exordium* se ten que adaptar á natureza da causa que se defende, diferenciando catro tipos: a honesta (*honestum*), a vil ou repugnante (*turpe*), a incerta ou aquela na que existen dúbidas (*dubium*) e a humilde ou insignificante (*humile*)⁶. En función do tipo de causa o exordio será directo ou por insinuación. O primeiro era empregado nas causas dubiosas e consistía en presentar o lado amable do seu defendido deixando a un lado todo aquilo que lle podía prexudicar. O obxectivo, como é lóxico, era gañar o favor do auditorio para o cliente coa fin de apartar toda dúbida acerca da súa honorabilidade. En canto ao exordio por insinuación, era utilizado para aquelas causas deshonestas ou viles pero tamén cando os oíntes xa estaban convencidos polo anterior orador ou, como xa mencionamos con anterioridade, mostraban o seu tedio ou descontento⁷. En ambos casos o insulto, a infamia, a mofa e a inxuria son ferramentas das que o orador se podía valer.

⁵ «Si defessi erint audiendo, ab aliqua re, quae risum movere possit, ab apologo, fabula verei simili, imitatione depravata, inversione, ambiguo, suspicione, inrisione, stultitia, exuperatione, collectione, litterarum mutatione, praeter expectationem, similitudine, novitate, historia, versu, ab alicuius interpellatione aut adrisione» (*Rhet. Her.* 1.10).

⁶ *Rhet. Her.* 1.5.

⁷ *Rhet. Her.* 1.6-9.

Para chamar a atención do oínte no exordio directo, comezábbase esaxerando a importancia do tema a tratar ou presentando un discurso orixinal. A continuación procedíase a recorrer, ben ao eloxio (xa sexa cara o auditorio ou cara un mesmo; pero sempre evitando caer na arrogancia), ben á descualificación e á inxuria (aplicada contra o adversario). No caso de optar polo ataque directo contra o contrario o orador pode facer uso de calquera arma que sirva para espertar o odio dos oíntes respecto ao noso opoñente: desacreditándoo por medio da difamación, presentando algún acto seu que sexa impuro (*spurcus*), soberbio (*superbus*), pérfido (*perfidiosus*), cruel (*crudelis*), malicioso (*malitiosus*) ou vergonzoso (*flagitium*). Tamén se podía retratar ao adversario como alguén violento (*vis*), advertindo do seu poder (*potentia*), das faccións e apoios cos que conta, das súas riquezas, excesos, redes de clientela... noutras palabras, presentando ao contrario como unha ameaza e sostendo que a súa causa estaba apoiada pola forza pero non pola verdade ou pola xustiza⁸. En suma, mediante este tipo de exordio podíase levar a cabo un ataque directo contra o rival, apelando aos seus excesos ou á condición de home poderoso pero sempre destacando o mal uso que o suxeito en cuestión facía dese poder.

En canto ao exordio por insinuación, de apelar á inxuria ou á crítica, os ataques tiñan que ser máis sutís e indirectos. A táctica consistía en argumentar que se tiña que xulgar o crime e non á persoa ou á persoa e non ao crime segundo mellor conviña aos intereses do orador. A continuación ven a *narratio*, enumerando a sucesión de argumentos que foron expostos con anterioridade polo contrario e uníndose á condena dos mesmos pero alegando que o defendido non foi o responsable de perpetrar os crimes ou faltas que se lle atribúen. Era nesta parte do discurso na que se facía uso dun ataque velado ao rival, sostendo ante os oíntes que non se caería na crítica pero facéndoo dun xeito velado⁹.

En suma, a *Rhetorica ad Herennium* non só defende o uso do *ridiculum* nos discursos e argumentacións do orador; tamén a inxuria e a descualificación contra o adversario. Os ataques poden ser expostos dun xeito directo e agresivo (caso do exordio directo) ou ben dun xeito velado e máis suave (caso do exordio por insinuación). Pero non hai ningún tipo de consideración de carácter moral na exposición destas ferramentas ou na definición do bo orador. A obra non é máis que un tratado técnico sobre estratagemas retóricas e está encamiñado a explicar ao aspirante a home público os mecanismos para gañar a causa e cumprir co obxectivo que se propuxo. Pese a todo, o seu contido é de gran interese para nós, xa que é o primeiro testemuño co que contamos para falar sobre o uso do humor no ámbito da retórica e permítenos ver e demostrar como este elemento estaba presente nos discursos dos oradores, tanto na política como nos tribunais. O único que importa neste caso é gañar a causa pola que se está loitando, independentemente de cuestións de carácter moral ou de consideracións teóricas sobre o bo e o mal gusto. Como veremos, Cicerón terá outra opinión ao respecto.

⁸ «In odium rapiemus, si quid eorum spurce, superbe, perfidiose, crudeliter, confidenter, malitiose, flagitiose factum proferemus. In invidiam trahemus, si vim, si potentiam, si factionem, divitias, incontinentiam, nobilitatem, clientelas, hospitium, sodalitatem, adfinitates adversariorum proferemus, et his adiumentis magis quam veritati eos confidere aperiemus» (*Rhet. Her.* 1.8).

⁹ «Item si negabimus nos de adversa riis aut de aliqua re dicturos, et tamen occulte dicemus interiectione verborum». (*Rhet. Her.* 1.9).

O DISCURSO DE CÉSAR ESTRABÓN SOBRE O *RIDICULUM*

Posiblemente a fonte máis rica das que conservamos para tratar o tema do humor, sexa o fragmento do *De Oratore* no que toma a palabra César Estrabón para falar sobre a aplicación deste no ámbito da oratoria, así como os límites morais que xamais deben ser traspasados¹⁰.

Esta obra é diferente da *Rhetorica ad Herennium*, pois non se queda nun mero tratado técnico. Por unha banda, consiste nun manual sobre retórica, pero pola outra, Cicerón non se limita a falar unicamente sobre métodos ou estratexias prácticas para gañar a causa, senón que tamén entra no ámbito da ética, presentando un paradigma moral no que se ten que inspirar o orador.

Comecemos falando do contexto no que se compuxo. A data na que foi escrita é de sobra coñecida. Sabemos que foi no ano 55 a.C., nun contexto político especialmente duro para Cicerón a causa da súa inimizade co Primeiro Triunvirato. Ao contar con escasos apoios no Senado e tralo ascenso do seu inimigo Clodio como tribuno da plebe no 58 a.C., Cicerón tivo que sufrir o desterro durante dous anos. No 56 a.C. volve ao escenario político pero con boa parte dos seus bens incautados e un templo á Liberdade erixido no lugar onde antes residía. Tras probar a nulidade da acción do seu inimigo recuperou boa parte das súas propiedades, pero seguirá baixo o acoso de Clodio e os homes deste. Neste contexto foi escrito o *De Oratore*, obra cun claro contido moralizante, onde se defendía a figura do orador como home virtuoso ao servizo do Estado e do ben común.

Pese a todo, a obra está ambientada algúns anos antes, concretamente no 91 a.C. Unha época tan conflitiva como o tempo en que se compuxo, pois estaba a piques de comezar a Guerra Social (91-88 a.C.), conflito que enfrentou a Roma cos seus *socii* itálicos, desencadeada co asasinato de Livio Druso, quen por medio dunha lei intentou aprobar a concesión paulatina da cidadanía romana a estas elites itálicas.

É de supoñer que a elección destas datas convulsas como marco para a súa obra non fose casual. Cicerón pretendería facer unha comparación co seu tempo e lanzar unha mensaxe positiva e moralizadora por medio dos distintos monólogos e exposicións que se van sucedendo.

A estrutura é similar aos diálogos de Platón, presentando unha reunión de diferentes personaxes que xogaron un papel importante no contexto político do ano 91 a.C. e ao longo da Guerra Social.

En primeiro lugar Lucio Licinio Craso, un dos personaxes que máis peso ten ao longo de toda a obra e que apoiou a Livio Druso durante o seu tribunado na concesión da cidadanía aos *socii* itálicos.

O segundo que máis peso ten no diálogo é Marco Antonio (avó do coñecido triunviro), cuxa principal acción foi o triunfo que obtivo coa derrota dos piratas no 112 a.C.

¹⁰ Cic. *de Orat.* 2.217-90.

Xa cunha menor participación temos a Publio Sulpicio Rufo, tribuno da plebe durante o ano 88 a.C. e que levou adiante a aprobación da lei que concedeu a cidadanía aos *socii* itálicos trala fin da Guerra Social.

Quinto Mucio Escévola, unha das maiores autoridades en dereito da súa época.

Quinto Lutacio Cátulo, cónsul xunto a Mario no 202 a.C., compartindo con el o triunfo pola vitoria contra os Cimbrios.

Finalmente temos a Xulio César Estrabón, personaxe que expón, no segundo libro desta obra, o extenso monólogo sobre o *ridiculum* que será obxecto de análise ao longo das seguintes páxinas.

Todos eles tiveron unha gran relevancia nesta época e son presentados, por Cicerón, como paradigmas do bo home de Estado e do bo orador, características ambas que no pensamento ciceroniano van da man, pois segundo el as aptitudes e virtudes están estreitamente ligadas á condición moral de quen as posúe.

Tendo clara a relación existente entre o contexto en que foi escrito o diálogo e a época na que se ambienta, pasemos a analizar o contido do monólogo de César Estrabón sobre o humor. En primeiro lugar diremos que o obxectivo que este discurso pretende conseguir é o de fixar unha teoría acerca do *ridiculum* e dos límites que este non debe traspasar. Seguindo esta idea, Cicerón sostíña que existen dúas vías para alcanzalo, unha propia da elite e que radica no enxeño (*cavillatio* ou *festivitas*) e outra ferinte e de mal gusto (*dicacitas*). O primeiro é un tipo de humor elevado, agudo, mordaz e que pretende conseguir o riso sen recorrer á humillación ou ao ataque contra o rival; mentres que o segundo é baixo, pobre, insultante, aquel propio do *scurra* ou do *mimus*¹¹.

Como vemos, a idea de que os homes de rango superior posuían unhas aptitudes máis elevadas que os de rango inferior tamén esta presente no tipo de humor, pois a *cavillatio* ou *festivitas* non só estaba asociada ao estatus social, senón tamén á condición moral. Se perdías as aptitudes propias da elite, deixabas de ser digno do teu estatus e pasabas a ser un *scurra*. O home elevado, ese paradigma de orador que Cicerón pretende presentar ao longo de toda a súa obra, recorría (polo menos no plano teórico) a un humor enxeñoso e non ofensivo coa fin de non ferir a ningún dos oíntes.

A exposición de César Estrabón presenta varios exemplos deste tipo. O protagonista do primeiro é Publio Licinio Vario. A historia narra como Escipión Africano o Maior, estando nun banquete, intentou poñer unha coroa de flores sobre a súa cabeza, pero esta rompiáselle unha e outra vez. Licinio Vario, contemplando esta escena dixo: «noli mirari, si non convenit, caput enim magna est» (non te asombres porque non caiba xa que tes unha gran cabeza)¹². O comentario é unha mostra de *cavillatio* porque consiste nunha ambigüidade (*ambiguus*), e este recurso é considerado unha proba de enxeño¹³. Ademais, a intención de Licinio Vario non é ferir ao destinatario da broma senón todo o contrario; homenaxeando, por medio do

¹¹ O tema dos límites do humor na obra de Cicerón tamén é tratado en Fritz (1997: 29-39).

¹² Cic. *de Orat.* 2.250.

¹³ «Ambigua sunt in primis acuta atque in verbo posita» (Cic. *de Orat.* 2.253).

enxeño, as aptitudes do xeneral romano. Neste caso, tanto a intención como o medio son bos, e por iso o comentario xocosos está ligado a esta concepción de humor elevado.

Outro destes exemplos fala sobre un neno chamado Ticio cuxo principal pasatempo consistía en xogar coa pelota. Esta afección provocou que un día, accidentalmente, rompese o brazo dunha estatua sagrada. Ao día seguinte, ao non aparecer polo campo a xente preguntou a un amigo seu, Vespa Terencio, por que o rapaz non se presentara naquel lugar como facía sempre. O amigo respondeu que Ticio non puidera vir porque rompera o brazo¹⁴, caendo así nunha ambigüidade ao non concretar si se refería ao da estatua ou ao do propio rapaz.

Moitas veces esta mostra de enxeño radicaba na ironía, ou en dicir algo cómico, de forma seria, dando a entender o contrario do que se quería expresar. O texto presenta o exemplo dun antigo dito dos Neróns: «Ridiculum est illud Neronianum vetus in furaci servo: solum esse, cui domi nihil sit nec obsignatum nec oclusum, quod idem in bono servo dici solet»¹⁵ (É ridículo o vello dito dos Neróns sobre un escravo que lles roubaba: só el ten todo o da casa nin selado nin fechado, algo que se di tanto do bo servo como do malo).

A *cavillatio*, por tanto, servía para conseguir o riso dos nosos oíntes pero mantendo a *dignitas*, tanto do que facía o chiste como daquel cara o que estaba dirixido. Este tipo de humor servía para conseguir unha sensación agradable naqueles que nos oían sen recorrer ao vulgar.

Pero por outro lado temos a *dicacitas*, un humor ferinte e de mal gusto. Neste caso, a fonte do *ridiculum* non só radica no enxeño do que elabora a broma, senón no suxeito que a sofre. Dito doutra forma, o *ridiculum* non só reside no home de agudeza intelectual, tamén radica na condición moral daqueles que non son honorables coa diferenza de que, no segundo caso, é a natureza e depravación do propio suxeito o que move á risa. Por citar algún dos casos que el mesmo presenta: o rosmón (*morosus*), o supersticioso (*superstitiosus*), o estúpido (*stultus*)¹⁶... Todos estes son exemplos de persoas cuxa condición moral ou comportamento poden mover á risa.

Por tanto, por medio da *dicacitas* podemos facer que cousas desagradables proporcionen nos oíntes unha sensación agradable, facendo fincapé nos defectos morais ou físicos das vítimas das nosas bromas.

Esta capacidade para xerar o *ridiculum* (tanto se falamos da *dicacitas* como da *cavillatio*) é, para Cicerón, un don innato. Algo co que nacen homes dotados de aptitudes superiores. Por ese motivo, a capacidade para facer rir non é unha técnica que poida ser aprendida ou inculcada, senón unha calidade inherente a certos suxeitos dende o momento en que nacen,

¹⁴ «Ut in illum Titium, qui cum studiose pila luderet et idem signa sacra noctu frangere putaretur gregalesque eum, cum in campum non venisset, requirerent, excusavit Vespa Terentius, quod eum brachium fregisse diceret» (Cic. De Orat. 2.253).

¹⁵ Cic. de Orat. 2.248.

¹⁶ Cic. de Orat. 2.251.

e nesta cuestión parece haber un absoluto consenso entre tódolos participantes do diálogo ou, polo menos, entre Marco Antonio e César Estrabón¹⁷.

O feito de que a capacidade para xerar *ridiculum* sexa innata é o que fai que todo tratado técnico sexa inútil. No parágrafo seguinte, César Estrabón continúa dicindo que as obras de autores gregos que trataron o tema do humor resultaban aburridas, pois este non é algo que poida ser transmitido por medio de explicacións técnicas; aínda que acepta que, en moitos casos, os gregos demostraban unha gran capacidade para este don¹⁸.

Tendo xa claro en que consisten as dúas vías para chegar ao *ridiculum* e a fonte da que emanaban ambas, pasemos agora a centrarnos na opinión que expón Cicerón sobre a *dicacitas* ou humor de mal gusto.

Ata agora comentei que o humor propio das elites era a *cavillatio*, unha ferramenta que xurdía do enxeñoso e que mantiña a *dignitas* tanto do que facía uso dela como daquel cara quen estaba dirixido o chiste. A *dicacitas* quedaba relegada ao *scurra* e ao *mimus*, homes de carácter vulgar. Pero no ámbito da oratoria, existen certos casos nos que Cicerón xustificaba o uso dun humor ferinte. Segundo el, o orador pode empregar a *dicacitas* cando o opoñente é dunha categoría social ou moral inferior e da mostras de falta de educación cara o de grado superior. No fragmento de César Estrabón póñense numerosos exemplos deste tipo, como o do xuízo de Catón en defensa de Aculeón contra o deforme Lucio Elio Lamia¹⁹ ou o do propio Craso contra Bruto, no que lle bota en cara a mala xestión do seu patrimonio por medio de comentarios xocosos²⁰. Pero estes casos serán analizados máis adiante ao falar sobre a aplicación técnica da *dicacitas* na oratoria.

Os únicos límites que establece para o humor son catro: dous éticos, un pragmático e un estético. Os éticos consisten en non buscar o *ridiculum* nin nas grandes desgrazas nin nos actos criminais; o pragmático en non facer do auditorio o noso obxecto de burla²¹ (este

¹⁷ «Suavis autem est et vehementer saepe utilis iocus et face tiae; quae, etiam si alia omnia tradi arte possunt, naturae sunt propria certe neque ullam artem desiderant: in quibus tu longe aliis mea sententia, Caesar, excellis; quo magis mihi etiam aut testis esse potes nullam esse artem salis aut, si qua est, eam tu potissimum nos docere» (Cic. *de Orat.* 2.216-7).

¹⁸ «Itaque cum quosdam Graecos inscriptos libros esse vidissem de ridiculis, non nullam in spem veneram posse me ex eis aliquid discere; inveni autem ridicula et salsa multa Graecorum; nam et Siculi in eo genere et Rhodii et Byzantii et praeter ceteros Attici excellunt; sed qui eius rei rationem quandam conati sunt artemque tradere, sic insulsi exstiterunt, ut nihil aliud eorum nisi ipsa insulitas rideatur» (Cic. *de Orat.* 2.217).

¹⁹ Cic. *de Orat.* 2.262.

²⁰ Cic. *de Orat.* 2.222-6.

²¹ «Ad consilium autem de re publica dandum caput est nosse rem publicam; ad dicendum vero probabiliter nosse mores civitatis, qui quia crebro mutantur, genus quoque orationis est saepe mutandum; et quamquam una fere vis est eloquentiae, tamen quia summa dignitas est populi, gravissima causa rei publicae, maximi motus multitudinis, genus quoque dicendi grandius quoddam et inlustris esse adhibendum videtur; maximaque pars orationis admovenda est ad animum motus non numquam aut cohortatione aut commemoratione aliqua aut in spem aut in metum aut ad cupiditatem aut ad gloriam concitandos, saepe etiam a temeritate, iracundia, spe, iniuria, invidia, crudelitate revocandos» (Cic. *de Orat.* 2.237-8).

como é lóxico, é un consello práctico semellante aos que propoñía a *Rhetorica ad Herennium*) e, finalmente, hai que engadir un consello de carácter estético, que consistía en executar as mofas con moderación para non parecer un *scurra* ou un *mimus*²².

En definitiva, aínda que a *cavillatio* era o tipo de humor propio do home culto e elevado, este tiña o dereito de recorrer á *dicacitas* se as condicións así o esixían ou se o individuo contra o que facía uso desta arma, estaba nun estadio social e moral inferior ao seu. Pero ata o recurso a este humor tiña límites. Non era tolerable facer mofas cos grandes males que padecía a *res publica*, nin cos actos criminais e, por suposto, o home superior non se podía rebaixar esaxerando os xestos ou o ton das súas bromas caendo na *obscenitas*.

Pese a todo este esquema, o certo é que os discursos de Cicerón recorrían á mofa e ao insulto con moita frecuencia. Dende as *Verrinas* ata as *Filípicas*, podemos observar como a descualificación estaba presente en tódolos discursos dirixidos contra os seus rivais políticos e, o certo é que no propio *De Oratore*, a maior parte dos chistes e mofas citados nos exemplos que expón César Estrabón son unha mostra patente disto.

MOFA E INSULTO. O USO DA *DICACITAS* NA ORATORIA.

No pensamento ciceroniano, tanto os vicios como as virtudes estaban estreitamente ligados á condición moral do individuo. O home bo era virtuoso por definición, mentres que aquel que perpetraba os peores crimes era descrito como un ser infrahumano ou un monstro (May 1996: 143-52).

Os defectos físicos, a falta de habilidades, as paixóns abxectas e os actos máis brutais eran, para Cicerón, consecuencia desa baixa condición moral máis propia das bestas que dos homes²³.

Ao longo de toda a súa traxectoria política e xurídica, Cicerón recorreu de maneira moi frecuente á descualificación, á esaxeración e mesmo á inxuria. Pero esta obra ofrece unha lexitimación desta conduta ao soste que o uso da *dicacitas* estaba xustificando cando a personaxe á que se enfrontaba era dunha condición moral inferior á súa. Así, o tratamento que do *ridiculum* se fai no *De Oratore* serve para fundamentar o emprego que fixo do humor ferinte nos discursos contra Verres, Catilina ou o que pronunciará algúns anos despois nas súas *Filípicas* contra Marco Antonio.

²² «Est etiam deformitatis et corporis vitiorum satis bella materies ad iocandum; sed quaerimus idem, quod in ceteris rebus maxime quaerendum est, quatenus; in quo non modo illud praecipitur, ne quid insulse, sed etiam, si quid perridicule possis, vitandum est oratori utrumque, ne aut scurrilis iocus sit aut mimicus» (Cic. *de Orat.* 2.239).

²³ Por citar algúns exemplos, temos a descrición que Cicerón fai de Marco Antonio (Cic. *Phil.* IV,12; VI.7) como un monstro sedento de sangue ou a que da de Verres (Cic. *Ver.* 2.5.145), ao que o compara con Escila e Caribdis.

Neste capítulo deixaremos a un lado as clasificacións ofrecidas por medio de César Estrabón, e pasarei a tratar, sobre a exposición práctica que se fai na obra, cales eran os tipos de mofas e descualificacións que se empregaban na arte retórica con maior frecuencia.

1. Os chistes relacionados cos defectos físicos ou coa condición moral do adversario

Non sorprenderá que un dos recursos máis comúns á hora de descualificar ao opoñente no período tardo-republicano sexa a crítica a súa condición moral. Pola contra, si pode estrañar que fose frecuente e que estivese aceptado socialmente, facer mofa dos defectos físicos.

Xa mencionamos con anterioridade o caso de Catón, na defensa de Aculeón, contra o amorfo Lucio Elio Lamia. César Estrabón conta como no medio da exposición de Catón, Elio Lamia interrompeu o discurso de malos modos. Ante a falta de educación do seu adversario, Catón respondeu cunha mofa: «audiamus pulchellum puerum» (Escoitemos ao rapaz fermoso) provocando a risa de todo o auditorio. Para manter a súa dignidade, Lucio Elio Lamia respondeu: «non potui mihi formam ipse fingere, ingenium potui» (non puiden formar este corpo, pero si o enxeño). Finalmente Catón remata de deixalo en evidencia exclamando: «auditamur disertum»²⁴ (escoitemos ao elocuente), provocando un ataque de risa maior entre os oíntes.

Neste caso, o uso da *dicacitas* está xustificado pola falta de educación do rival así como pola situación na que se atopaba Catón (un xuízo). As mofas perseguían dous obxectivos, ridiculizar ao opoñente e gañar o favor do auditorio por medio do *ridiculum*. Pero temos exemplos nos que a mofa é vista con malos ollos pola personaxe de César Estrabón. O que máis información nos proporciona sobre o mal uso da *dicacitas* conta como un coñecido de César, Gaio Sextio, que tiña a desgraza de ser torto, invitou a un tal Apio a cear a súa casa. Apio aceptou a invitación dicindo «uni enim locum esse video» (vexo que hai sitio para un), facendo alusión á condición física de Sextio, quen respondeu: «*Manus lava*» (lava as mans), referíndose máis á sucidade moral que á física²⁵.

[...] o humor empeza por non ser unha verba, nin cousa de verbas ou literatura. Orixinalmente é unha actitude do home, unha resposta que pode ser muda, sen verbas, a unha determinada situación.

Celestino Fernández de la Vega

O meu pai cría que todos os nenos e nenas teñen unha brasa. Pero alguén debe acender o lume. E unha vez aceso ten que avivarse acotío e é de vital importancia que se manteña vivo e non se apague nunca. Todos os libros para nenos e nenas de meu pai teñen un volcán ruxindo no seu interior. Achegan centos de ideas provocativas e excitantes fongozos. Están cheos de tenrura.

Tessa Dahl

1. SOBRE O PORQUÉ DESTE BINOMIO: HUMOR E LITERATURA INFANTIL

Frederick Nietzsche dicía algo semellante a que as persoas que máis sufriron no mundo víronse obrigadas a inventar o riso. Se ben pode semellar un tanto dramática, a senteza de Nietzsche parece ser profética na prolífica relación entre humor e literatura infantil e xuvenil: só cando se enfrontou aos cativos e cativas a determinadas problemáticas, á dor, aos conflitos, en definitiva, á mesma realidade, o humor entrou para ficar e para transcender, dándolle unha auténtica volta a este campo literario ao outorgar aos nenos e nenas axencia para transgredir. Todo xirou de tal forma, que resulta imposible nomear un por un aos autores e ás creadoras que o incluíron nas súas obras. Asemade, os teóricos deste campo literario aceptaron a importancia da súa influencia ata o punto en que aparece como un dos elementos desexables que debe ter todo libro infantil: «El humor ha de estar presente en la literatura infantil porque le aporta alegría, complicidad, ilusión y calidez, al tiempo que ayuda al niño a evadirse de otras circunstancias» (Cervera 1992).

¹ Este traballo enmárcase no proxecto FEM2014-57076-P.

Por iso, neste percorrido nas mans do riso, do sorriso e da gargallada, optouse por facer calas significativas, que mesturasen textos de diversos sistemas literarios con textos galegos. Porque, ademais, as claves para entender este concepto e as súas derivacións vanse basear na obra *O segredo do humor* de Celestino Fernández de la Vega, a quen primeiramente —e tan só unha vez— imos levar a contraria: o humor propágase tamén das persoas ás palabras e, polo tanto, á literatura. A partir de aquí vaise tentar amosar como, na maioría das ocasións, o humor na literatura infantil e xuvenil (LIX) non é evasión, senón unha arma moi poderosa para poder plasmar a vida, con todas as súas letras, con todos os seus xiros, nas obras para o lectorado en formación.

2. O HUMOR E AS SÚAS DERIVACIÓNS: ACLARACIÓNS DO CONCEPTO

Segundo o indicado, neste apartado exporase brevemente o concepto de humorismo seguindo os textos de Fernández de la Vega e resaltando sobre todo aquelas partes que resultan significativas para entender a súa incidencia nos libros para nenos e mozos. O autor acouta con precisión este termo, diferenciándoo especialmente da comicidade. Así, asocia o humor co riso, mentres que a comicidade se asociaría ao sorriso. Igualmente, o primeiro estaría máis vencellado á persoa que o xenera, «ao poeta» pola maneira de presentar o «obxecto» ou unha situación concreta (Lipps, *apud* Fernández de la Vega 1963: 49); porén, a comicidade residiría xustamente no obxecto ou na situación dada.

Outro dos elementos que permite deslindar ambas ideas é que o humor sería un concepto dual, centrado nun estado agridoce, e que tería como obxectivo comprender unha circunstancia concreta para afastarse, revelala e poder así resolvela:

Sempre que o humorista nos presenta algo estanos invitando, ao mesmo tempo, a que miremos para outro lado. Isto é: no humorismo hai sempre, unha presenza directa e unha presenza alusiva, un traer a xogo —a-ludir— unha alteridade, outra cousa ou outro aspecto da mesma cousa. Para sucumbir á dor non hai nada mellor que rir dela, non hai nada mellor que buscarlle un trazo risible; para non enlamarase no riso non hai cousa mellor que buscarlle o lado triste [...] (Fernández de la Vega 1963: 63-4).

No humor semella haber sempre unha emoción contida, un sentimento, que emprega a intelixencia para manifestarse e que axuda a enfrontarse a certos conflitos, aínda que non se pode entender unicamente como unha «aspirina sentimental» (Fernández de la Vega 1963: 36). Porén, na comicidade incídese sobre todo na ausencia de sentimento, así como na perda de control dunha situación, ao igual que sucedería na traxedia, pero no sentido contrario.

Igualmente, o autor parece dar por feito que non hai humor no mundo infantil, dado que para a súa comprensión presupón un entendemento que non outorga a nenos e nenas, a quen porén lles concede o deleite coa comicidade (Fernández de la Vega 1963: 49). Non obstante, nas seguintes páxinas tentárase amosar algúns exemplos deste concepto a través de diferentes obras. Cómpre ter en conta que moitas das creacións literarias para cativos e cativas, especialmente as de maior calidade literaria, son «ambivalentes». Este concepto, que Shavit (1986) toma de Lotman, indica que en certos textos se produciron translacións, pasando da literatura para público adulto á infantil ou viceversa, pero sobre todo, que constitúen

texts [that] belong simultaneously to more than one system and consequently are read differently (through concurrently), by at least two groups of readers. Those readers diverge in their expectations, as well as in their norms and habits of reading. Hence their realization of the same text will be greatly different (Shavit 1986: 66).

Isto supón que, en non poucas ocasións, exista un «dobre receptor» (Colomer 1998) en moitas obras literarias para nenos e mozos. O primario sería o lector infantil; o secundario, o lectorado adulto, que se tería que achegar ao texto como mediador ou por propia vontade e que, —teórica e idealmente— podería realizar a decodificación de todos os significantes que aparecen na obra, humor incluído, porque conta cunha maior formación lectora que así lle permite facelo.

3. NAS ORIXES DA LIX, A COMICIDADE

Os primeiros libros pensados para a rapazada, xurdidos na súa maioría a partir do século XVIII pouco ou nada tiñan que ver co humor: eran, na súa maioría, biblias ou libros educativos destinados a adoutrinar a esa nova clase de persoas: os nenos, ás que seguirían manuais de comportamento e libros variados con claro interese educativo. A idea era modelar estes pequenos seres segundo o gusto, mais sobre todo, segundo a concepción social do que a infancia debía ser. A medida que esta concepción foi cambiando, os libros infantís tamén foron modificándose e reflectindo esta transformación (Shavit 1986: 7). Porén, indo un pouco máis alá das diferentes recompilacións de contos tradicionais dos Irmáns Grimm e de Charles Perrault, no s. XIX publicouse en Alemaña *As aventuras de Max e Moritz* (1865), de Wilhem Busch, unha obra que pasaría á historia pola súa iconoclastia, pois poucos textos lles demostraran ós lectores e lectoras infantís o divertido que podía ser romper as normas e, ademais, contalo para divertir. Eles son, literariamente falando, a orixe das falcatruadas que se revisten dun toque macabro, non apto para o lectorado que procure o politicamente correcto. Pola capacidade imitativa dos nenos, pola súa falta de normas, no tempo da súa publicación foi considerado por colectivos de profesorado como un libro cuxos danos cumpría prever, pois incitaba á mocidade á rebeldía. Xa na época dos anos sesenta do s. XX, a obra non deixaba de levantar polémica: a lectura do texto falaba dunha historia represiva á par de cruel (Neuschafer-Carlón 2008: 21). Polo seu desenvolvemento, este libro relaciónase máis co que Fernández de la Vega denomina «comicidade» que co que denomina humorismo. Certamente, ese emprego do riso para romper as normas, para demostrar que a infancia está moitas veces á marxe da rixidez do mundo adulto será unha constante na tradición que inaugura *As aventuras de Max e Moritz*. A esta haberíalle que sumar libros como a serie, moito máis moderada, aínda que coincidente coa obra anterior na súa irreverencia, protagonizada polo célebre William Brown (inaugurada en 1922, *Just William* —traducida ao español como *Guillermo el travieso*—) de Richmal Crompton, as trasnadas de *Le petit Nicolas* (1960) de René Goscinny e Sempé (*O Nicolasiño*, na versión galega) —aínda que esta obra xa se aproxima a un uso máis humorístico— ou as historietas dos célebres *Zipi y Zape* de José Escobar, publicadas a partir de 1948. Mais certamente, dende entón, a comicidade nunca vai deixar de acompañar os libros para nenas e nenos, como demostran clásicos contemporáneos como A

toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza de Werner Holzwarth e Wolf Erlbruch.

4. O PODER DO HUMOR

A pesar de que, certamente, existen precedentes que permiten vencilar a literatura infantil e xuvenil co riso e co sorriso, o moderno e o xeralizado uso do humor na LIX, tal e como o entende Fernández de la Vega, é abondo recente. Non é ata a partir dos anos setenta do século XX cando este elemento se torna nun complemento fundamental dos libros para a infancia e a adolescencia. Anteriormente, o que existía, agás excepcións, eran nenos-pretexos para pór de relevo elementos didácticos que seguían ditando a demostración pedagóxica, a evidencia de que é posible cumprir «as regras» (marcadas polo mundo adulto), ou acabar por cumprilas, e ser activos e espertos.

Non obstante, nesa década, como consecuencia das transformacións sociais derivadas do final da II Guerra Mundial e das novas ideoloxías subxacentes artelladas en torno ao «maio do 68», na sociedade contemporánea prodúcese un cambio de valores que se vai reflectir tamén nas obras infantoxuvenís. As nenas e os nenos dos libros xa non queren ser unicamente activos e espertos, tamén queren ser divertidos, mais por outra banda tampouco evitarán os conflitos. Esa transformación dos valores ten que ver con que nos libros infantoxuvenís comeza a procurarse a necesidade de verbalizar os problemas, a negociación moral, a adaptación aos cambios, a permeabilización das xerarquías, a autoridade consensuada, a imaxinación compartida ou a anulación de determinadas fronteiras entre o mundo infantil e o adulto (Colomer 1999: 109). Este cambio supuxo tamén a introdución de novos temas moi pouco tratados ata ese momento nos libros infantís: a morte, o amor entre iguais, as guerras, os conflitos familiares, a escatoloxía —para a que se recorreu claramente á comicidade—, o enfrontamento a dor dende diferentes perspectivas comezan aquí a aparecer. Estas temáticas serán abordadas dende perspectivas ben diversas, en consonancia coa pluralidade de discursos que funcionan na sociedade contemporánea. Non obstante, unha das ferramentas claves para defender o dereito á liberdade individual e o pracer tamén das nenas e dos nenos será precisamente o humor. A continuación, tentarase amosar isto a través de exemplos da produción de diferentes autores, de distintas tradicións literarias, que fixeron do humor un dos seus instrumentos claves para abordar estas novas temáticas.

5. ROALD DAHL: O HUMOR COMO DESMITIFICADOR DA SOIDADE INFANTIL

Roald Dahl (Llandaf, País de Gales, 1916 - Oxford, 1990) posiblemente sexa o autor contemporáneo que máis se asocia co humor na literatura infantil (non por acaso; dende 2008 existe o «Roald Dahl Funny Prize»², cuxo obxectivo é recoñecer as obras máis divertidas da literatura para nenos e mozos. O autor británico destacou pola capacidade que achega ao

² Suspendido nas súas edicións de 2014 e 2015, pero renaudado en 2016.

lectorado de emitir un sorriso, moitas veces nun momento en que os seus protagonistas están sufrindo: xusto aí, adoita colocar o elemento perfecto para que ese momento escuro se convirta nun momento de luz. Esa luz é, en non poucas ocasións, propiciada por acontecementos inesperados e sorprendentes, que emparentados coa fantasía, beben claramente do grotesco e da ironía. De feito, unha das claves da obra de Dahl é precisamente a abordaxe da soidade na infancia, unha soidade que é especialmente cruel porque normalmente está adobiada pola indiferencia ou o maltrato dos adultos próximos. Así por exemplo, xa na súa primeira obra, *James and the Giant Peach* (1961), coloca no primeiro plano a un neno orfo —vén de perder a seus pais nunha morte violenta a mans dun rinoceronte— que é enviado a vivir cuns tíos que non o tratan ben. Un día, un ancián regálalle unha bolsa de linguas de crocodilo que lle cae nun pexegueiro, o que provoca que agrome un pexego xigante no que James se instalará con diferentes amigos insectos e que acabará por aplastar aos seus tíos. O grotesco, o absurdo, a ridiculización dos poderosos vehiculizado a través dun humor negro cun punto mesmo maligno son algúns dos elementos que semella empregar Dahl para manifestar a vinganza de James contra o universo adulto.

Algo semellante ocorre en *Matilda* (1988), unha das obras máis populares do autor. A protagonista, abandonada por unha nai que se entretén tan só xogando ao bingo e por un pai máis ocupado en vender coches trucados que interesado na propia filla, fai fronte á soidade lendo todos os libros que atopa e refuxiándose na figura da súa mestra, a señorita Honey, quen tamén a protexerá da malvada directora do colexio, a señorita Trunchbull. Non obstante, Matilda acaba por rebelarse cando un día decide responder cos seus desprezos a pequenas argalladas que lles farán a vida máis complexa a aqueles que a mancan.

Algunhas das estratexias que utiliza o autor para provocar o humor pasan pola caricaturización dos personaxes na descrición. A súa estafalariedade provoca unha sorpresa que remata en rexeitamento e distanciamento por parte do lectorado, o que se ve agudizado polas accións que levan a cabo. Por outra banda, esta estratexia caricaturizadora é unha resposta contundente, por parte do narrador omnisciente, aos abusos que cometen os personaxes malvados, que practicamente sempre son adultos. Moi significativa é, neste sentido, a descrición da señorita Trunchbull:

Era, sobre todo, unha mullerona impresionante. Outora fora unha famosa atleta, e aínda agora se notaban os seus músculos. Apreciábanse claramente no seu pescozo de touro, no seu amplo lombo, no seus grosos brazos, nos seus vigorosos pulsos e nas súas fortes pernas. Ao mirala, daba a impresión de ser unha desas persoas que dobran barras de ferro e parten ao medio guías telefónicas. Tiña un queixo obstinado, boca cruel e ollos pequenos e altivos (Dahl 1988: 83).

Neste sentido, o narrador ten un aquel xusticeiro, pois non se reprime ao cualificar xa dende a perspectiva da etopea aos personaxes «malvados». Dende o comezo tamén, semella apuntar a que ninguén queda sen o seu merecido, aínda que se trate tan só xustiza poética. As ilustracións de Quentin Blake contribúen a enfatizar esta cuestión, xa que a perspectiva dende a que retrata a este personaxe agudiza a súa imaxe de poder desaforado, orientado a facer o mal.

Igualmente, Dahl realiza un hábil emprego do diálogo como vehículo para expresar contrastes entre os diferentes personaxes e volve a autoridade para ridiculizala e deixala en

evidencia a través das súas propias palabras. Así, cando á directora Trunchbull lle botan unha bomba fétida no despacho, culpa do suceso directamente a Matilda, porque seu pai xa lle advertira da perigosidade da nena. Na conversa que mantén coa señorita Honey sobre este suceso, manifesta:

—Mire, señorita Honey, ao longo da miña dilatada carreira como profesora aprendín que unha nena mala é moitísimo máis perigosa ca un neno malo. E asegúrolle que son bastante máis difíciles de dominar. Dominar a unha nena é como tratar de esmagar unha mosca. Cando das o golpe a condenada xa non está alí. As nenas son criaturas repugnantes e malas. Alégrome de que eu non o fose nunca.

—Pero vostede tivo que ser algunha vez nena, señora directora. Seguro que o foi.

—Non por moito tempo —ruxiu a señorita Trunchbull, sorrindo desagradablemente—. Fíxenme muller deseguida (Dahl 1988: 85-6).

A manifestación, por boca do propio personaxe, de que nunca foi unha nena é a arma que Dahl emprega para resaltar a súa nula empatía e a súa crueldade. En toda a súa produción aboia a idea de que na infancia hai unha serie de valores que se perden e se desdebuxan a medida que se medra, polo que a posibilidade de que un dos seus personaxes non vivise este período é a mostra de que a súa maldade non coñece límites.

A idea que parecen achegar as obras de Dahl é que o humor serve para facer a realidade aceda un pouco máis comfortable e que a crueldade cos máis débiles se pode resolver coa solidariedade. Dende logo, a posición autorial sempre aposta por protexer a quen o precisa.

6. ANTHONY BROWNE: O HUMOR QUE APUNTA CARA O ABSURDO DO UNIVERSO ADULTO

Anthony Browne (Sheffield, Inglaterra, 1948) é hoxe un dos autores de álbum ilustrado máis recoñecidos a nivel mundial, non por acaso conta, entre outras mencións, co premio Hans Christian Andersen, un dos máis importantes da LIX. Dende o comezo da súa carreira, nos seus traballos adoita haber unha loita pola procura da igualdade dende diferentes perspectivas. Isto é moi evidente no seu segundo álbum, *A Walk in the Park* (1977) (traducido ao galego como *Un paseo polo parque*), no que Browne presenta a historia do señor Ferreiro, a súa filla Mancha e o seu cadelo Alberte, e da señora Ferrín, o seu fillo Carlos e a súa cadela Victoria. Ambas familias non se coñecen, pero as dúas saen a dar un paseo polo parque. O álbum, que para o lector infantoxuvenil, ten un significado sinxelo, pois pode gozar dos xogos que tanto os cativos, como os cadelos, desenvolven, convértese nunha férrea crítica ao mundo adulto. Mentres nenos e animais non teñen problema en interactuar con descoñecidos, os adultos son incapaces de se dirixir unha palabra nin de enviarse un sorriso. Este feito vese remarcado, porque grazas ás ilustracións —especialmente as que representan a roupa, mais tamén as que amosan os fogares das dúas familias—, o lectorado pode decatarse de que a posición social de ambas non é a mesma, o que afonda nesa barreira entre elas. Para denunciar este feito e remarcalo, Browne emprega un texto sintético, acompañado dunhas imaxes que poñen de relevo o absurdo do comportamento humano. Ao longo dese paseo polo parque, pódese observar un penico na entrada, un *charlot* paseando a un tomate, un home que leva

un can nun carriño de bebé ou unha fonte con billas, mergulladores e hipopótamos. Mais o creador non xoga tan só a facernos emitir un sorriso con eles, senón que todos estes elementos apuntan a que algo non funciona, a que o mundo debe ser outra cousa.

Máis escuro, polo que ten de drama e de humor negro, é aínda *Piggy Book* (1986) (traducido ao galego como *O libro dos porcos*), un acedo álbum coeducativo. Unha familia formada por un pai, dous fillos e unha nai descarga todas as tarefas domésticas sobre a nai. Porén, un día, farta da súa escravitude, a nai decide marchar e deixa tras de si unha nota na que lles di: «Sodes uns porcos». A partir de aí, asístese á transformación do pai e dos fillos en marráns, non só polos feitos, senón sobre todo pola propia animalización que o ilustrador leva a cabo nas ilustracións. A *porcarización* abrangueo todo, ata os máis nimios detalles da casa: o reloxo da cociña, o teléfono, o saleiro e o pimenteiro, o papel das paredes, as billas e os cadros pasan a reflectir neles a imaxe de marráns. Todo se volve un desastre, polo que os varóns da casa se ven obrigados a pedirlle á nai que volva. A transformación da actitude da familia faise entón patente, ao colaboraren nas tarefas da casa activamente e a nai, entón si, convértese noutra (unha transformación que de novo deixan ao descuberto unhas ilustracións moito máis coloridas e intensas).

Browne aséntase no cotiá para, a través do absurdo, da caricatura e da punzada aguda, revolver quen somos e facernos interrogantes dos que só queríamos contestar na intimidade, porque moitas veces as respostas xeran incomodidade con nós mesmas. A igualdade dende dúas perspectivas, a social e a de xénero, son as súas procuras nestes dous traballos.

7. PACO MARTÍN: O HUMOR, ARMA CONTRA OS PODEROSOS

En 1985, en plena conformación da literatura infantil e xuvenil galega, como resultado das transformacións do marco legal producidas a partir de 1979, e especialmente logo da promulgación da Lei de normalización lingüística en 1983, Paco Martín gañou o primeiro Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil con *Das cousas de Ramón Lamote*. A obra, que leu masivamente toda a primeira xeración escolarizada en galego, conta a historia de Ramón Lamote, profesor de chairego e debuxante de soños por encargo. Situada nun realismo máxico de clara estirpe cunqueiriá, o autor constrúe unha sociedade moi semellante á nosa e emprega os elementos fantásticos pertinentes para que se poida tomar distancia e as arestas, os puntos mortos, queden ao descuberto. Unha das súas armas para afondar no humorismo é precisamente a vella parodia sobre o poder e os poderosos, porque Ramón Lamote non cala e debaixo da súa suposta inocencia, hai un agudo sentido para interpretar a realidade ao que se suma unha clara conciencia sobre quen se é e de onde se vén. Así, a clase política é a grande damnificada da obra, xa que, como é costume, acaba por retratarse ela mesma.

Un episodio que podería amosar de xeito acaído a hipocrisía e a aparencia social é o que ocorre cando un político, de nome Andrés Fernández, convídao a dar unha conferencia no nome da A.M.C.F.G.C.P.F (Asociación de Mulleres da súa Casa que Fan un Gasto Considerable en Pescada Fresca), para que lles fale dun animal doméstico, e pídelle que non fale de «cousas de animais bastos e de aldea, coma vacas, cochos, bestas, ovellas e demais, teña

en conta a clase de xente que formará o seu auditorio» (Martín 1985: 53). Para saír de tal singular apuro, e dado que non coñece outro animal doméstico que poida ser do interese de tan escollido público, Lamote argalla falar do entomodelfo, é dicir, un mamífero ovíparo (*sic*) propio de Groenlandia, de plumas e pelica transparente, que rouba leite da donicela branca nos primeiros días de vida, con incapacidade para lamber (o que limita, claramente, as súas posibilidades de medro social). A presentación de tal interesante animal suscitou as máis agudas preguntas do público presente na conferencia: os anos que vive (máis de oitenta e nove pero menos que noventa), a posesión de entomodelfo por parte do conferenciante (só hai tres que se lle achegan cando chove miudiño e ten un bo libro novo) e, sobre todo, se é un animal propio da boa sociedade (mais pensa Lamote que é imposible saber se a señora inquerinte e o Entomodelfo teñen igual concepto do que é a «boa sociedade»). Mais, se o humorismo é sobre todo sentimento, como indicaba Fernández de la Vega, a alianza co realismo máxico nesta obra fai que se afonde nesa emoción. Ao final da conferencia, unha nena achégase a Lamote para ensinarlle o seu propio Entomodelfo, chamado Monaxelo: «E era o Entomodelfo máis fermoso que Lamote vira nunca. Un magnífico exemplar que contestou ao saúdo do home chusgando con picardía o ollo esquerdo» (Martín 1985: 62). A idea que quere transmitir o autor semella estar clara: hai un mundo por ver, no que a fantasía e a autenticidade permiten experimentar outra clase de vivencias. Non obstante, ese universo parece ser só accesible para as nenas e nenos e para os profesores de chairego. Todo o demais, as pantallas sociais, as cotas de poder de certo absurdo, queda aquí posto en solfa, porque, como sinalaba Ramón Piñeiro:

El humorismo [...] al burlarse de la propia debilidad —o de la fortaleza de lo ajeno— lo que hace es destruirlas, disolverlas en sonrisa. ¡Tremendo y frágil poder de la sonrisa, que es el poder mismo de la libertad!

A liberdade, neste caso, serve para crer que pode existir outro mundo, con diferentes valores, máis comfortable, máis verdadeiro. Ese mundo, sen dúbida, estaría representado pola única persoa da sala que podía ter un Entomodelfo, a única nena presente.

8. LEDICIA COSTAS: CANDO O HUMOR LLE PUIDO Á MORTE

O último Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de raigame galega foi para *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014) de Leticia Costas, un degoro por achegarse ao mundo da morte (hoxe por hoxe, quizais o tema que máis constitúe un tabú nos libros infantís) dende unha perspectiva timbartiana e a través duns personaxes a medio camiño entre a realidade e a fantasía, mais tamén entre o alén e o aquén, que fan que o máis alá se pense como máis habitable e, sobre todo, como máis divertido para o lectorado. A obra presenta a Román, un neno cuxos pais están atravesando un difícil momento económico debido á crise, e que se atopa tamén nunha situación delicada pois vén de perder ao seu avó. O día do seu aniversario recibe un agasallo moi especial: un curso de cociña, que resulta ser *Escarlatina*, unha cociñeira falecida que vén revolucionarlle a vida.

A obra resalta por dúas cuestións. A primeira é a súa clara temática social, bastante habitual noutros textos da autora como *O corazón de Xúpiter* (2010), *Recinto Gris* (2014),

ou no libro de relatos para adultos *Un animal chamado Néboa* (2015). Neste caso, o elemento social ancorase no presente máis inmediato e traslada ao público receptor a situación das familias que tiveron que cambiar o seu modo de vida para adaptarse ás súas novas circunstancias laborais. A segunda é o acaído emprego do humor, que actúa como elemento liberador xogando co macabro, mais á vez humanizando certos elementos e posibilitando que se rebaixe a carga emocional dos momentos de maior tensión dramática da novela, especialmente ese facelecemento do avó. Así, a autora consegue que o protagonista poida ter un achegamento «natural» á cuestión da morte, pois a desmitificación do que ocorre despois da vida é patente: o avó de Román aparece convertido nun intrépido piloto de carreiras que goza máis do alén que no aquí. Neste caso, a estratexia autorial para provocar o humor é precisamente a paradoxa: o contraste entre o que se pensa (a tristura dos que quedan) e o que en realidade ocorre (a alegría dos que marchan). Ese achegamento ao mundo do máis alá tamén se potencia grazas ao truco autorial, que combina humorismo e fantasía a partes iguais, de nomear aos personaxes mortos polo nome da enfermidade ou da causa que os levou. Máis alá de Escarlatina, estaría Amanito —que faleceu dunha intoxicación polo cogomelo Amanita Phalloides— ou Nicotina, quen devecía por fumar todo o día.

Neste sentido, a autora viguesa non parte da nada para adentrarse neste mundo, senón que se insire na tradición literaria galega iniciada polos homes de Nós, como xa soubo ver Celia Méndez (2015), con obras como *Un ollo de vidro*, de Castelao; *O purgatorio de don Ramiro*, de Otero Pedrayo, ou *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, de Vicente Risco.

Costas non renuncia tampouco a parodiar algúns personaxes, tal e como ocorre coa araña compañeira inseparable de Escarlatina, Lady Horreur, a quen acompaña o seu inseparable acento francés. De feito, maniféstase aquí unha clara influencia dahliana —explicable tamén dende o punto de vista xeracional e inda máis marcada na precuela *Esmeraldina, a pequena defunta*— que se fai evidente na obra: Escarlatina e Román móvense entre dous mundos que se entrecruzan para facer que todo sexa posible. Nótese que tamén hai dous universos paralelos nalgúns dos textos de Dahl, o interior do pexego en *Iago e o pexego xigante*, o submundo chocolateiro en *Charlie e a fábrica de chocolate* —texto que se cita explicitamente— ou mesmo, metaforicamente a atmosfera intimista que Matilda consegue a través da lectura. Os medos que enfrontan os lectores e lectoras parecen superados nos textos de Costas a través de situacións que se achegan moito ao disparate grazas á creación dese universo hiperbólico en que fantasía e realidade se entretecen.

9. ENSAIAR UNHAS CONCLUSIÓNS: O HUMOR É UNHA ARMA CARGADA DE FUTURO

A pesar das diferenciacións que Fernández de la Vega establece entre a comicidade e o humorismo, son varios os teóricos que teñen apuntado noutra dirección, apostando por unha división menos férrea destes dous elementos. Bahktin (1965: 7), por exemplo, sinala que existen diferentes tipos de riso e céntrase esencialmente no riso que devén do entroido,

que interesa especialmente porque se asemella abondo aos elementos conformadores do humorismo segundo o filósofo lugués. Así, sintetízao como posuidor de diversas cualidades: é un riso festivo que involucra a todos e non só a uns cantos; é un fenómeno universal (é dicir, todos rin, polo que rexeita as teorías sobre o humor en que se incide na superioridade do burlador sobre o burlado); resalta a súa ambivalencia (é asertiva, pero tamén negadora, queima mais fai revivir); e é sobre todo, eminentemente utópico (xa que amosa un ideal de abundancia, liberdade, igualdade e un entendemento entre as persoas que todos e todas queremos acadar). Igualmente, á vez que outras tradicións santifican o pasado, convertíndoo en algo inalterable, que non pode ser revisado ou avaliado, o antroido incide na posibilidade do futuro, no cambio.

Esta derivación antroideira do riso pódese identificar claramente coas funcións que, o que se chamou humorismo seguindo a Fernández de la Vega, ten na literatura infantil e xuvenil. De feito, como se puido comprobar a través dos exemplos propostos:

— O humorismo emprégase na LIX para desdramatizar situacións complexas dende o punto de vista emocional, pero tamén dende a perspectiva da xustiza social.

— É ambivalente nun dobre sentido, non só porque a maioría das veces xorde como resultado que a figura autorial lle dá de enfrontarse o lectorado a determinadas cuestións consideradas problemáticas, pero tamén porque permite un duplo entendemento: o dos nenos, destinatarios primarios, e o dos adultos, secundarios (aínda que dun xeito diferente), feito moi evidente no álbum ilustrado e no que cada imaxe suxire.

— É esencialmente utópico no seu fondo: as obras infantís que se presentaron abordan un mundo imperfecto cargado de problemáticas diversas. Non obstante, ao empregar o humor subversivamente, avogan por outra sociedade, por outro modo de actuar que comeza, na meirande parte das ocasións, por pór en dúbida a autoridade adulta e o que esta valora e constrúe. Só na deconstrución destas realidades, parecen dicirmos estas obras, atoparase a posibilidade de vivir en igualdade (de aí eses mundos paralelos que crean moitas delas).

Como se puido comprobar ao longo destas páxinas, o humorismo é empregado nestes textos para realizar unha fonda crítica social, a través de diferentes medios: Dahl e Costas válese fundamentalmente da caricaturización e mesmo do disparate, Brown do absurdo e Martín da ironía e da parodia. Mais o humorismo serve tamén para enfrontar situacións inxustas e problemáticas (especialmente derivadas da acumulación de poder, tanto as adulto-veno, como as de favorecido-desfavorecido, como as que implican algún conflito), para abordar temas tabú (a morte, pero tamén o sexo), para parodiar quen se é e, sobre todo, para enfrontar os medos. Mais que medos? Os das cativos e cativos? Esencialmente, o humor na literatura infantoxuvenil semella ser a arma para enfrontarnos aos medos que os adultos temos sobre a infancia: o que pode pero quizais non debe comprender, o que non lle sabemos explicar, as situacións complexas que non lle podemos evitar, a sociedade que non lle queremos deixar e o espírito crítico que pretendemos xerar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BAKHTIN, Mikhail (1965 [1987]); *Rabelais and His World*. Bloomington: Indiana University Press.
- BROWNE, Anthony (2006): *O libro dos porcos*. Pontevedra: Kalandraka.
- BROWNE, Anthony (2013): *Un paseo polo parque*. Pontevedra: Kalandraka.
- CERVERA, Juan (1992): *Teoría de la literatura infantil*. Bilbao: Mensajero.
- COLOMER, Teresa (1998): *La formación del lector literario*. Madrid: Fundación Germán Sánchez-Rui-pérez.
- COLOMER, Teresa (1999): *Introducción a la literatura infantil y juvenil*. Madrid: Síntesis.
- COSTAS, Leticia (2014): *Escarlatina, a cocineira defunta*. Vigo: Xerais.
- DAHL, Roald (1988): *Matilda*. Madrid: Alfaguara, 1990.
- FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino (1963): *O segredo do humor*. Vigo: Galaxia, 1983.
- MARTÍN, Paco (1985): *Das cousas de Ramón Lamote*. Vigo: SM.
- MÉNDEZ, Celia (2015): “Letras suculentas para papar no Alén e no Aquén”. *Criaturas. Revista Dixital de Literatura Infantil e Xuvenil*. En liña: <<http://www.criaturas.gal/critica-de-escarlatina-a-cocineira-defunta-de-leticia-costas-en-edicions-xerais/>> (consulta: 7/2/2017).
- NEUSCHAFER-CARLÓN, Mercedes (2008): “Wilhem Busch en el centenario de su muerte”. *Peonza* 86, 21-7.
- SHAVIT, Zohar (1986): *Poetics of Children's Literature*. Athens, Georgia: The University of Georgia Press.

Teoría da relatividade humorística de Woody Allen

Claudio RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela

A personalidade cinematográfica do humorista xudeu Woody Allen quedou troquelada xa na súa temperá e paradigmática interpretación do *antihero* en *Play it Again, Sam* (título alusivo á película *Casablanca*, que aquí se estreou como *Sueños de seductor*). Aínda que non dirixiu esta obra, da que foi só guionista e intérprete, nela quedaron perfiladas as características do desastroso prototipo do seu eterno personaxe: romántico, lembrando a lúa de mel («Pasámonos dúas semanas na cama. Eu tiña disentería»); namorado, contando como coñeceu a namorada que traballaba nun bar («Eu dáballa boas propinas. Por exemplo, un dólar por unha conta de trinta e cinco centavos»); mirón, contemplándoa na cama («De súpeto ela espertaba e lanzaba un berro»); ansioso, antes de coñecer á pretendida («Díxoche algo de min?»); nervioso, só porque vai coñecer unha moza («Que aventura tan excitante!»); pesimista, antes de ser presentado («—O peor que pode pasarche é que sexa virxe ou policía. —Coa miña sorte, será as dúas cousas»); hiperautocrítico, como mecanismo cauteloso («Teño tendencia a rexeitar antes de que me rexeiten. Así aforro unha morea de tempo e de diñeiro»); acomplegado, mesmo ata a paranoia («—Liches no xornal o desa muller violada en Auckland? —Eu nin me acheguei a Auckland...»); timorato, con complexo de culpa («—Ataqueína. Son como un animal feroz da selva»); iluso, sempre chafado («—Mencionou algún nome? —Só o teu. Cando espertou díxome que fora un pesadelo»); inseguro de si mesmo («Para ti é fácil, posto que ti es Bogart») e imitador de mitos, como cando cita a Bogart («É de *Casablanca*. Toda a miña vida estiven esperando dicilo»), con quen chega a compararse, pero non sen antes aludir ás súas peores características («Eu son o bastante baixo e feo como para ter éxito por min mesmo»). En efecto, este rol antiheroico mantívose en todos os filmes que dirixiu e asumíuse explicitamente neste diálogo de *Shadows and Fog*:

—Non será vostede un covarde, nin un verme, nin un galiña..., dinlle ao protagonista.
—Non, contesta, pero xa se vai aproximando.

Precisamente partindo deste relativismo vital escribín un xuvenil artigo xa nos anos setenta centrado na temática amorosa e no humorismo do autor, os dous aspectos que máis me interesaron sempre do seu cine, en diálogo con *O segredo do humor* de Celestino Fernández de la Vega, pois non en van se titulaba «O segredo do amor. ¿Humorismo en Woody Allen?». Considerando o amor, o sexo e a morte como os eixes temáticos da súa obra, concluíu xa entón que as características dela máis constantes e atractivas para min eran «a com-

prensión, a ironía, o recoñecemento resignado dos límites, a tenrura e, por suposto, a autorrisión, a autorridiculización, o rirse de si mesmo». Centrado sempre na «percura do amor e da comunicación humana en xeral» nun «tempo de incomunicación e desamor», Woody Allen parecíame entón unha especie de Ingmar Bergman lucidamente humorístico.

En realidade, o seu punto de partida semella o mesmo que o do amargo existencialismo do seu austero mestre Bergman: «Toda a humanidade vai ser executada por un crime que non cometeu», dise en *Love and Death*. Pero a ironía converte tal existencialismo nun máis escéptico *risistencialismo*, como ocorre ao comezo de *Annie Hall*, a propósito dun albergue na montaña, para significar que a vida é terrible, pero aínda así excesivamente curta:

—A comida é terrible.

—Si, e ademais as racións que dan son tan pequenas...

Por isto, na mesma obra, postúlase con irónico acedume: «Hai dúas clases de vidas: a horrible e a miserable. A horrible é a dos eivados, minusválidos e discapacitados. A miserable, a de todos os demais. Así que cómpre estar contento por ter unha vida miserable».

En *Annie Hall*, o sensentido da vida carece de sentido e resulta *absurdo*, pois nada é tan comicamente desmedido como que o neno levado ao psiquiatra estea deprimido por temor a unha catástrofe cósmica e considere fútiles os efémeros esforzos humanos:

—O universo expándese, di o pequeno existencialista.

—Pero iso non é asunto teu, retruca a agoniada nai. Ti estás en Brooklyn e Brooklyn non se expande. E ademais, doutor, non quere estudar.

—Claro, para que!, responde a criatura con prematura angustia vital.

Trátase da mesma actitude agoniada que o revello neno terá de atormentado adulto: «Non podo gozar de nada se non o gozan comigo todos os demais. Se un tipo está morrendo de fame en algures xa me amarga a noite». Mais a desgraza é algo común e mesmo inevitable nun universo que, como se di en *September* e se demostra en *Crimes and Misdemeanors*, é resultado do azar fortuíto, moralmente neutro e incrivelmente violento. Ou dito con palabras de Shakespeare en *Macbeth*, 5.º acto, escena V, citadas en *You Will Meet a Tall Dark Stranger*, «A vida é un conto contado por un idiota, cheo de ruído e de furia, que non ten ningún sentido» («Life's [...] It is a tale / Told by an idiot, full of sound and fury, / Signifying nothing»).

A esplendorosamente crepuscular película *Match Point*, rodada en Londres, consistirá precisamente na demostración desta idea monodiana sobre o azar que goberna o mundo en réplica á novela *Crime e castigo* de Dostoievski, autor que xa fora referencia a través de *Os irmáns Karamazov* en *Crimes and Misdemeanors*. Ademais, Woody Allen rodou unha triloxía dostoievskiana en Londres composta por *Match Point*, *Scoop* e *Cassandra's Dream*, e volveu sobre esta perspectiva en *Irrational Man*.

En *Melinda & Melinda*, Woody Allen insistiu sobre o absurdo da existencia dende unha perspectiva completamente materialista: «A vida é curta e sen sentido. Ao final só existe o que podes tocar e o que te toca». Por isto, xa en *Love and Death* se ironizaba sobre a sensación de baleiro ante o pracer físico neste diálogo:

- O sexo sen amor é unha experiencia baleira.
- Mais como experiencia baleira é unha das mellores.

Este *materialismo* relativiza todos os valores, incluídos os artísticos, que se supeditan á satisfacción das necesidades máis primarias: a comida e o sexo. Por exemplo, cando en *Sweet and Lowdown* lle preguntan ao virtuoso guitarrista que pensa cando toca, responde friamente: «Que me pagan pouco». Igualmente, cando en *Small Time Crooks* mostran a un famento, farto de turismo, onde vivía Henry James, exclama exasperado: «Onde comía? Eu quero saber onde comía!». Este absurdo abuso da paciencia é o que xustifica a reticencia para viaxar a Europa do mesmo personaxe: «Vou viaxar 5000 kms. para ver unhas ruínas?».

Na mesma liña, cando, en *Anything Else*, a protagonista dille ao seu compañeiro que non quererá que se deite con el finxindo pracer só para compracelo, el contesta, antepoñendo o sexo á dignidade, que xa chegou a un punto no que se conformaría con iso. Non en van, en *Love and Death*, dialogaba unha parella:

- Son medio santa e medio puta, di ela.
- Espero levarme a mellor parte, replica el.

Todo, pois, é relativo, e a *relatividade* é unha das claves máis apreciábeis no cine de Woody Allen, aínda que ás veces se presente absurda: «O fillo do vello Gregor era máis vello que o vello Gregor», dise tamén en *Love and Death*. En *Shadows and Fog*, o absurdo tórnase melancólico: «Todos somos felices, mais non o sabemos». E o absurdo faise absoluto en *Everyone Says I Love You*, falando de suicidarse en París ou en New York: «Co cambio horario podería facer unha morea de cousas e ao mesmo tempo estar morto». Mesmo defínese en *Anything Else*: «Preguntar que hora é e responder que seis quilómetros». Por certo, nesta mesma obra, o absurdo roza o humor negro pois, advertindo un personaxe de que se chama un amigo lle dean un recado e advertido ao tempo de que ese amigo está morto, replica: «Iso non o discuto. Só digo que se chama lle digades...» E máis cómico se volve en *Deconstructing Harry*, onde aparece un actor desenfocado que todos ven borroso: «Vai a casa, descansa e a ver se te aclaras», dinlle; pero os fillos métense con el («papá está desenfocado», repiten) e a muller maréase por miralo.

Hollywood Ending mostra a miúdo un relativismo da perplexidade presente nesta pregunta: «Como podes ter nostalxia se chegaches onte e marchas mañá?». E, falando co seu axente sobre o produtor que lle quitara a súa muller, dialógase:

- Ese tío rouboume a miña muller, di o abandonado.
- El non cho ten en conta, replica o axente.

Así que ante a oferta de traballo de quen lle quitara a súa muller, matina: «Mataría por un traballo, mais a quen quero matar é a quen me ofrece o traballo». Polo demais, o director acaba facendo o filme nun cómico estado de cegueira temporal e, cando se cuestiona a súa capacidade para dirixir, contesta: «Se Beethoven escribiu as súas sinfonías estando xordo...»

En *Love and Death*, o relativismo chega ao sarcasmo antimilitarista cando un superior dá ordes a un soldado:

- A partir de agora limparás a cociña e as latrinas.
- Si, señor, pero como as distinguirei?

Mais, se resulta relativa a percepción da realidade obxectiva, moito máis o é a da sensorial, pois cando o médico pregunta á parella de *Annie Hall* sobre canto fan o amor, as impresións do marido insatisfeito e as da esposa agoniada son completamente contraditorias:

- Case nunca, unhas tres veces por semana, di el.
- Continuamente, unhas tres veces por semana, di ela.

Ninguén quere renunciar á súa lexítima óptica ou modo de enganarse, tal como se pon en evidencia en *Manhattan*, cando unha ex-esposa lesbiana se xustifica ante o ex-marido abandonado:

- Coñecías o meu pasado, asegura ela.
- Xa mo advertiu o meu psicanalista, pero eras tan guapa que cambiei de psicanalista, argumenta el.

Zelig, a increíble historia do home que se transforma camaleonicamente imitando as persoas coas que se encontra, é a apoteose do relativismo, que se mantén mesmo ante a morte, pois, no momento de falecer, o protagonista di aos médicos que o único malo de morrer era que comezara a ler *Moby Dick* e quería saber como acababa. Anteponse así o inesperado ao ordinario, como se o extraordinario fose precisamente o común. Igualmente ocorre cando un personaxe sae da pantalla dun cine en *The Purple Rose of Cairo*:

- Tom Baxter saíu da pantalla e anda por aí percorrendo New Jersey.
- Como é posible?
- Todo é posible en New Jersey.

Ademais, toda esta historia xira en torno a un paradoxo explícito no filme: «A xente real desexa unha vida ficticia e os personaxes de ficción unha vida real». E isto leva a unha materialista reflexión sobre as ilusións: «Tom Baxter é perfecto, pero non real. De que vale que sexa perfecto se non é real?» Por desgraza, adoitan ser máis reais os seres moralmente monstruosos, como por exemplo os nazis, tal como se lembra en *Hannah and her Sisters*:

- Como puido ocorrer Auschwitz?
- Como puido non ocorrer algo que ocorre tan a miúdo?

Mais non existe resposta humana para algo tan eticamente inconcibible como desgraciadamente común:

- Como puideron existir os nazis?
- Como vou saber por que existiron os nazis se non sei como funciona o abrelatas?

Por isto en *September* se ironiza ante quen filosofa sobre o mundo e di que non sabe bailar: «Se podes entender o universo, poderás entender o foxtrot». Non en van se di en *Shadows and Fog* que nada é real e que todo existe formando parte do soño dun can, idea que bota por terra toda teoloxía e a posibilidade da existencia dun *deus creator* que dea sentido e xustificación ao caos da vida. Porque Deus é, por suposto, un elemento sobre o que Woody

Allen non deixou nunca de ironizar, á maneira de Borges, como se se tratase dun ser fantástico ou literario. De feito, en *Crimes and Misdemeanors*, un personaxe rexeita a *Biblia* porque dende o seu punto de vista o protagonista non é crible.

Este Deus como punto de referencia dialéctica e lúdica aparece tamén en *Manhattan*, pois cando reprochan ao protagonista que se crea Deus, aquel contesta resoltamente: «Claro, teño que basearme nalgún modelo anterior». Unha concepción de Deus como coartada que tamén se ve en *The Curse of the Jade Scorpion*, onde, aludindo ao que lle atraen as mulleres e a que estas foron creadas por Deus para gustar aos homes, argumenta un personaxe: «Por que me vou opor eu ao seu celestial concepto?».

Mais no cine de Woody Allen, o absurdo da existencia de Deus corre parello a outros absurdos. Por exemplo, en *Shadows and Fog* dise que un personaxe non cría na súa propia existencia, canto máis na de Deus, e en *Anything Else* chégase ao sarcasmo teolóxico ao referirse a un cadáver: «Igual que Deus non fala e igual que Deus está morto». E, máis criticamente, un ateo asegura sobre Deus en *Everyone Says I Love You*: «Aínda que exista, fixo as cousas tan mal que non sei como a xente non se une e presenta unha demanda».

Claro que Deus non é tan imprescindible se pensamos noutros aspectos da vida, como se proclama en *Deconstructing Harry*: «Non sei se existe Deus, pero existen as mulleres». E na mesma obra e noutra orde de cousas máis prácticas, anteponse o útil ao teocrático: «Entre o aire acondicionado e o Papa, prefiro o aire acondicionado». Así mesmo, a represión sexual do catolicismo é frecuente obxecto de burla en *Alice*, pois cando a protagonista comeza por falar da súa formación católica, dille o seu interlocutor, coñecendo a frecuente dobre moral desta clase de devotos: «De acordo. Es unha boa católica. Con quen te estás deitando?». E cando a mesma personaxe comenta ao doutor chinés que os pingüíns se aparean para sempre, pregunta: «Cre que os pingüíns son católicos?». Mais a ironía chega ao sarcasmo en *Celebrity*, cando lle preguntan á católica reprimida que se lle pasa pola cabeza cando realiza a felación, responde: «A crucifixión». Non obstante, a desconfianza de Woody Allen ante a relixión non se detén no cristianismo, senón que constantemente afecta a outros credos e, particularmente, ao xudaísmo. Por exemplo, en *Shadows and Fog*, o xudeu que non entendía a lingua dos rezos hebreos pregúntase: «Ao mellor resulta que pedían máis desgrazas».

Agora ben, a relixión non é máis que unha das moitas institucións sociais satirizadas por Woody Allen, entre as que dende logo se encontra o *exército*. Abonda con lembrar o diálogo militar ante un soldado morto no campo de batalla de *Love and Death*:

—Era o parvo do meu pobo.

—E agora ocupas ti o seu lugar?

Por isto en *Annie Hall* declara o antiheroe: «No exército eu fun declarado inútilísimo. En caso de guerra só podería ser prisioneiro».

E, tamén en *Annie Hall*, caricaturízase o *deporte* («Que poden ter de atractivo un conxunto de agresores do olfacto intentando colar unha bola por un aro?»), a *falocracia* («Se sei o que é a envexa do pene? Como non o vou saber se son un dos poucos homes que a padece?»), o *snobismo* («Facer o amor contigo é toda unha experiencia kafkiana. E dígoos

como un eloxio»), a *recordmanía* («Aquí non fan máis que dar premios: Mellor ditador fascista, Adolf Hitler!»)...

Ademais, Woody Allen fai aparecer moi a miúdo obsesivas e imprevistas alusións aos nazis e aos fascistas dende a perspectiva xudía. Así, en *Hannah and her Sisters*, exclámase: «Paseino bomba esta noite! Foi como os xuízos de Nuremberg». Polo contrario, en *Melinda & Melinda*, a mala conciencia provoca a inversión da sensación: «Soño que estou bicando a Melinda e logo véxome no xuízo de Nuremberg». En *Hannah and her Sisters*, cando unha muller reprocha ao seu home que está namorado doutra, el contesta: «Pero ti quen es? A Gestapo?». Na mesma liña, en *Crimes and Misdemeanor*, un personaxe asegura, lembrando que deixou de facer o amor un día determinado a unha hora determinada: «Recordo a data porque era o aniversario de Hitler». E, ante o enfado do personaxe identificado co Duce, dise pouco despois: «Non é o primeiro en ser comparado con Mussolini». Esta comparación retorna en *The Curse of the Jade Scorpion* a propósito dunha muller fría que despreza ao protagonista, quen di dela: «Baixou a garda e estaba moi sexy, pero cando lle daba a luz de certa maneira parecíase a Mussolini». Non é de estrañar, pois, a analoxía que establece en *September* unha nai ante unha filla fermosa, pero sen glamour: «Vísteste como unha refuxiada polaca». E máis alá se vai en *Manhattan Murder Mystery*, cando, saíndo dun concerto wagneriano do Lincoln Center, exclama o xudeu protagonista: «Non podo escoitar tanto Wagner. Danme ganas de invadir Polonia». En fin, como se lembra en *Anything Else*: «O problema é o fascismo».

Mais outro obxecto de sátira é o *racismo*: por exemplo, como o transformista protagonista de *Zelig* era xudeu e podía transformarse en indio ou en negro, o Ku-Klux-Klan consideráboo como unha tripla ameaza. Tamén a dereita republicana aparece satirizada: en *Everyone Says I Love You*, o rapaz conservador tiña un coágulo de sangue no cerebro que non lle permitía oxixenar ben e tras a súa cura volve ser progresista. Claro que en *Melinda & Melinda* a materia carnal anteponse á orientación ideolóxica cando un personaxe vai deitarse cunha excitante republicana, abraiado de que poida ser tan conservadora e sexy a un tempo: «Nunca votarei contra o rezo nas escolas», prométese.

Mais a *ironía* sobre os piares da sociedade é constante, como pode apreciarse a propósito das leis: «De que me serve a lei se me impide facer xustiza?», dise en *Crimes and Misdemeanors*. E máis aínda a propósito da familia. Así, en *Radio Days* os pais eran dúas persoas que podían discutir sobre calquera tema... por exemplo, «sobre océanos», pero en realidade o que ocorría é que estaban en disputa doméstica permanente. E en *Crimes and Misdemeanors* di alguén: «Quéroo como a un irmán: como Caín a Abel».

Por suposto, tampouco se salvan os *medios de comunicación e costumes de masas* e a súa recepción popular, que en *Radio Days*, ante a noticia do ataque xaponés de 1941 a Pearl Harbour, dá pé á pregunta: «Quen é Pearl Harbour?». Así, satirízase a radio (na última cinta mencionada, un deportista de lenda foi quedando sen membros, pero gañando torneos... mesmo como ventrílocuo ou bailarín radiofónico), a televisión («A vida non imita á arte, a vida imita á mala televisión», declárase en *Husbands and Wives*), os vídeos de ximnasia (en *Celebrity*, un matrimonio asegura ante unha modelo usar o seu vídeo de ximnasia, pero a esposa matiza que ela o ve «para facer ximnasia»), a obsesión polo adelgazamento (en *Alice*,

a protagonista naufraga ao deitarse cun home por primeira vez dicindo sen vir a conto que vai poñerse a réxime), a comida exótica (en *Crimes and Misdemeanors* pregúntase con aparente normalidade: «Queres máis rato ao corno?»), a posta en valor comercial (cando en *Hollywood Ending* din que un filme pode atraer aos dous sexos, o director contesta «e a moitísimos máis»), etc.

En fin, como se explica en *Celebrity*, reflexión sobre a fabricación da fama, sábese moito dunha sociedade cando se observa a quen fai famosos, como por exemplo cando se fixo célebre a unha persoa en coma que non chegou a decatarse de que o era. Por isto se propón con retranca imaxinar unha sociedade na que todos sexan famosos e na que non existan os descoñecidos. Pero a ansiedade por figurar ante os demais chega ao extremo, en *Sweet and Lowdown*, cando o proxeneta é tan presumido, que se ve en perigo de ser detido ao morrer en pleno acto sexual un cliente a quen dera unha tarxeta: «Xa che dixen que un chulo non necesita tarxetas», dille alguén. Claro que ás veces se chama a atención máis por indiscreción que por vontade de facelo, como ocorre en *Zelig*: «A miña familia vivía enriba dunha boleira e eran os da boleira os que protestaban polo ruído que viña de arriba».

Autor do libro *Getting Even* (aquí significativamente titulado en castelán *Como acabar dunha vez por todas coa cultura*), Woody Allen é tamén un perfecto disector do mundo cultural e do seu ocaso social. Xa en *Bananas* alúdese a Kierkegaard neste diálogo paródico:

- Kierkegaard é un filósofo danés...
- El sería o primeiro en admitilo.

E a parodia da cultura é un recurso constante no mesmo filme, onde aparece unha orquestra tocando sen instrumentos: «Non toquen tan alto, por favor», pide o protagonista. E a cómica escena do avogado e acusado ao mesmo tempo que fai alternativamente as dúas funcións homenaxea a parodia xudicial de Orson Welles en *Mr. Arkadin*. O mesmo cineasta reaparece en *Radio Days*, cando unha muller, ofendida ante a fuxida dun pretendente asustado pola emisión radiofónica de *A guerra dos mundos* feita por Welles, di a súa familia que se volvese chamala lle comunicasen que casara cun marciano.

De feito, *The Purple Rose of Cairo* é unha magnífica parodia do cine e dos seus efectos. Así, cando o actor recibe a noticia de que o seu personaxe abandonou a cinta e saíuse da pantalla, dise:

- Co traballo que me custou que parece real, afirma o actor.
- Si? Pois pasácheste, contesta o interlocutor.

E cando o personaxe fuxitivo bica unha muller real abráiase de que ela faga o amor sen fundido, preguntándose: «E o fundido en negro?». Polo demais, na tamén paródica *Celebrity* dise que un director fixo «unha adaptación dunha secuela dun *remake*» e explícanse os mecanismos psicolóxicos da crítica a contraffio cando un crítico se cargaba todas as estreos ata que se leou cunha muller espléndida e nova: «agora encántanlle todos os filmes».

A sensación de perplexidade por intermediación cultural dase tamén en *Crimes and Misdemeanors*, a propósito da excelente carta enviada a unha amada: «Plaxieina de James Joyce. Estrañaríanche tantas referencias a Dublín». A pedantería, sempre ridiculizada, é desautorizada polo propio Marshall McLuhan en *Annie Hall* e parodiada en *Husbands and Wives*

coa invención dun cualificativo absurdo para algo inexpresable. Non obstante, ás veces a ironía é de segundo grao, como ocorre en *Hollywood Ending*, tras o gran éxito en Francia do filme feito polo director cego: «Aquí son unha pataca. Alá son un xenio. Grazas a Deus que existen os franceses». En suma, como se di en *Anything Else*, «cando alguén vomita sempre haberá outro que lle chame a isto arte».

A crítica da cultura vólvese sarcástica a miúdo, como neste exemplo de *Hannah and her Sisters*: «O malo do eterno retorno: resignarse a volver ver *The Sound of Music*». E igualmente a súa hipervaloración. Por exemplo, en *Mighty Aphrodite*, di un fan buscando nome para un fillo: «Quero poñerlle un nome dun dos meus personaxes favoritos. Qué che parece Groucho?». Mentres, en *Bullets over Broadway*, un matón asasina a pseudoactriz que tiña que protexer porque estragaba coa súa pésima actuación a obra que el mesmo axudara a re-facer. E, cando o autor e director lle recrimina o crime, afirma o asasino:

- O meu pai era afeccionado á ópera e cando un tenor facía un galo...
- Non dirás que o mataba.
- Unha vez en Palermo...

A crítica á inautenticidade do creador é tamén demoledora, sobre todo en *Hollywood Ending*, onde unha ex-esposa reprocha o comportamento extravagante con poses de xenio que tiña o seu marido: «Tiñas todos os síntomas, mais non a enfermidade». No fondo, as limitacións do home artista deshumanizado e ególatra resúmense no diálogo de dous homes sobre unha muller en *Deconstructing Harry*: «Ti pos arte na túa obra, eu póñoa na miña vida. Podo facela máis feliz».

A *psicloxía hipocondríaca* é unha das constantes que máis me fixo rir do cine de Woody Allen. Por exemplo, en *Hollywood Ending*, o protagonista nega que tivese apreensións neuróticas como «hipocondríaco creativo», pero a súa ex-muller replica enumerando: «Peste bubónica... alerxia ao osíxeno... praga dos olmos...». Non é de estrañar, pois, que a miúdo presente casos de paranoia, como o de *The Curse of the Jade Scorpion*:

- Os que pensan que todo o mundo conspira contra eles teñen un nome.
- Exacto: perspicaces.

O complexo de inferioridade, quizais o único complexo que existe no fondo, é o de superior complexidade, como se mostra neste diálogo de parella no mesmo filme:

- Es demasiado maior, demasiado feo e demasiado baixiño para min.
- Estaste deixando o mellor: tamén me estou quedando calvo.

En todo caso, en *Anything Else* chama «inframental» a quen prefire a psicanálise á vida real. Así se explica o chiste de *Annie Hall* sobre unha consulta ao psiquiatra:

- O meu irmán cre que é unha galiña.
- Pois ingrésao nun psiquiátrico.
- Faríaio, doutor, pero é que necesito os ovos.

Así é a vida: sempre necesitamos os ovos.

E tamén é significativo que se diga, na mesma cinta, que a frase «Xamais pertencería a un club que admitira como socio a unha persoa coma min», atribuída a Groucho Marx, é máis propia de Sigmund Freud.

Ademais, o *paseo polo amor, o sexo e a muller* do cine de Woody Allen foi sempre un *travelling* sobre a vida tan lúcido como divertido. O amor xa aparecía na inicial película *Take the Money and Run* coa máxima ironía: «Cando lle preguntei se quería lavarme os calzóns, nese momento sei que naceu algo entre nós». Ironía que se potencia cando o amor se asocia ao matrimonio, como en *Love and Death*: «Eu non quero casarme nunca. Só quero divorciarme». O cal pode comprenderse se lembramos a sentenza de *Husbands and Wives*: «A única vez que experimentaron un orgasmo simultáneo foi cando o xuíz lles concedeu o divorcio». Non en van unha prostituta asegura en *Shadows and Fog* que «só hai unha clase de amor que dura para sempre: o non correspondido». Tal amargura repítese en *Sweet and Lowdown* cando o cínico protagonista lle di á súa ex-moza: «A miña muller díxome que te chamara en soños. Debeu ser un pesadelo». Por isto, tamén, cando en *Another Woman* lle preguntan a un ancián se cre que podería volver namorarse, responde: «Á miña idade un espera ter alcanzado a inmunidade».

Non obstante, *Hollywood Ending* revela a perduración das coitas do amor e das coitas das vida, aínda a través de penosas lembranzas, pois falando da súa ex-muller di o protagonista:

- Faciamos o amor... Eu sostíñalle a cabeza no váter cando vomitaba.
- Por facer o amor contigo?
- Por comer *sushi*.

De feito, a suposta conversa profesional que debe manter coa ex-muller resulta constantemente interrompida por histéricos reproches («Non podo entender como puideches deixarme por...», «Como puideches ser tan estúpida...», etc.) e, finalmente, tras recuperar a visión temporalmente perdida, asegura ao redescubrir a súa beleza: «Todos os maridos deberían pasar un tempo cegos». Claro que as evidencias do amor son inescrutables, como lembra a frívola protagonista de *Anything Else*: «Estou colada por ti dende que te coñecín. Non o notabas por como te ignoraba?».

O desexo sexual, os tabús e a pseudociencia sobre o sexo é o tema obviamente anunciado de *Everything you always Wanted to Know about Sex (But were Afraid to Ask)*, mais tamén do resto do cine de Woody Allen, así que non é de estrañar que abunden as referencias aos órganos sexuais (de feito, cando no filme citado van cortar cabeza, brazos e pernas dun personaxe, este fai un significativo balance: «De seis apéndices, cinco»). Nesta liña, en *Sleeping* hai outra alusión implícita ao membro viril cando o protagonista se decata de que van simplificar o seu cerebro: «Pero se é o meu segundo órgano favorito...», protesta. E cando ve o primeiro órgano ameazado, declara que se lle queren tocar algo que lle toquen unha canción.

Mais o desexo sexual vese limitado constantemente pola realidade, como cando o protagonista de *Love and Death* reflexiona sobre un *ménage à trois* con dúas mulleres: «Eu preferiría tres, mais xa é difícil conseguir unha...». Igualmente resulta difícil o sexo para unha muller pouco atractiva, como cando ante unha invitación en tal caso dun coñecido para

saír, hai quen pregunta en *Radio Days*: «É que quedou cego?». En *Crimes and Misdemeanors* vaise máis alá e un descoñecido pretendente seduce a vítima para conseguir atala e defecar encima dela, mentres que, noutro momento, o seu pouco sedutor irmán declara: «Non estiven dentro dunha muller dende que visitei a Estatua da Liberdade». Outro problema é o da frixidez, pois en *Husbands and Wives*, un esposo só pide da súa esposa «que se mova», mentres que ela se volvía mentalmente hiperactiva durante o coito e pensaba en que coñecidos eran ourizos e en cales raposos. Polo contrario, en *Melinda & Melinda* aparece a impotencia masculina, como explica un pretendente á pretendida: «En linguaxe política direiche que necesito un pouco de incitación ao levantamento». E na mesma cinta tamén se bota de menos a paixón da muller: «A última vez que fixemos o amor quedou mirando ao infindo como se os seus pais tiveran morto nun accidente ou algo así». Mais en *The Curse of the Jade Scorpion* o frustrado protagonista ataca a frialdade da muller que o desdeña: «Os xermes non viven no seu sistema sanguíneo: demasiado frío».

Antiheroicamente, a resposta á frustración sexual é con frecuencia a masturbación como recurso egoísta: «A masturbación para min é facer o amor con alguén que amo», di o protagonista de *Annie Hall*. Por isto se engade en *Hollywood Ending*: «O máis bonito da masturbación vén despois: os agarimos». Máis ironía aínda hai cando se introduce a imaxinación e, en *Anything Else*, o onanista soña que está entre Marilyn Monroe e Sophia Loren: «É a primeira vez que traballan xuntas».

Claro que outros personaxes se caracterizan por unha grande actividade sexual, como a moza de *Husbands and Wives*, a quen di o escritor tras escoitalle o relato da súa vida amorosa: «Aí tes material para a túa novela, e para a secuela, e para unha ópera de Puccini». En *Deconstructing Harry*, o protagonista confesa que «quere follar con todas as tías» e que o encontra patolóxico: «Imaxínese se o presidente quixera follar con todas as tías... Ben, é un mal exemplo», aclara por tratarse do período presidencial de Clinton. O desexo pode ser tan desaforado que chega a expresarse con humor negro cando a modelo Charlize Theron teme contaxiar o seu arrefriado en *Celebrity* a un pretendente, que declara: «De ti contaxiaríame de cancro terminal». Porque, como se lembra en *Anything Else*, Tennessee Williams dixo que o máis contrario da morte é o desexo: «Eu desexeite dende o primeiro momento en que te vin».

E moito sexo hai tamén en torno á prostitución, tema protagonista de *Mighty Aphrodite*, onde un granxeiro protesta de que o puxeran en relación sentimental cunha puta:

—Xa che dixen que non era virxe.

—Si, pero non me dixeches cantas veces.

Á inversa, a prostituta quéixase de que queiran casala cun «puto ceboleiro» nun pobo pequeno e dedicala á cría de nenos nunha moi cómica escena de rexeitamento dos valores enxebres da América profunda, mais o casamenteiro advértelle ante a primeira cita: «E non te ofrezas para facerlle unha mamada aos cinco minutos porque cre que es perruqueira».

Tamén aparece unha prostituta, neste caso negra, en *Deconstructing Harry*, coa que o protagonista se presenta corrosivamente nun acto académico: «A miña antiga Universidade

quere facerme unha homenaxe e eu preséntome cun putón e cun cadáver». O choque entre as perspectivas dos personaxes está visible neste diálogo:

- Sabes o que é un burato negro?, pregunta el.
- Co que me gaño a vida, responde ela.

Por isto cando se di que ten un doutoramento, alguén comenta: «Non sei como faría o exame escrito, pero estou segura de que levou matrícula no oral».

O tema do prostíbulo e as súas diversas ofertas e demandas aparece en *Shadows and Fog*, onde unha prostituta asegura que o máis raro que lle pediron foi que fixese de xemelgas, sobre todo tendo en conta que o que se adoita buscar indo ao prostíbulo é a variedade. Unha destas especialidades, a felación, dá lugar a un metafórico equívoco cando unha artista de circo afirma ser tragasabres, ao que replica unha prostituta: «Tamén é a miña especialidade».

En todo caso, as mulleres son preocupación central de Woody Allen dende a súa primeira película: «Ponme nervioso o recendo que teñen», dise xa en *Take the Money and Run*. E tamén sumen na máis absurda perplexidade ao protagonista de *Love and Death*:

- Na miña alcoba á media noite, di ela.
- Estará vostede alí tamén?, pregunta el.

Por isto aparecen a miúdo como principal obxecto de desexo aos ollos masculinos, Así, en *Crimes and Misdemeanors*, unha actriz comenta que un produtor sospeitoso de cortexala só quere producirlle unha cousa, mentres que o protagonista contesta: «Claro, o teu primeiro fillo». E máis adiante insistirá o mesmo personaxe: «Dirache que quere intercambiar ideas, mais só quere intercambiar fluídos». Esta impresión aparece nunha réplica de *Alice* cando esta di que un profesor é moi profundo: «Profundo é onde quere metercha». E o gusto pola muller incuestionable aparece sen complexos en *Melinda & Melinda*, como evidencia este diálogo:

- Non é o seu tipo.
- É de tipo universal.

Non en van se cita a Camus en *Anything Else* lembrando que a muller é o único que coñeceremos do Paraíso na Terra... *Vicky Cristina Barcelona*, que vin por primeira vez na capital catalá cando se estreou, mostrou con ironía que ese Paraíso pode ser compartido por un tempo nun delicioso *ménage à trois* entre un artista de vida libre, unha pintora apaixonada e unha aventureira buscadora de experiencias, en presenza compracente dunha tímida racionalista fascinada polo vitalismo imaxinativo das formas e das cores de Gaudí e de Miró, pero reprimida polos seus grises prexuízos.

A tal alternativa erótica podería aplicarse o título da súa seguinte e divertida película de Woody Allen, *Whatever Works*, na que o lúcido nihilismo inicial desemboca con naturalidade nunha aínda máis lúcida aceptación do desexo e da diferenza, que precisamente son as materias das que está feita a vida.

Claudio Rodríguez Fer

FILMOGRAFÍA DE WOODY ALLEN

1972 *Play it Again, Sam / Sueños de seductor*, de Herbert Ross, con Woody Allen como guionista e actor

Películas dirigidas por Woody Allen (título original e título en España)

ETAPA CÓMICA con Diane Keaton, primeros años 70

1969 *Take the Money and Run / Toma el dinero y corre*
1971 *Bananas / Bananas*
1972 *Everything you always Wanted to Know about Sex (But were Afraid to Ask) / Todo lo que siempre quiso saber sobre el sexo pero nunca se atrevió a preguntar*
1973 *Sleeper / El dormilón*
1975 *Love and Death / La última noche de Boris Grushenko.*

ETAPA HUMORÍSTICO-MELODRAMÁTICA con Diane Keaton, últimos años 70

1977 *Annie Hall / Annie Hall* < separación de Diane Keaton
1978 *Interiors / Interiores* < relación con Louise Lasser
1979 *Manhattan / Manhattan* < relación con Stacey Nelkin
1980 *Stardust Memories / Recuerdos* < 8½ de Fellini.

ETAPA HUMORÍSTICO-MELODRAMÁTICA con Mia Farrow, años 80

1982 *A Midsummer Night's Sex Comedy / La comedia sexual de una noche de verano*
1983 *Zelig / Zelig*
1984 *Broadway Danny Rose / Broadway Danny Rose*
1985 *The Purple Rose of Cairo / La rosa púrpura de El Cairo*
1986 *Hannah and her Sisters / Hannah y sus hermanas*
1987 *Radio Days / Radio Days*
September / Septiembre
1988 *Another Woman / Otra mujer*
1989 *Oedipus Wrecks, en New York Stories / Edipo reprimido, en Historias de Nueva York*
Crimes and Misdemeanors / Delitos y faltas
1990 *Alice / Alice*
1992 *Shadows and Fog / Sombras y niebla*
Husbands and Wives / Maridos y mujeres.

ETAPA CÓMICO-HUMORÍSTICA (Época con Soon-Yi, 1993-2004)

1993 *Manhattan Murder Mystery / Misterioso asesinato en Manhattan*
1994 *Bullets over Broadway / Bullets over Broadway*
1995 *Mighty Aphrodite / Mighty Aphrodite*
1996 *Everyone Says I Love You / Todos dicen I Love You*
1997 *Deconstructing Harry / Deconstructing Harry*
1998 *Celebrity / Celebrity*
1999 *Sweet and Lowdown / Acordes y desacuerdos*
2000 *Small time Crooks / Granujas de medio pelo*

Teoría da relatividade humorística de Woody Allen

- 2001 *The Curse of the Jade Scorpion / La maldición del escorpión de jade*
- 2002 *Hollywood Ending / Un final made in Hollywood*
- 2003 *Anything Else / Todo lo demás*
- 2004 *Melinda & Melinda / Melinda y Melinda.*

ETAPA DRAMÁTICO-HUMORÍSTICA (Época das cidades de Europa, 2005-hoxe)

- 2005 *Match Point / Match Point*
- 2006 *Scoop / Scoop*
- 2007 *Cassandra's Dream / El sueño de Cassandra*
- 2008 *Vicky Cristina Barcelona / Vicky Cristina Barcelona*
- 2009 *Whatever Works / Si la cosa funciona*
- 2010 *You Will Meet a Tall Dark Stranger / Conocerás al hombre de tus sueños*
- 2011 *Midnight in Paris / Medianoche en París*
- 2012 *To Rome with love / A Roma con amor*
- 2013 *Blue Jasmine / Blue Jasmine*
- 2014 *Magic in the Moonlight / Magia a la luz de la luna*
- 2015 *Irrational Man / Irrational Man.*

Humor e enxeño (*Witz*) nos escritos de Immanuel Kant

María Xesús VÁZQUEZ LOBEIRAS
Universidade de Santiago de Compostela

[...] *¿será posible dexerga-lo verdadeiro ser do humor,
acadando o que aínda ninguén acadou?*
Celestino Fernández de la Vega

O propósito deste traballo é presentar unha face moi escasamente coñecida da obra de Immanuel Kant: o seu pensamento sobre o humor. Quixera, ao mesmo tempo, ampliar un anaco as perspectivas que se nos abren para a reflexión filosófica no senlleiro ensaio titulado *O segredo do humor*, do pensador lucense Celestino Fernández de la Vega. Atrévome a dicir, e estou practicamente segura, de que poucos lectores do presente traballo relacionarían a Kant coa temática do humor. Agardo logo ser quen de amosar algo interesante, tanto respecto de Kant, como no atinente ao mundo da ilustración do século XVIII europeo.

De xeito preliminar introduciré unha reflexión sobre o enorme acerto que tivo Celestino Fernández de la Vega coa escolla do seu tema. A continuación presentarei brevemente o que Kant di sobre o humor e rematarei con algunhas ideas a modo de conclusión.

1. O ACERTO DE CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA OU O ENCONTRO ENTRE A FILOSOFÍA E O HUMOR

Celestino Fernández de la Vega tivo un acerto marabilloso cando decidiu tratar o tema do humor dende un punto de vista filosófico. *O segredo do humor*¹ viu a luz no ano 1963. A súa orixe é ben coñecida²: os fundadores da editorial Galaxia decidiron, nos primeiros intres da súa andaina, adicar varios volumes colectivos a certos temas que, segundo eles, identifican trazos fundamentais da cultura e da idiosincrasia galega, temas como Rosalía, a saudade, a paisaxe e o humor. A diferenza dos outros casos, a temática do humor non derivou

¹ A partir de aquí úsase a abreviatura *OSH* para a obra principal de Celestino Fernández de la Vega.

² Cf. o meu traballo, neste mesmo foro dos Cursos de Primavera da Facultade de Humanidades titulado *Lecturas cervantinas lucenses* (no prelo).

finalmente nun volume colectivo, senón que o encargo recaeu exclusivamente sobre Celestino Fernández de la Vega (1983: 9ss.)³.

O certo é que Cilistro⁴ fixo un tratamento do tema bastante alonxado, ao meu ver, do propósito inicial, porque non se limita, nin moito menos, a analizar as manifestacións específicas do humor na cultura de Galicia, senón que, levado polo punto de vista característico da filosofía, é dicir, o punto de vista sempre máis amplo e universal, o que fai é reflexionar sobre o humor tomando este fenómeno como un trazo antropolóxico xenuíno, ou sexa, como unha característica definitoria do ser humano —de tódolos seres humanos—. Xa dende as primeiras liñas do primeiro apartado do ensaio, na por el denominada *Prelusión*, Cilistro manifesta a súa filiación co punto de vista antropolóxico: «¿hai algo máis urxente e necesario para o home que o saber de sí mesmo, a antropoloxía?» (*op. cit.*: 13). Estase a referir á disciplina coñecida como «antropoloxía filosófica», que no período de transición entre os séculos XIX e XX puxaba con outros enfoques filosóficos colindantes como a filosofía da cultura ou a fenomenoloxía por ocupar o lugar que a tradición filosófica lle asignaba á metafísica: o lugar da *philosophia prima* (filosofía «primeira» ou filosofía fundamental). Pouco ten que ver a disciplina denominada «antropoloxía filosófica» con outras variantes, como poden ser a antropoloxía social ou cultural. Nesas mesmas páxinas iniciais do ensaio Cilistro menciona, por exemplo, a Scheler⁵, e mais adiante adicará algunhas páxinas a outro autor tan importante dentro da antropoloxía filosófica como Plessner⁶. Cabe sinalar que a antropoloxía filosófica tivo no eido do ensaio galego cultivadores tan salientables como Rof Carballo⁷ ou García Sabell⁸, amboaldous cun trato tanto intelectual como persoal moi próximo a Celestino Fernández de la Vega⁹.

O que compre suliñar agora unha vez máis é o seguinte: Cilistro non se atén estritamente ao enfoque ao que fai referencia Ramón Piñeiro no *Limiar* de *OSH*, e que correspondería ás directrices preliminares da editorial Galaxia: «[...] demos no acordo de publicar unha

³ As citas fanse con referencia á edición consignada na bibliografía.

⁴ Por mor da brevidade, permítome a licencia de utilizar neste relatorio de cando en vez este apodo co que se dirixían a él o seus amigos: Cilistro.

⁵ Max Scheler (1874-1928), pensador alemán senlleiro nos eidos da fenomenoloxía, a antropoloxía filosófica e a filosofía da relixión. Aplica o método fenomenolóxico á investigación das emocións e os valores e acada unha nova fundamentación da ética como ética material dos valores.

⁶ Helmuth Plessner (1892-1985), considerado como un dos fundadores da antropoloxía filosófica acaba desenvolvendo esta disciplina na dirección da antropoloxía biolóxica, centrándose na análise de diferentes formas de vida coa axuda do concepto fenomenolóxico de intencionalidade como autoposicionamento.

⁷ Juan Rof Carballo (1905-1994), médico e ensaísta, formado en Compostela, en Europa e en USA, é un dos promotores da medicina psicosomática de orientación humanista. Chegou a ser membro da RAE, ocupando o sillón «L». Entre as súas obras destacan títulos como *Patología psicosomática* (1949), *Cerebro interno y mundo emocional* (1952), *Urdimbre afectiva y enfermedad* (1964).

⁸ Domingo García Sabell (1908-2003), médico, ensaísta e político, foi director da editorial Galaxia. Entre as súas obras destacan *Tres síntomas de Europa: Joyce, Van Gogh y Sartre* (1968), *Pintura como comunicación* (1971), *Notas para una antropología del hombre gallego* (1972), *Análisis existencial del hombre gallego enfermo* (1991), *Os gromos do pensamento* (1996).

⁹ Teño para min que aínda falta un bó traballo de investigación (p. ex., unha tese) sobre a recepción da antropoloxía filosófica entre este grupo de pensadores e ensaístas galegos, mais esta é fariña doutro costal.

serie de tomos colectivos nos que se fosen estudando temas fundamentais da cultura galega» (Piñeiro 1983: 9), senón que aborda o humor como un tema que ten que ver coa condición humana en xeral, igual que outros grandes temas da filosofía, como a linguaxe, o pensamento, a cidadanía, a liberdade, a eticidade... Este foi, dende o meu punto de vista, o grande acerto de Celestino Fernández de la Vega: o ter acadado, de feito, este enfoque universal característico da filosofía, tal como el dixo: «supoñendo que lle concedamos ó humor esa importancia que ás veces se lle nega» (Fernández de la Vega, 1983: 14).

Eu adoito dicirlles aos meus alumnos e alumnas que os filósofos nunca inventan nada; simplemente poñen ao descuberto algo que sempre estivo aí, son capaces de velo baixo a óptica da contemplación reflexiva e de teorizar sobre elo. Así, por exemplo, a natureza existía xa, obviamente, antes de que os primeiros filósofos da tradición occidental, os presocráticos, empezaran a indagar sobre ela, sobre a *physis*; do mesmo xeito a vida colectiva dos grupos humanos existía xa cando Platón decidiu tratar de esclarecer os seus fundamentos; a linguaxe existía e o ser humano falaba xa dende sempre, e por suposto dende antes de que os sofistas e Aristóteles fixeran saltar o asunto á palestra filosófica. Ou, botando unha ollada aos grandes temas do pensamento contemporáneo: os seres humanos traballaron sempre, moito antes de que Karl Marx se puxera a esclarecer en que medida este feito condiciona a nosa existencia; a historia humana data do principio dos tempos, dende moito antes de que Hegel, o propio Marx, Dilthey ou mesmo Heidegger puxeran a súa ollada filosófica sobre ela. Do mesmo xeito o humor existiu sempre, aló onde houbera seres humanos, mais foi Celestino Fernández de la Vega —e ningún outro— o que lle deu a este tema a entidade filosófica que lle compre. O seu ensaio, *OSH*, non é logo un ensaio sobre o humorismo galego, por moito que esta manifestación particular do humor e esta característica tan doadamente recoñecible da alma galega apareza tratada, de feito, ao final do ensaio, mais en apenas catro páxinas, baixo a rúbrica «Humoristas galegos» (*op. cit.*: 165-8), onde se fala moi brevemente de Castela, Camba, Fernández Flórez, Luis Taboada, Valle Inclán, Cunqueiro ou da ineludíbel retranca.

A óptica de Cilistro é, como digo, moitísimo mais ampla. Moitos son os nomes de autores literarios e pensadores que desfilan polas páxinas do ensaio, como referentes, dun xeito ou outro, da temática do humor, ben sexa porque aportaron unha boa definición deste fenómeno, ben porque realizaron unha achega creativa que serve como expresión do humor. Como ben sabemos, a obra que Celestino Fernández de la Vega toma como referente fundamental para a súa teoría sobre o humor e o *Quixote*¹⁰. Entre os pensadores citados por Cilistro con referencia ao humor atopamos a Schopenhauer, Hegel, Lipps, Bergson, Freud, Jünger, ou o xa citado Plessner. Mais por ningures aparece o nome de Kant. Non podemos, porén, considerar este feito como un desleixo, e moito menos como un desleixo grave de Cilistro, porque, como xa dixen ao principio, non resulta ningunha obviedade que o pensamento de Kant teña algo que ver co humor. Mais ben Kant adoita ser citado como o pensador «serio»

¹⁰ Por este motivo, na edición precedente do Curso de Primavera, na que se conmemoraba o cuarto centenario da segunda edición do *Quixote*, presentei xa un traballo sobre *OSH* (*cf.* n. 2).

por excelencia, que escribiu obras nada doadas de ler¹¹, que representan o cumio do pensamento moderno e abren as portas do mundo contemporáneo. Kant, o pensador do imperativo categórico que nos convida, no ámbito da moral, a antepoñer sempre o estrito cumprimento do deber a calquera outra meta na nosa vida.

A imaxe de Kant como un home serio é correcta, en realidade o adxectivo «serio», cómprelle a tódolos filósofos verdadeiros —e ás filósofas tamén—. Lembro agora as veces que tiveron ocasión de participar en seminarios do eminente catedrático de filosofía antiga da Univ. Complutense de Madrid, xa emérito, Tomás Calvo Martínez, que nos meus anos de estudante era convidado con asiduidade á nosa universidade: un grande especialista en pensamento antigo e reputado tradutor de Aristóteles ao español, que nos recordaba sempre, que tanto Platón como Aristóteles utilizan, en referencia ao talante dos filósofos, o adxectivo substantivado *spoudaios*, que admite diversas traducións, dende «home sabio», ata «home serio e nobre». Mais recentemente, o estudoso Pablo Maurette opta pola tradución de *spoudaios* como «home circunspecto», e proporciona a seguinte aclaración: «Aquí se ha escogido el giro “hombre circunspecto” ya que este adjetivo en castellano expresa a la vez la idea de sabiduría, pero también, y especialmente, anuncia seriedad, paz interior y perseverancia» (Maurette 2004: 310).

A cualificación de «serio» ou «circunspecto» cómprelle tanto a Kant como a Celestino Fernández de la Vega, pois ámbolos dous tomaron moi en serio a tarefa filosófica que se propuxeron. Así, Fernández de la Vega sinala nas páxinas iniciais do seu ensaio, que do que se trata precisamente é de «tomar en serio o humor» (Fernández de la Vega 1983: 11) e faíno mediante unha cita do teórico da literatura e xornalista alemán Ernst Stein¹², que coloca, xunto con outras, no frontispicio da súa obra: «Humor ist Ernst zu nehmen» / «O humor fai falla tomalo en serio» —segundo a tradución do propio Cilistro (*ibid.*)—. Mais, ¿que ten que ver a obra de Immanuel Kant coa temática do humor?

2. HUMOR E ENXEÑO (WITZ) NO PENSAMENTO DE IMMANUEL KANT

O termo «humor» aparece no título deste traballo asociado a «enxeño», en alemán *Witz*. O sustantivo *Witz*, en alemán, é polisémico, significa de feito tanto a facultade psíquica do enxeño, como chiste ou a broma. Certamente non resulta doado asociar o pensamento de Kant con esta temática. Así e todo os lectores mais avezados da súa obra principal, a *Crítica da razón pura* (1781), lembrarán a pasaxe na que Kant explica a función da facultade de xulgar (*Urteilskraft*), como: «a facultade de subsumir baixo regras, é decir, a facultade de discernir se algo cae baixo unha regra dada ou non» (*KrV*, A 133/B 172)¹³. Na mesma pasaxe

¹¹ Sobre o talante persoal de Immanuel Kant e sobre as dificultades da súa filosofía cf. Vázquez Lobeiras (2005: 19ss).

¹² Así reza o título dun artigo de Ernst Stein no xornal *Die Zeit*, do 13 de novembro de 1959. Celestino Fernández de la Vega estaba subscrito a este xornal alemán e ben puido extraer del a frase que coloca, xunto con outras, como lemas da súa obra.

¹³ Para citar a *Crítica da razón pura* úsase a abreviatura usual do título en alemán *KrV*, seguida da paxinación da primeira edición (A) e da segunda edición (B), tal como se adoita facer no eido dos estudos kantianos.

pon como exemplo do exercicio desta facultade a capacidade dun xuíz de deslindar si un caso concreto cae baixo unha determinada norma, e si se lle pode, por tanto, aplicar dita norma, ou o dun médico que é quen de discernir si un conxunto de síntomas cae baixo a etioloxía dunha determinada enfermidade ou non. Neste contexto aparece a expresión *Witz*, en concreto na palabra composta *Mutterwitz* (de *Mutter*=nai e *Witz*=enxeño), que, traducida literalmente, sería algo así como «enxeño-nai», pero que se debe traducir por «enxeño natural»; poderíamos dicir tamén «agudeza natural»¹⁴. No dicionario Slabý-Grossmann aparecen outras acepcións de *Mutterwitz*, como «gracia natural», «salero» ou «chispa» (cf. Slabý-Grossmann 1991: 751)¹⁵. Kant pon en relación nesta pasaxe a noción de xuízo (*Urteilkraft*) e a noción de enxeño (*Mutterwitz*) do xeito seguinte: «o xuízo é un talento particular, que non pode ser aprendido senón unicamente exercitado. É por elo o característico do chamado enxeño natural (*des Mutterwitzes*), cuxa carencia ningunha escola pode substituír» (*KrV*, A 134/B 173). E dicir, nin o xuíz nin o médico poden aprender a facer ben o seu traballo se carecen deste talento ou enxeño natural. Pois ben, ata aquí chega todo o que Kant escribiu sobre o enxeño na súa obra principal: o fenómeno do humor non ten aparecido aínda por ningures. E se lemos o resto da obra publicada por Kant, pouco máis atoparemos. Mais o caso é que os testemuños sobre o pensamento de Kant non se atopan unicamente na súa obra publicada, senón nun conxunto inxente de materiais que forman parte do seu legado póstumo (*Nachlass*) e que na súa meirande parte derivan da actividade de Kant como profesor universitario¹⁶. É nestes materiais, e mais concretamente no *corpus* de antropoloxía, onde debemos buscar as disquisicións de Kant sobre o humor. Non é de estrañar que Celestino Fernández de la Vega non cite a Kant entre os pensadores que teñen feito achegas sobre o humor, posto que el non coñeceu estes materiais. Unha parte importante dos mesmos veñen de ser publicados aínda moi recentemente, no ano 1997, no marco da edición canónica das obras completas de Kant coñecida como edición da academia (*Akademie-Ausgabe*)¹⁷. Cabe subliñar que estou a falar de edición de textos orixinais en alemán, con tradución ao español destes materiais cóntase aínda escasamente¹⁸. Resulta mais que obvio que Celestino, que faleceu no ano

¹⁴ Sobre o estreito vínculo do «enxeño» e da «agudeza», cf., p. ex., o título da obra de Baltasar Gracián *Agudeza y arte de ingenio* (Huesca, 1648).

¹⁵ Tradutores da obra principal de Kant ao castelán tan reputados como Pedro Ribas (1995) ou Mario Caimi (2007) optan ámbolos dous pola expresión castelá «ingenio natural» para a alemana *Mutterwitz*.

¹⁶ Sobre a tipoloxía destes materiais (apuntamentos de leccións universitarias ou *Vorlesungsnachschriften* e pequenas notas manuscritas ou *Reflexionen*) e sobre a súa utilidade para a investigación do pensamento de Kant cf. Vázquez Lobeiras (2000: 16ss.).

¹⁷ Iniciada pola Academia das Ciencias de Prusia, actualmente chamada de Berlín-Brandemburgo. As *Lecções de antropoloxía* citanse segundo esta edición, e de consuno coas convencións para a citación establecidas pola revista *Kant-Studien*: a abreviatura AA designa a edición da Academia, a abreviatura *V-Anth* indica que se trata dunha lección de antropoloxía. Seguidamente aparece a denominación desa lección tamén en abreviatura, polo xeral trátase do apelido do estudante que preparou eses apuntamentos e que os transmitiu.

¹⁸ Kant mesmo preparou a edición do manual de antropoloxía coñecido como *Antropoloxía en sentido pragmático*, que viu a luz no ano 1798 e que posteriormente se integraría no apartado de obras publicadas polo propio Kant, aínda que en realidade o texto procedía de apuntamentos tomados polos alumnos na aula. Existen varias traducións ao castelán do mesmo, así, p. ex., a de José Gaos (1935) e a de Mario Caimi (2009). Mais recentemente Manuel Sánchez Rodríguez (2015) publicou unha selección de fragmentos das *Lecções de*

1986, non podía coñecer uns textos que foron publicados once anos mais tarde. E moito menos podía coñecerlos corenta anos antes, cando se ocupaba da redacción de *OSH*. Queda polo tanto escusado de non citar a Kant.

Antes de expor e analizar que é o que nos di Kant sobre o humor nestes textos, compre facer unha breve introdución á súa actividade como profesor universitario da que se derivan directamente os materiais que compoñen o *corpus* de antropoloxía e outros moitos (cf. Vázquez Lobeiras 2000: 16-7).

3. KANT: O PRIMEIRO PROFESOR UNIVERSITARIO DE ANTROPOLOXÍA

Immanuel Kant non foi únicamente un filósofo sobranceiro onde os haxa, senón que exerceu durante case que toda a súa vida como profesor na mesma universidade que o acollera previamente como alumno: a Universidade Albertina de Königsberg. Os dous tipos principais de escritos que derivan desta actividade son os apuntamentos das súas leccións, recollidos polos seus alumnos (*Vorlesungsnachschriften*) e as denominadas *Reflexions* (*Reflexionen*): breves notas que Kant escribía para a preparación das súas aulas, as veces en pequenas cuartillas, en anacos de papel calesquera, pero a meirande parte das veces nas beiras e nas entreliñas dos manuais que empregaba para dar as súas aulas, ou ben nas páxinas en branco intercaladas entre dúas páxinas escritas, que era a forma característica de publicar estes manuais, como unha especie de híbrido entre libro e libreta, cunha páxina en branco intercalada entre dúas páxinas impresas, na que o estudoso podía face-las súas anotacións. Cabe subliñar que o número de páxinas derivadas da actividade docente de Kant é moito maior que o das obras que el mesmo preparou para a imprenta. Así, dos vinte e nove volumes que compoñen en total a edición das obras completas, só os nove primeiros corresponden a obras publicadas por Kant; o resto dos volumes —en moitas ocasións divididos en grosos subvolumes— conteñen escritos derivados na súa meirande parte da actividade docente. Os temas tratados nestes materiais correspóndense cos cursos universitarios que Kant tivo que impartir ao longo da súa vida, que foron moitos e moi variados, xa que naquela época os profesores estaban obrigados a rotar por tódalas materias que ofertaba a súa facultade, e a facultade de filosofía era algo bastante parecido ao que son hoxe as facultades de humanidades, ou, se cadra, tiña aínda unha orientación máis interdisciplinar, pois daba acubillo a todo o que non se axeitase ás outras tres facultades que existían no sistema universitario alemán da época: a de teoloxía, para formar aos predicadores, a de medicina, para os médicos e a de dereito, para os xuristas e os funcionarios. Na facultade de filosofía ofertábanse cursos non soamente de lóxica, metafísica, ética, filosofía do dereito, ou filosofía da relixión (materias todas elas impartidas por Kant), senón tamén de outras materias como matemáticas, física, e incluso fortificacións (tamén todas elas tiveron que ser impartidas por Kant, xa que os profesores tiñan a obriga de impartir tódalas materias e ían rotando dunhas noutras en anos sucesivos). De todas estes cursos consérvanse exemplares de apuntamentos universitarios. Mais a vida universitaria de

antropoloxía e tamén das *Reflexions*. Alejandro García Mayo (2012) editou en español a *Antropología Collins*. Non existen traducións ao galego destas obras. As traducións de fragmentos que se brindarán aquí son propias.

Kant é meritoria por un feito moi concreto: el mesmo propuxo dúas materias que ata aquel momento non se impartían na universidade e foi o primeiro en facerse cargo delas. Trátase nin máis nin menos que do curso de xeografía (física e humana) e do curso de antropoloxía, que Kant denominaba «antropoloxía en senso pragmático». Kant foi, deste xeito, o primeiro profesor de antropoloxía do mundo e asemade o primeiro profesor de xeografía. Cabe salientar que Kant ideou estes cursos co propósito de resolver o que consideraba un grave déficit da universidade do momento. A ilustración foi unha época de fondos cambios no eido político e social, que por forza tiñan que afectar á administración institucional dos saberes. A universidade é unha institución de orixe tardomedieval, que chega ao século XVIII cun pesado lastre de tradicionalismo e clericalismo e que resulta pouco permeable á eclosión de novos saberes que se ven producindo desde os albores da modernidade e que florecen con especial intensidade no século das luces. Os coñecementos máis vangardistas atopan acubillo naqueles sectores da sociedade que constitúen por si mesmos os motores do cambio, tales como unha aristocracia que puxa por desfacerse das influencias clericais e unha burguesía que teima por roubarlle o protagonismo social á aristocracia. Os famosos salóns, en moitas ocasións promovidos por mulleres de alcurnia, cultas e progresistas, constitúen os fogóns onde ferve o coñecemento e onde se poñen en común e se transmiten cara ao resto da sociedade as novidades mais salientables en tódolos ámbitos do saber.

Dende o punto de vista da súa posición social, Kant é un home de orixes moi humildes, fillo dun artesán guarnicioneiro e nado na rúa dos guarnicioneiros de Königsberg, que en virtude das súas capacidades intelectuais logra ascender socialmente converténdose en profesor dunha universidade que ten como alumnos sobre todo a xoves aristócratas e fillos de terratenentes, militares, comerciantes, profesionais liberais ou mesmo fillos de cregos protestantes —alumnas, por certo, non ten—. Mais a Kant, en virtude da súa formación e non en menor medida do seu humor e do seu enxeño, ábrenselle as portas do pazo dos condes de Keyserling, onde a señora condesa mantén un deses salóns característicos da época. A vida de Kant transcorre entre a universidade e eses novos centros de ilustración nas casas mais acomodadas da cidade. El mesmo, no momento en que o seu salario lle permite desfrutar dun certo benestar e acomodo, convirte a súa casa, na *Prinzessinnenstrasse* (rúa das Princesas) de Königsberg, nun centro de reunión e faladoiro arredor da mesa do almorzo. Pois ben, Kant, que era claramente un home de mundo aínda que nunca saíra de Königsberg, pensaba que a universidade ofrecía unha formación demasiado aferrada á tradición e moi alonxada do mundo, e dicir, do verdadeiro escenario dos asuntos humanos, e que, para subsanar este déficit, era preciso aportarlles aos estudantes un tipo de coñecementos, que el mesmo chama *Weltkenntnis* (coñecementos mundanos). Trátase de coñecementos que pivotan en esencia sobre o ser humano: sobre os seus comportamentos e actitudes, sobre os seus fins, sobre os seus costumes, e tamén sobre a súa contorna, xa que o desenvolvemento humano depende en grande medida de factores como a situación e características xeográficas: clima, tipo de rexión (continental, marítima, fluvial, etc.). Os novos cursos de xeografía e antropoloxía son, para Kant, o expoñente deste tipo de saberes «mundanos».

A antropoloxía en senso pragmático ten que ver, segundo Kant, co que o ser humano «como ente que actúa libremente, fai, ou pode e debe facer de si mesmo» (Kant 2010: 12); trátase dunha ciencia que «contén o coñecemento do ser humano en canto cidadán do mundo»

(*ibid.*) e que ten como fonte e laboratorio primordial «o trato cos concidadáns ou compatriotas» (*op. cit.*: 13) e como ferramentas auxiliares: «o viaxar [...] aínda que non sexa mais que ler relatos de viaxes» (*ibid.*) e «a historia mundial, as biografías, incluso as obras de teatro e as novelas» (*op. cit.*: 14-5). Trátase, en definitiva: «da observación do verdadeiro obrar e omitir do ser humano» (*op. cit.*, p. 15). É neste contexto onde debemos buscar as observacións de Kant sobre o humor.

4. O HUMOR NAS LECCIÓNS DE ANTROPOLOXÍA DE KANT

No caso da antropoloxía Kant desenvolve algúns dos contidos do curso tomando como referencia un apartado do manual que empregaba para as aulas de metafísica. A *Metaphysica* de Baumgarten¹⁹, en concreto o apartado da psicoloxía empírica, que era á súa vez unha disciplina que acababa de nacer das mans de Christian Wolff²⁰. Sen entrar en máis detalles historiográficos, cómpre sinalar unicamente que unha parte dos contidos da lección de antropoloxía que, como vimos, ten como finalidade fundamental coñecer ao ser humano, para que este poda modelarse ou facerse a si mesmo como cidadán do mundo, é dicir, en convivencia cos demais, son contidos de psicoloxía, que na época tomaba como punto de partida un conxunto de facultades psíquicas ás que se lles atribuían funcións específicas relacionadas co coñecemento, co sentimento, co goce estético, etc. Así tódolos exemplares conservados de leccións de antropoloxía conteñen apartados adicados á sensibilidade, ao entendemento, á conciencia, aos cinco sentidos, á imaxinación, á facultade cognoscitiva, á facultade de designar, as emocións, as paixóns, etc. E entre eses apartados aparece sempre un adicado ao ensino (*Witz*). En varios dos exemplares conservados este apartado vai seguido doutro adicado

